

# MEMORIA

CRA RAÍÑA ARAGONTA



CURSO 2023/2024

## ÍNDICE

1. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.....	3
1.1. HORARIOS E CRITERIOS PEDAGÓXICOS.....	3
1.2. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS .....	6
2. PLANO DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO.....	10
3.ASUNTO ECONÓMICO.....	11
4. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS E COLEXIADOS E DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	17
5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.....	19
5.1. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN .....	19
5.2. MEMORIA DA ESPECIALIDADE DE AUDICIÓE LINGUAXE .....	23
5.3. MEMORIA DA ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA .....	29
6. MEMORIA DE EQUIPO DE CICLO .....	34
7. MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA .....	39
8. MEMORIA DO EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	42
9. PLANO DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE.....	45
10. MEMORIA DAS DIFERENTES ESPECIALIDADES E DINAMIZACIÓNS.....	47
ESPECIALIDADE MÚSICA.....	47
ESPECIALIDADE EDUCACIÓE FÍSICA .....	51
ESPECIALIDADE RELIXIÓE .....	53
ESPECIALIDADE LINGUA ESTRANXEIRA.....	54
DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA .....	56
DINAMIZACIÓN TICS.....	68
ANEXOS 1: .....	70
MEMORIA PLURINFANTIL.....	71
MEMORIA ANPA .....	72
MEMORIA CONCELLO:.....	75
ANEXOS 2:.....	77
INFORME MEMORIA FINAL.....	78

## **1. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO**

### **1.1. HORARIOS E CRITERIOS PEDAGÓXICOS**

Ao longo do curso 2023/2024 no CRA Raíña Aragonta continuamos con xornada única de mañá, sendo o horario do centro de 9:15 a 14:15 horas.

As actividades que se realizan ao longo destas cinco horas lectivas son múltiples e variadas, tendo como finalidade en todas elas, a consecución dos obxectivos básicos propios desta etapa de educación infantil e o achegamento ás competencias básicas, así como ao desenvolvemento emocional dos nenos e nenas. A maior parte das actividades que se desenvolven dentro do centro están englobadas en diferentes proxectos que se levan a cabo nas distintas aulas, tendo en conta que esta é a base fundamental da metodoloxía de traballo deste centro de ensino, marcado por un carácter basicamente construtivista e centrado ademais no campo da intelixencia emocional.

Dentro do que comprende unha xornada escolar podemos destacar unha serie de actividades que se levan a cabo de xeito habitual, como son:

- ✓ Acollida dos nenos e nenas.
- ✓ Asemblea.
- ✓ Presentación e traballo sobre o tema que nos ocupa no proxecto.
- ✓ Xogo por recunchos.
- ✓ Merenda e patio.
- ✓ Relaxación.
- ✓ Lectura e dramatización dun conto.
- ✓ Traballo con materiais de manipulación.
- ✓ Actividades de robótica.
- ✓ Actividades medioambientais.
- ✓ Actividades de psicomotricidade, relaxación e ioga.
- ✓ Actividades de expresión musical e danza.
- ✓ Uso das novas tecnoloxías a través de tablets, PDI, PC's de aula, paneis

dixitais, entre outros.

Durante este curso escolar non foi preciso elaborar un protocolo de adaptación ao Contexto Covid-19 pero pese a non ter a obriga de contar con este tipo de protocolo, se siguen realizando as seguintes accións que promoven hábitos de vida saudables:

✓ Limpeza de mans periódica.

Nesta xornada contéplase unha hora de merenda e recreo que comprende das 11:15 ás 12:15 horas. Seguimos coa dinámica respecto do patio recuperada o ano pasado cos patios conxuntos na sede do CRA Raíña Aragonta polo que non foi preciso establecer turnos nin de patio nin de merenda.

A merenda pode ser dentro das aulas ou nunha zona de patio establecida, a mesma para todas as aulas (preferentemente Pista 2).

Os días de choiva tivéronse que facer rexistros de uso de patio cuberto para poder empregalo polo máximo número de grupos de xeito seguro. Así mesmo seguíuse a contar con 2 zonas dentro do edificio (Ximnasio e rincóns entrada) para que o alumnado poida ter un lugar no que pasar o tempo de lecer os días de choiva (nestes espazos se revisa periódicamente o material co que conta e se mercan novos xoguetes adaptados á idade e ao espazo). As diferentes aulas da sede foron alternando o uso do patio cuberto con estas zonas de xogo ao longo do curso.

Nas aulas de parroquia a merenda faise de 11:30 a 12:00 horas, tendo en conta os tempos de desprazamento do profesorado itinerante que imparte docencia nestas aulas.

O horario do profesorado complementábase ademais con dúas horas os martes pola tarde de 16:00 a 18:00 horas, dedicado na primeira hora da tarde a atención a nais e pais, e a segunda hora a reunión das distintas coordinacións

e dinamizacións. Durante o curso actual o profesorado continuou a realizar as gardas de actividades extraescolares coa organización e días establecidas nos plans de centro.

## **1.2. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS**

Ao longo do curso escolar 2023/2024, e a cargo da partida anual de gastos de funcionamento do centro, leváronse a cabo diferentes melloras.

Neste curso comezous e empregar o espazo para a radio escolar co que conta o centro na Sede do CRA coa creación, dentro do equipo de biblioteca, dun equipo de radio escolar. Neste espazo seguiron a relaizarse melloras na súa dotación técnica para adecuala ás necesidade do alumnado.

Está previsto, na derradeira semana de xuño, o cambio doutro dos tramos de caleiros da sede. Estas melloras que son necesarias implican un alto desenvolvo económico para o centro e solicítase ao concello que se encargue do mantemento, limpeza e revisión para evitar que se deteriorenen.

Un dos espazos da sede pasou a empregarse para usos múltiples podendo así dispoñer dun espazo no que as aulas de sede poden realizar diferentes talleres cos/coas seus/súas alumnos/as. En función do número de unidades que finalmente teña o centro no vindeiro curso escolar 24-25 este espazo poderá manter o actual estado ou terá que ser empregado como aula dun grupo.

En relación a isto, a aula nº 6 que actualmente se está empregando para impartir a materia de inglés pasará o vindeiro curso 24-25 a ser aula dun dos grupo de 4º de educación infantil da sede. No comezo do curso 24-25 de tomarán as medidas necesarias respecto do lugar de docencia da área de inglés aos grupos da sede.

Outro dos aspectos a destacar foi a mellora constante dos patios, tanto de sede coma de parroquias, nos cales se mercaron novos recursos (casiñas de madeira e mesas) e se reestructuraron as zonas de xogo.

En relación a material informático debemos destacar este ano foi moi pouca a adquisición deste tipo de material posto que a mesma se paralizou debido a que consellería dotou a todas as aulas de 1 pc de sobremesa completo (para uso do alumnado) e un panel dixital interactivo de 75 polgadas. Pese a isto, o centro considerou necesario a dotación dunha tablet de aula para cada un dos grupo so CRA para poder empregar estas tecnoloxías directamente polo alumnado. A valoración desta adquisición é boa polo que para futuros cursos se continuará a valorar novas adquisicións neste campo.

Ao inicio do curso 24-25 se valorará a conveniencia de mercar unha nova fotocopiadora para a sede debido a que unha das actuais xa conta con moitas horas de funcionamento.

Dando continuidade ao iniciado no curso pasado o equipo directivo en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro, centrou os seus esforzos en continuar ofertando novos recursos (xogos sensoriais e manipulativos) así como na xestión o máis eficiente posible do espazo dispoñible.

Resaltar que foron atendidas, segundo a dispoñibilidade do persoal do concello, as demandas que as aulas de parroquias foron realizando ao longo do curso.

Tamén se adquiriron varios radiadores e deshumidificadores para as aulas de parroquias e sede que o precisaron tratando de dar resposta desde o centro ás solicitudes feitas por todos/as os/as mestres/as.

Hai que destacar no que respecta ao mantemento das instalacións por parte do concello, que ao longo deste curso, trasladáronse diferentes solicitudes que se foron intentando responder ben cos propios medios cos que conta o concello ben con empresas externas.

En relación co anterior, recollemos na seguinte táboas algunhas das necesidades que foron trasladadas ao concello e o seu estado:

<b>Necesidade</b>	<b>Necesidade Atendida (SI/NON)</b>
Reparacións varias que se comunicaron á dirección do centro por parte do profesorado e que non poden ser previstas.	SI. Foron atendidas segundo a dispoñibilidade de persoal do concello.
Dotar dun conserxe único á sede do CRA	NON. Non atendida (lévase reclamando varios anos).
Cuberta para a pista 2 da Sede	SI. Atendida e á espera de manter unha reunión co concello na que valorar as diferentes opcións. arcialmente atendida. Foi elaborado un proxecto polo concello de Salceda de Caselas pero non existe financiación para executar ese poxecto.
Adaptación dun espazo na Sede para o novo armario de comunicacións (RAC)	SI. Atendida
Elaboración dun plan de mellora dos patios das aulas de parroquias	SI. En proceso de elaboración.
Limpeza diaria a media mañá dos patios da sede	SI. Atendida. Dúas persoas acuden todos os días lectivos a limpar os baños da sede unha vez remata o recreo.
Estudo da inclusión dun baño de adultos no aseo da aula de Entenza.	SI. Esta necesidade será resolta coa modificación que a comunidade de montes realizará no verán de 2024.
Necesidade de arranxos para Verán 2023	Comunicaránse unha vez informado o claustro e o consello escolar

Queremos deixar constancia de que o centro ten un acordo co concello de Salceda de Caselas no que este pon a disposición do centro un persoal de



servizo todos os luns e que por motivos alleos ao centro non se contou con esta persoa en diversas ocasións ao longo do curso.

Instamos ao concello a que cumpra o acordo e así poder resolver os desperfectos das aulas o antes posible evitando perigos para o alumnado e fomentando a mellora continua das instalacións.

Destacar que na aula de San Xurxo se continuou a levar a cabo a reforma integral da parte da vivenda para trasnformala nun espazo multiusos. Ao longo do curso foron varias as actuacións levadas a cabo nesta aula e solicitamos ao concello que dito espazo estea 100% operativo para o comezo do novo curso 24-25 e así poder ser empregado polo centro.

Tamén queremos recoller aquí dúas cuestións importantes que afectan a dúas das aulas de parroquias. A primeira delas é que debido á baixada de alumnado na aula de Soutelo está deixando de contar con grupos de alumnos ao remate do presente curso 23-24. Por outra banda comunidade de montes de Entenza, entidade da que dependen as instalacións da aula de Entenza, levará a cabo diversas modificacións nas instalacións do edificio. Dúas delas afecta á aula posto que se dotará a mesma dun espazo contiguo en substitución do que agora mesmo empregamos na planta alta e tamén se reformará o baño a aula para adecualo ás necesidades tanto do alumnado coma do profesorado.

Neste mes de xuño, ao remate do período lectivo darase traslado ao concello das melloras que será necesario realizar ao longo das vacacións de verán nas diferentes instalacións do centro por parte deste organismo.

## 2. PLANO DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO

### Consello escolar:

Destacar que se celebrou a súa primeira sesión o 3 de outubro de 2023, onde se procedeu a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Revisión da Programación Xeral Anual para o curso 2023/2024
3. Arranxos do Concello no verán. Actuacións pendentes.
4. Informacións varias.
5. Rogos e preguntas.

O 7 de novembro de 2023, realizouse outra reunión, co fin de constituír o novo Consello Escolar, así como a concreción das súas comisións.

Na sesión de Consello Escolar celebrada o 23 de xaneiro de 2024, procedeuse á aprobación da conta de xestión de orzamento do ano 2023.

O 27 de febreiro de 2024, tivo lugar outra sesión, onde se procedeu ao estudo e aprobación do Proxecto de orzamento para o ano 2024.

Ademais das sesións celebradas ao longo do curso, aínda queda unha pendente, onde se levará a cabo a valoración desta memoria.

A valoración das sesións de Consello Escolar celebradas ata o momento é positiva, xa que se considera que os seus compoñentes amosaban una actitude activa e participativa. Cabe destacar o alto grao de aceptación e colaboración á hora de realizar algunha proposta, tratando de aportar ideas e suxestións co fin de mellorar en cada momento a vida na escola.

No referente ao **Claustro de mestres e mestras**, cabe destacar os seguintes aspectos:

Este reuniuse ao longo do curso en 4 ocasións. Sendo todas elas reunións ordinarias.

Actualmente, queda pendente un último claustro, que se levará a cabo neste mes de xuño para o análise e valoración desta memoria.

É preciso sinalar, que todo o profesorado se reuniu periodicamente os martes pola tarde, co fin de organizar as propostas realizadas dende os diferentes equipos de dinamizacións e coordinacións do centro.

Tendo en conta as características do noso centro, é o momento máis axeitado para levar a cabo estas tarefas e conseguir, deste xeito, unha boa comunicación entre todo o profesorado.

### **3.ASUNTO ECONÓMICO**

Segundo o disposto no Decreto 201/2003 do 20 de marzo (polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros públicos non universitarios) a xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos non se realiza tendo en conta o ano académico, se non segundo o ano natural.

A continuación, queda recollida a xustificación de ingresos e gastos correspondentes ao ano 2023.

Os ingresos cos que o centro contou quedan recollidos na seguinte táboa:

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>	
<b>Gastos de funcionamento (7.686€+ 3.294€+ 5.000€+ 4.717€)</b>	20.697 €
<b>Dotacións biblioteca (fondos PLAMBE)</b>	1.220 €
<b>Ingreso "fondos Plurinfantil"</b>	300 €

<b>Ingreso Política Lingüística</b>	267 €
<b>Organismos públicos ( Concello de salceda de Caselas)</b>	1.000 €
<b>Convenios con persoas físicas ou xurídicas (devolucións de cobros indebidos)</b>	28,99 €
<b>Os remanentes do exercicio anterior</b>	46.986,80 €
<b>Achegas por parte de entidades ou particulares para realiar pagos (aportacións voluntarias de familias e ANPA As landras)</b>	5.384 €
<b>TOTAL</b>	<b>75.883,79 €</b>

Doutra banda, os gastos que se realizaron en dito ano, quedan enmarcados dentro dos diferentes apartados que establece a lexislación, do seguinte xeito:

<b>ESTADO DE GASTOS</b>	
<b>Arrendamentos</b>	0 €
<b>Reparacións, conservación e mantemento</b>	670,28 €
<b>Material de oficina</b>	315,74 €
<b>Subministracións (fotocopias+ tóner)</b>	936,60 €
<b>Comunicacións (Móviles+fixo+ correos)</b>	1.528,94 €
<b>Transporte</b>	1.780 €
<b>Traballos realizados por outras empresas (Granxa Apípolis: 3.844,03€+ Clarexa: 1.525€ + Carpintería Martínez: 605€+ Argedo: 1.223,31€+ reserva corazón carballo: 350€))</b>	7.547,34 €
<b>Axudas de custo e locomoción (2º trim.22/23: 982,89€ y 3º trim. 22/23: 824,54€, 1º trim.23/24: 1.300,30€)</b>	3.107,73 €
<b>Gastos diversos (Plambe, Dinamización lingua galega, asignacións aulas,..</b>	22.684,53€

<b>Mobiliario e materiais inventariables</b> (pantallas, amplificador radio, ordenador, monitor, 2º pago fotocopiadora)	10.471,29 €
<b>Outros materiais inventariables: fondos bibliográficos</b>	2.233,09 €
<b>TOTAL</b>	<b>51.275,54 €</b>

<b>RESULTADO DA XUSTIFICACIÓN</b>	
<b>Total de ingresos</b>	<b>75.883,79 €</b>
<b>Total de gastos</b>	51.275,54 €
<b>INGRESOS – GASTOS (REMANENTE EJERCICIO 2024)</b>	24.608,25 €
<b>Saldo na conta bancaria a 31 de decembro de 2023</b>	<b>24.308,25 €</b>

A diferenza no saldo débese a que a Consellería de Educación ingresou 300€ correspondentes ao programa Plurinfantil na data 12 de xaneiro de 2024 e recibíronse instrucións de xustificar este ingreso nas contas do centro do ano 2023.

As contas analizadas ata o momento foron presentadas á Comisión económica con data 18 de xaneiro de 2024 e posteriormente, aprobadas na reunión de Consello Escolar realizada o 23 de xaneiro de 2024.

O asunto económico do curso 2023/2024 complétase coa realización do **anteproxecto de orzamento** para o ano 2024, de acordo co establecido no artigo 7º do Decreto 201/2003 do 20 de marzo.

Dito anteproxecto foi aprobado pola Comisión Económica na reunión mantida o 26 de febreiro de 2024. Posteriormente, o proxecto de orzamento e a súa memoria xustificativa foi levado a Consello Escolar para a súa aprobación con data 27 de febreiro de 2024.

A continuación móstrase un resumo do proxecto de orzamento do ano 2024:

(Destacar que se recibiu un anticipo de 4.717,00€ da asignación do ano 2024, que segundo as instrucións recibidas, foron xustificadas como ingreso do ano 2.023. A asignación para o ano 2024 sería de 20.074,00 €)

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>	
Dotación procedente da Consellería de Educación para gastos de funcionamento	15.357,00 €
Remanente que se incorpora do ano 2023	24.608,25 €
<b>Total</b>	<b>39.965,25 €</b>

<b>ESTADO DE GASTOS</b>		
Arrendamentos	300 €	0,75%
Reparacións, mantemento e conservación	1.000 €	2,50%
Material de Oficina	1.000 €	2,50%
Subministracións	1.100 €	2,76%
Comunicacións	1.600 €	4,00%
Transporte	3.500	8,76 %
Traballos realizados por outras empresas	7.500 €	18,77%
Axudas de custo e locomoción	4.816,00 €	12,05%
Gastos diversos	13.152,72 €	32,91%
Mobiliario e utensilios inventariables	3.996,53€	10,00%
Outros materiais inventariables	2.000 €	5,00%
<b>Total</b>	<b>39.965,25 €</b>	<b>100%</b>

De acordo co punto 2 do artigo 7º do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios, establece que xunto ó orzamento presentarase unha memoria xustificativa cos obxectivos que se pretenden acadar.

En virtude desde Decreto, expomos os seguintes obxectivos:

- Facer fronte aos gastos mensuais das fotocopiadoras. Ao ser un centro que non traballamos con libros de texto, senón a través de proxectos, o gasto da fotocopiadora é moi elevado.
- Cubrir os gastos de comunicacións, xa sexan telefónicos, postais ou de calquera tipo, pois somos un CRA composto por 14 unidades dispersas por todo o municipio de Salceda de Caselas e dispomos dun teléfono en cada aula de parroquia e varios no edificio de Esfarrapada. Polo tanto, isto implica un alto gasto no que a este apartado se refire.
- Facer fronte a todos aos gastos que xurdan en canto a material de oficina: gastos ordinarios de material de oficina non inventariable, gastos en publicacións, gastos de material para funcionamento de equipos informáticos, transmisión e outros, etc.
- Cubrir todos os gastos que se ocasionen como consecuencia dos desprazamentos dos mestres, xa que somos un CRA no que a itinerancia é unha realidade diaria e indispensable.
- Sufragar as obras necesarias para seguir reparando ou substituíndo os canalóns do edificio de Esfarrapada.
- Continuar adaptando as instalacións das aulas de parroquias co fin de mellorar os espazos de ensino.
- Cubrir os gastos derivados de Proxectos educativos e de innovación que se leven a cabo no noso centro.
- Sufragar gastos derivados de pertencer ao programa plurinfantil.
- Dotar á nosa biblioteca de fondos documentais, material audiovisual, lúdico, etc, para fomentar a lectura entre os/as nosos/as cativos/as, así como acondicionar os diferentes espazos destinados á lectura de cada

unha das aulas, e abrir a biblioteca ao resto de centro, con fin de cumprir cos obxectivos establecidos polo PLAMBE.

- Creación progresiva dun pequeno recuncho de radio escolar nas aulas de parroquias, co fin de que todo o alumnado do centro poida gozar destes recursos educativos. Así poderán ter acceso de xeito diario, sen ter que desprazarse ao edificio de Esfarrapada para poder empregalo.
- Facer fronte a todos os gastos que se dan como consecuencia da existencia no noso centro dunha grande cantidade de alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo. Así como os gastos derivados pola condición de ser un centro de escolarización preferente TEA.
- Facer un reparto equitativo entre as aulas e as especialidades, para poder mercar material funxible, didáctico, etc. e así poder mellorar a actuación educativa de cada un deles.
- Estudar a posibilidade de dotar ao centro de recursos relacionados coa robótica, co fin de ofrecer ao nosos alumnado unha educación baseada na innovación educativa.
- Reparar, manter e conservar as instalacións de todas as aulas do centro e os materiais de novas tecnoloxías da información e da comunicación (paneis dixitais interactivos, radios, ordenadores, impresoras, canóns, tablets, etc.) dos que están dotados.
- Dotar ao centro de un banco de recursos materiais e informáticos coa finalidade de poder dar resposta inmediata a calquera tipo de avaría ou sinistro que teña lugar, xa sexa por estrago, subtracción ou deterioro de dito material.
- Facer fronte aos gastos derivados da compra de material informático (cabreado USB, HDMI...) para reposición de material deteriorado,



estragado ou subtraído, así como dotar ao centro de material multimedia e informático: tabletas, Ipad...

- Humanizar o entorno do patio de Esfarrapada e das parroquias que o precisen, así como dotar ao centro de xogos infantís, manipulativos... creando espazos creativos e seguros.
- Fomentar a creación de hortas escolares nas diferentes aulas do centro, dotando dos materiais necesarios.
- Participar en actividades fóra da nosa contorna, polo que será preciso empregar autobús e sufragar dito custe.
- Reparar o problema de temperatura existente na primeira planta do edificio de Esfarrapada. Pada dita tarefa, seguiranse as instrucións proporcionadas dende a Unidade técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Facer fronte a calquera imprevisto ou actividade que poida xurdir: saídas culturais, arranxos, roubos, vandalismo, etc.

#### **4. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS E COLEXIADOS E DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

➤ No que respecta aos **Órganos Unipersoais:**

O equipo directivo reuniuse sempre que foi preciso e cando cabía a posibilidade os martes pola tarde.

O Director reuniuse coa Xefa de estudos os mércores de 9:15 a 10:15 horas.

A súa vez, o Director e a Secretaria reuníronse os xoves de 09:15 a 10:15 horas e os venres de 12:15 a 13:15.

Os tres membros do Equipo Directivo reuníronse os martes pola tarde e os venres de 11:15 a 12:15.

Ao longo do curso foi preciso establecer máis momentos de reunión, xa que o equipo directivo precisa de máis horas nas que coordinarse e tratar diferentes aspectos organizativos e de funcionamento do centro.

➤ No que respecta aos **consello escolar**:

O Consello Escolar foi convocado en catro ocasións en reunión ordinaria ao longo deste curso, e como xa se destacou anteriormente, aínda queda unha reunión pendente para o mes de Xuño, onde se dará lectura a esta memoria. As reunións foron todas elas presenciais.

➤ No que respecta aos **claustro de mestres**:

O claustro reuniuse ao longo do curso escolar un total de catro sesións ordinarias. As reunións foron de forma presencial nas instalacións da sede do CRA.

O resto de equipos de coordinación docente, reuníronse cos seus membros as veces que foron precisas para organizar e resolver as necesidades que foron xurdindo ao longo de todo o curso procuraron respectar o horario a partir das 17:00 horas.

Debemos deixar reflectido que en ocasións é complicado avanzar nalgún equipo, xa que ao ser un CRA coa súa casuística de non atoparnos todos/as nun mesmo espazo resulta complexo manter unha comunicación diaria e fluída; polo que sería interesante buscar máis momentos no vindeiro curso para planificar, coordinarse e organizarse.

Ás reunións do Departamento de Orientación, leváronse a cabo os martes de 16:00 a 17:00 horas, previa convocatoria por parte do Xefe do Departamento.

## **5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO**

### **5.1. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

#### **A) MODIFICACIÓNS INCLUÍDAS NO PROCESO DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN E/OU PROGRAMAS, E CAMBIO SE PROCEDE DA REALIDADE EDUCATIVA.**

No presente ano académico 2023-2024 continuouse coas liñas de traballo iniciadas en anos anteriores.

A principio de curso actualizouse de novo o Plan de Orientación tendo en conta os aspectos recollidos na memoria final do curso pasado.

No mencionado plan de orientación inclúense as pautas básicas a ter presentes para a labor orientadora, as cales foron incluídas na Programación Xeral Anual do centro para a súa aprobación.

Como liñas prioritarias de actuación incluíronse aquelas que teñen o seu eixo fundamentado nos documentos marco que organizan a práctica educativa do noso centro, referidas fundamentalmente a catro axentes implicados: centro, profesorado, alumnado e familias.

En canto ás modificacións e cambios da realidade educativa, cabe mencionar que os talleres de Estimulación da Lingua Oral, nas aulas mixtas, seguen levándose a cabo polas titoras/es das diferentes aulas co asesoramento e supervisión da especialista en audición e linguaxe e do departamento de orientación. Tamén aconteceu así para as aulas da Sede durante todo o curso. Logo de revisar o seu funcionamento no presente curso considérase positivo o seu funcionamento e de cara o próximo curso propónse a súa continuidade. O centro solicitou un praza de AL no marco do programa acompaña que finalmente non foi adxudicada.

Outro aspecto que debemos resaltar e que afectou directamente á mellora da atención educativa do alumando NEAE así como a mellora da calidade do ensino ofertado foi o feito de continuar contando durante este curso escolar 2023-2024 coa especialista de pedagogía terapéutica mediante o concurso específico de méritos.

Isto permitiu que o alumnado con NEAE puidese ter acceso a esta medida de atención á diversidade como viña facendo en cursos anteriores (a excepción do curso 2018-2019) e deste xeito recibir unha intervención máis específica e adaptada ás súas necesidades. Consideramos necesario que este/a especialista pase a formar parte do cadro de persoal fixo con destino definitivo xa que o nivel de NEAE así o recomenda ademais de contar co respaldo do servizo de orientación provincial (EOE) o cal, en diversas ocasións, avala esta proposta.

### **B) VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO PLAN, ASI COMO IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DIFERENTES PROFESIONAIS QUE COLABOREN NEL.**

En xeral o grao de consecución dos obxectivos establecidos en dito plan foi satisfactorio aínda que con certas limitacións relacionadas sobre todo coa amplitude do plan de traballo deseñado e coas dificultades engadidas derivadas da complicada xestión dun centro educativo coas características dun CRA. Debemos deixar constancia que o feito de contar cunha persoa de orientación compartida co CEP Altamira permitiu ser capaces de atender a totalidade de demandas presentadas así coma os obxectivos propostos.

Dende o Departamento de Orientación traballáronse e fóronse acadando na medida do posible os obxectivos incluídos no Plan de Orientación que xiran en torno a catro grandes bloques de traballo:

- **Centro:** O balance continúa a ser positivo na maior parte dos obxectivos formulados neste ámbito. Contribuíuse na dinamización da Planificación e Organización Educativa. Potenciouse a coordinación e cooperación entre o centro e as familias. Colaborouse na promoción da convivencia e resolución pacífica de conflitos. Buscouse unha óptima organización de recursos persoais e materiais do centro, e aínda que resultou realmente complicado debido á realidade do centro, conseguiuase satisfacer a maior parte das necesidades existentes. Contribuíuse na elaboración e revisión de diversos documentos do centro, modelos, plans e programas...

- **Profesorado:** Do mesmo xeito que no punto anterior, o balance tamén foi positivo neste ámbito xa que se levou a cabo a oportuna coordinación entre os diversos profesionais que interveñen co alumnado con NEAE. De cara o próximo curso será necesario establecer máis reunións entre os membros do equipo. Colaborouse no proceso de avaliación educativa, formativa e continuada de cada grupo e na información ás familias. Colaborouse en tarefas propias da acción titorial e orientación educativa. Asesorouse ao profesorado sobre recursos materiais, organizativos, metodolóxicos,... para facilitar e favorecer a súa función docente.

- **Alumnado:** O balance é positivo pese seguir sen acadarse, coma en cursos anteriores, todos os obxectivos.

Identificáronse as dificultades e potencialidades do alumnado do centro concretando pautas e medidas de actuación. Proporcionouse ao alumnado unha resposta educativa axeitada (por falta de RRHH parte do alumnado susceptible de recibir intervención especializada non puido contar con ela. Dende o mes de febreiro todo o alumnado que precisou intervención de AL si que foi posible garantila). Deseñáronse respostas educativas para o alumnado con NEAE. Favoreceuse na medida do posible a integración do alumnado no grupo e no centro. Promocionouse en todo momento unha orientación educativa e acción titorial práctica, e con fins preventivos e compensadores.

- **Familias:** Ao igual que nos outros ámbitos o balance considérase bastante favorable pero poden observarse aspectos que son necesario mellorar.

Perseguiuse en todo momento a participación e implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas. Establecéronse contactos periódicos coas familias, especialmente aquelas con alumnado NEAE. Ofreceuse información e orientación ás familias no tocante a pautas de autonomía, control de esfínteres, problemas de conduta e programas para a modificación da mesma. Buscou informarse e asesorar ás familias do

alumnado con NEAE. Informouse acerca de axudas, becas e xestión de recursos públicos

### **C) CONCLUSIÓNS XERAIS E PROPOSTAS DE MELLORA CONCRETAS.**

Dende o Departamento de Orientación propónse para o vindeiro curso escolar 2024/2025 as seguintes propostas de mellora:

- Continuar a promover o **cambio no modelo de intervención** do departamento de orientación cara un modelo de programas e vincular as programacións de aula coa aplicación efectiva destes e o seguimento de dita aplicación ao longo do curso.
- Revisar e modificar, de ser preciso, os distintos talleres e programas de Estimulación da Lingua Oral tratando de continuar a súa aplicación a todo o alumnado do centro e dotando aos mestres/as que se encargan da súa posta en marcha de material suficiente e variado.
- En base ao establecido na orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, establecer novas canles de coordinación coas Escolas Infantís da zona e volver a propoñer actividades de coñecemento do centro ao longo de todo o curso e de xeito especial e, de ser posible presencial, no 3º trimestre.
- Mellorar a aplicación dos protocolos de detección temperá de posibles NEAE.
- Continuar dotando de recursos materiais ordinarios e específicos ao departamento de orientación e establecer unha nova dotación extraordinaria para a renovación de probas estandarizadas.
- Solicitar o mantemento das mestras especialistas necesarios para unha axeitada atención a todo o alumnado do centro e de xeito especial ao alumnado con NEAE. Organizar e atención destas mestras baixo criterios de eficiencia das horas de intervención dispoñibles.
- Mellorar os mecanismos de colaboración coas entidades externas sen ánimo de lucro tendo en conta os convenios que amparan esta colaboración e os mecanismos adecuados á realidade do noso centro que están presentes no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

- Continuar a mellorar a coordinación entre o noso centro e o CEP Altamira, por ser o centro no que a maioría dos alumnos/as continúan a súa escolarización e inician unha nova etapa educativa.
- Establecer canles de coordinación cos centros educativos das zonas de escolarización limítrofes xa que parte do alumnado inicia os seus estudos obrigatorios nestes centros.
- Continuar coa coordinación periódica e constante co SAT de Salceda de Caselas establecendo propostas de mellora respecto desta coordinación.
- Volverase a solicitar que se adxudique persoal provisional, a tempo completo ou compartido, que colabore nas funcións asignadas á xefatura de orientación, xa que a experiencia obtida neste curso foi moi favorable.

## 5.2. MEMORIA DA ESPECIALIDADE DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Coma mestra especialista en Audición e Linguaxe, a miña intervención neste curso escolar 2023/2024 xirou ao redor de tres eixos fundamentais: a nivel centro, a nivel aula e a nivel individual.

### **OBXECTIVOS E GRAO DE CONSECUCIÓN**

Durante este curso, coa posta en práctica da miña labor docente, tentei contribuír a desenvolver os seguintes obxectivos xerais e específicos:

- Desenvolver os valores, habilidades e coñecementos ao máximo en todo o alumnado, sempre baixo un clima de inclusión, respecto e compromiso.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos mestres/as que interveñen co alumnado con NEAE, promovendo entre eles/as a formación en temas de atención á diversidade.
- Dar coherencia ás accións e documentos do centro en relación co alumnado con NEAE.

- Organizar os recursos persoais e materiais do centro coa finalidade de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e especialmente a aquel que presenta NEAE.
- Propiciar a coordinación do centro con outros organismos e institucións externas.
- Promover a posta en marcha de programas que traballen e estimulen a comunicación e a linguaxe oral de maneira explícita para tentar prever e intervir de xeito temperán futuras dificultades.
- Detectar as necesidades do alumnado do centro e proporcionar atención integral directa.
- Amosarlle ao alumnado uns obxectivos e contidos funcionais, específicos e coherentes coas necesidades que presenta, ademais de resultar alcanzables.
- Desenvolar as habilidades e capacidades básicas instrumentais, cognitivas, comunicativo-lingüísticas, psicomotrices, de autonomía, de autoestima e de habilidades sociais en cada alumno/a.
- Contribuír a inclusión no grupo e no centro do alumnado con NEAE.

En xeral, os obxectivos traballados, tendo en conta as necesidades e capacidades de cada alumno, foron acadados de xeito satisfactorio, xa que todo o alumnado progresou na medida das súas posibilidades.

#### **ALUMNADO DA AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE**

**O alumnado total susceptible de recibir intervención por parte da mestra especialista en Audición e Linguaxe suma un total de 45 nenos e nenas, dos cales 20 recibiron apoio directo, 23 foron valorados pero non recibiron atención por falta de horario e/ou por cambio de centro e 2 foron dados de alta.**



No seguinte cadro detállase a aula á que pertence cada alumno/a, a necesidade que presenta, o número de sesión semanais nas que se lle atendeu, a duración das mesmas, o tipo de apoio recibido: gran grupo (GG), pequeno grupo (PG) ou individual (IN) e Aula Ordinaria (AO) ou Aula de (AL):

<b>AULA</b>	<b>ALUMNO/A</b>	<b>NEAE</b>	<b>Nº SESIÓN</b>	<b>TEMPO</b>	<b>TIPO DE APOIO</b>
<b>3 Anos B</b>	ÍGE	NON ATENDIDO			
	EVIF	NON ATENDIDA			
	YEG	NON ATENDIDA			
<b>3 Anos C</b>	LPG	Retraso da Linguaxe	2	30'	GG/AO IN/AL
	GSP	NON ATENDIDO			
<b>4 Anos A</b>	LMGL	TDL	3	30'	IN/AL
	GOS	ALTA			
	DOD	Retraso da Linguaxe	2	30'	IN/AL
	MGL	VALORADO 3º TRIMESTRE			
<b>4 Anos B</b>	GPF	Retraso da Linguaxe	1	30'	IN/AL
	LRC	Retraso da Linguaxe	1	30'	IN/AL
	BRS	Retraso da Linguaxe	1	30'	IN/AL
	GSP	NON ATENDIDO			
	BTV	NON ATENDIDO			
<b>5 Anos A</b>	ACP	Retraso da Linguaxe	1	30'	PG/AL
	EGM	ALTA			
	MLB	TSF	1	30'	PG/AL
	IFM	Retraso da Linguaxe	1	30'	IN/AL
	MPF	TSF	1	30'	IN/AL
	MCM	NON ATENDIDA			
	LBG	NON ATENDIDO			
	XFL	NON ATENDIDA			
	VGG	TSF	1	30'	PG/AL
<b>5 Anos B</b>	DRL	Retraso da Linguaxe	2	30'	IN/AL

	NRD	Retraso da Linguaxe	1	30'	IN/AL
<b>Entenza</b>	GML	Dificultades com.	1	60'	GG/AO
	SPV	NON ATENDIDA			
	HTB	NON ATENDIDA			
<b>Fontán</b>	LVR	Retraso da Linguaxe	1	60'	IN/AL
<b>S. Xurxo</b>	ERR	TEA	2	60'	GG/AO
	MRM	NON ATENDIDO			
<b>Picoña</b>	NDOV	T. Neurodes.	3	60' 30'	GG/AO
	XFL	TEA	3	60' 30'	GG/AO
	NFP	Retraso da Linguaxe	1	30'	IN/AL
	XPM	NON ATENDIDO			
	GSG	NON ATENDIDO			
<b>Barreiro</b>	MCG	NON ATENDIDO			
	ZOM	NON ATENDIDA			
	LPC	NON ATENDIDA			
	BSC	NON ATENDIDO			
	CIV	NON ATENDIDA			
<b>Budiño</b>	DFG	Retraso da Linguaxe	1	60'	IN/AL
	MNR	NON ATENDIDA			
	SNR	NON ATENDIDA			
	JAF	NON ATENDIDA			

### VALORACIÓN DO TRABALLO REALIZADO

A **valoración do traballo** que se realizou neste curso académico 2023/24 é **positiva, pero insuficiente.**

**Máis da metade do alumnado** susceptible de recibir apoio desta especialidade **non tivo ocasión de ser intervido por falta de horario** (1 especialista de Audición e Linguaxe para todo o centro) **e polas propias características do centro** (CRA de Educación Infantil composto por 14 aulas,

das cales 7 se atopan situadas nas parroquias, polo que requiren desprazamento).

Ademais, neste curso académico **non se puideron continuar levando a cabo os programas de estimulación da linguaxe oral e prevención de dificultades** que se comezaron no curso anterior nas aulas de Esfarrapada do 4º nivel.

Continuamos mantendo **o criterio de atención por dificultade** presentada (e non por idade) que xa se iniciou ha idous cursos, abordando as dificultades dun xeito temperán. Este aspecto conleva poñer o foco ás necesidades dende que son detectadas, para así poder realizar unha intervención integral o máis rápido posible, solventando en moitos casos as dificultades nos cursos inferiores.

Por último, a **coordinación** tanto coas e cos mestras e Mestres titores, coma co resto de especialistas, familias e servizos externos foi continua e fluida, estando presente en todas aquelas situación nas que seme requixo (titorías coas familias, reunión presenciais co servizo de atención temperá e reunións telemáticas con gabinetes externos).

### **PROPOSTAS DE MELLORA**

Un ano máis, a primeira e máis importante proposta de mellora que expoño é a **necesidade imperiosa de dotar ao centro dunha segunda figura da especialidade de Audición e Linguaxe**. Cos recursos persoais cos que se conta na actualidade no centro e co número de alumnado, non solo con NEE, senón tamén con NEAE matriculado, resulta IMPOSIBLE poder realizar unha intervención integral, completa, suficiente e que se axuste individualmente á totalidade do alumnado; non podendo cumprir cos principios de calidade nin equidade que se recollen na actual LOMLOE 3/2020.

O segundo aspecto a mellorar ten o foco na **ampliación das coordinacións entre os membros que conformamos o Departamento de Orientación**, así como **coordinar tamén aos equipos docentes que traballan co alumnado con NEAE**, mantendo reunións periódicas nas que se expoñan liñas comúns a seguir e non soamente reunirmos nos momentos de avaliación.

Finalmente, volto a insistir na importancia de **promover a formación do profesorado** en temas relacionados coa atención á diversidade en xeral, do alumnado con TEA e dificultades da fala, linguaxe e comunicación en particular e tamén na metodoloxía avalada actualmente pola evidencia científica para ensinar do mellor xeito os prerequisites lectoescritores.

### 5.3. MEMORIA DA ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

O presente documento ten como obxectivo detallar as experiencias, aprendizaxes e logros acadados ao longo deste curso na especialidade de pedagogía terapéutica. Mediante diversas actividades e tarefas buscou desenvolver as competencias do alumnado e brindarlles unha educación inclusiva e de calidade.

#### ALUMNADO

A. Número de alumnos: 10

B. Necesidades específicas de apoio educativo:

Dificultades específicas de aprendizaxe

TEA

Delección cromosoma 15

Todos estes nenos/as recibiron apoio educativo individualizado por parte da mestra de P.T.

#### DISTRIBUCIÓN HORARIA:

O horario cambiou ao longo do curso, en varias ocasións debido as necesidades que foron xurdindo. O que aparece a continuación é a última modificación que se fixo.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.15-10.15	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA	PICOÑA	XEFATURA
10.15-11.15 10.30-11.30	PICOÑA	4A	5A	BUDIÑO	4A
11.15-12.15 11.30-12.00	Dinamización	Dinamización	Dinamización	Dinamización	Dinamización
12.15-13.15 12.00-13.00	SAN XURXO	FONTÁN	SAN XURXO	5A	PICOÑA
13.15-14.15	CI	BUDIÑO	FONTÁN	XEFATURA	CI

## **ALUMNADO QUE RECIBIU ATENCIÓN DIRECTA POR PARTE DA ESPECIALISTA DE PT.**

### **3 ANOS**

PICOÑA: Apoio específico de PT a unha alumna escolarizada nas prazas NEAE. Tres sesións semanais na aula ordinaria.

### **4 ANOS**

BUDIÑO: Apoio específico de PT a un alumno avaliado polo D.O a demanda da titora polas dificultades de aprendizaxe observadas. Dúas sesións semanais dunha hora de duración.

PICOÑA: Apoio específico de PT a un alumno escolarizado nas prazas NEAE con TEA. Tres sesións semanais na aula ordinaria.

SAN XURXO: Apoio específico de PT a un alumno escolarizado nas prazas NEAE con TEA. Dúas sesións semanais na aula ordinaria.

4A: Apoio específico de PT a un alumno escolarizado nas prazas NEAE con TEA. Dúas sesións semanais na aula ordinaria. Deixou de recibir o apoio de PT no terceiro trimestre.

4A: Apoio específico de PT a un alumno avaliado polo D.O a demanda da titora polas dificultades de aprendizaxe observadas. Dúas sesións semanais dunha hora de duración na aula de apoio.

### **5 ANOS**

5A: Apoio específico de PT a un alumno avaliado polo D.O a demanda da titora polas dificultades de aprendizaxe observadas. Dende o segundo trimestre foron dúas sesións semanais dunha hora de duración na aula de apoio.

5A: Apoio específico de PT a un alumno avaliado polo D.O a demanda da titora polas dificultades de aprendizaxe observadas no alumno. Dende o segundo trimestre foron dúas sesións semanais dunha hora de duración na aula de apoio.

5A: Apoio específico de PT a un alumno avaliado polo D.O a demanda da titora polas dificultades de aprendizaxe observadas no alumno. Dende o segundo trimestre foron dúas sesións semanais dunha hora de duración na aula de apoio.

5A: Apoio específico de PT a un alumno avaliado polo D.O a demanda da titora polas dificultades de aprendizaxe observadas no alumno. Comezou a apoio no terceiro trimestre sendo de dúas sesións semanais dunha hora de duración na aula de apoio.

FONTÁN: Apoio específico de PT a un alumno con dificultades de atención e aprendizaxe. Comezou este apoio no segundo trimestre. Dúas sesións semanais na aula de apoio.

Os obxectivos xerais traballados tomando como referencia as avaliacións psicopedagóxicas foron:

Establecer e comprender as rutinas diarias e as normas de maneira clara, mediante o apoio visual con pictogramas, se é necesario.

Adquirir habilidades sociais, establecer relacións positivas cos iguais e cos adultos de referencia.

Recoñecer as emocións propias e alleas, e iniciarse no control das mesmas, entendendo que non se poden ter rabietas nin berrar para acadar o que quero.

Desenvolver as capacidades cognitivas básicas de atención, percepción e memoria.

Favorecer o desenvolvemento da intencionalidade comunicativa e da linguaxe oral.

Adquirir os conceptos básicos espaciais e temporais.

Desenvolver as capacidades matemáticas de razoamento, inferir, deducir e as nocións de clasificación, seriación, números, contar, correspondencia de grafía e cantidade.

Anticipar tódalas actividades que saen da rutina diaria (excursións, visitas, saídas...) mediante pictogramas para evitar momentos de tensión ou medos ante o descoñecido.

## **METODOLOXÍA:**

A nivel xeral as actividades estaban dirixidas a conseguir unha mellora dos procesos cognitivos básicos: atención, percepción e memoria, como fundamento, e base de tódalas aprendizaxes e conceptos posteriores (numeración, iniciación da lectura, razoamento lóxico-matemático). Sempre de maneira lúdica, mediante xogos, fichas, actividades de razoar, supoñer, inferir...

Tamén se fixeron apoios no gran grupo para establecer as rutinas diarias, coñecer as normas da aula e fomentar a socialización cos iguais e o recoñecemento dos adultos que imparten docencia nas aulas.

No segundo e terceiro trimestre ampliouse o número de alumnos/as quedando nos 10 que se recollen nesta memoria. Na sede aproveitando e compartindo sesións con outros rapaces da mesma aula que xa tiñan apoio de PT.

Resaltar que en todo momento realízase unha avaliación continua dos nenos e nenas que reciben apoio de PT, coma das posibles necesidades que xurdan nas aulas o que provoca o aumento de alumnado ao longo do curso e as modificacións de horario que se foron realizando, como expliquei con anterioridade.

En canto a avaliación, en todo momento foi global e continua. Ao finalizar o trimestre elaborouse un informe individualizado de cada alumno/a para enviarlle as familias, cos obxectivos propostos e os aspectos a salientar ao longo do trimestre.

Leváronse a cabo varias reunións con recursos externos ao centro principalmente co Servizo de Atención Temperá do Concello ,aos que acode o alumnado, sempre co visto e prace das familias dos mesmos.



Tamén se realizaron reunións de coordinación coas titoras/titores e familias que así o solicitaron, para traballar dun xeito conxunto e coordinado.

### **PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO**

Seguir traballando co alumnado co que xa se traballaba este curso. Ter en conta tódalas novas incorporacións ao centro solicitando praza NEAE para ser atendidos dende o primeiro momento.

Solicitar persoal con perfil en atención a diversidade, posto que as necesidades atopadas e diagnosticadas cada curso escolar van en aumento e ao levar a xefatura de estudos tamén se perden posibles horas de apoio.

Seguir mantendo e mellorando a coordinación entre tódolos profesionais que traballamos co alumnado, a nivel interno e externo (SAT, gabinetes privados, servizos sociais) e coas familias dos mesmos.

## **6. MEMORIA DE EQUIPO DE CICLO**

Coordinadora: Ana Belén Pérez Martínez

Compoñentes: todo o profesorado do CRA Raíña Aragonta.

A coordinación de ciclo, co propósito de desenvolver a función docente de maneira coordinada, convocou e dirixiu unha serie de reunións nas que participaron, nalgunhas ocasións, só os coordinadores e coordinadoras dos diferentes equipos e dinamizacións e, na meirande das mesmas, a totalidade de mestras e mestres que constitúen o claustro. Estas reunións estiveron destinadas a establecer estratexias de traballo conxunto e coherente; propoñer actividades ou distribuír a planificación e/ou organización das mesmas evitando duplicidades.

As grupais permitiron que todo o profesorado participase achegando as súas ideas e permitindo comunicar propostas, actividades, ... dunha forma sinxela. As dirixidas aos coordinadores e ás coordinadoras foron máis eficaces e ordenadas, sendo despois os responsables dos diferentes equipos os encargados de facer chegar o tratado ao resto dos membros do grupo.

Ao longo do curso convocáronse un total de 6 reunións. Nestas reunións, os temas abordados estiveron relacionados con aspectos como: a distribucións de actividades/conmemoracións a desenvolver e traballar por parte de cada un dos equipos do centro; a adopción de acordos e o establecemento de normas relativas á avaliación ou a presentación das sesións de avaliación e as actividades propostas dende a coordinación de ciclo.

As datas de celebración e o motivo principal das mesmas foron os seguintes:

- 4 de setembro: organización de actividades e propostas de actividade para as principais conmemoracións.
- 3 de outubro: valoración do comezo de curso, presentación de propostas de actividades (carreira solidaria e proxecto MUV rural).
- 21 de novembro: entrega dos horarios das sesións de avaliación e propostas de actividades para realizar no nadal (recollida de alimentos e intercambio de postais).

- 20 de febreiro: información sobre os horarios das sesións de avaliacións do segundo trimestre.
- 23 de abril: información sobre novidades na aplicación PROENS, debate sobre a estrutura das programacións de ciclo e información sobre as datas das sesións de avaliación do terceiro trimestre.
- 14 de maio: información sobre os horarios das sesións de avaliación e sobre convocatorias de premios de cine escolar.

A participación do profesorado nestas sesións foi axeitada. A asistencia foi regular e o nivel de implicación das mesmas foi correcto tomándose decisións e chegando a acordos.

O curso escolar que agora remata estivo marcado polo desenvolvemento dun PDI no noso centro dedicado aos debuxos animados e coordinado pola biblioteca, e polos cambios que no relativo á avaliación se foron producindo ao longo do curso para dar resposta ao establecido na Orde de 30 de maio de 2023.

Tendo en conta isto e co obxecto de avaliar a actividade deste equipo, tómanse como referencia as funcións que se atribúen ao equipo de ciclo no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e as que a continuación se enumeran:

1. Secuenciar os obxectivos mínimos que deberán conseguirse en cada área.
2. Determinar as pautas xerais e procedementos de avaliación que faciliten a coherencia interna de cada área.
3. Coordinar e controlar a programación valorando os resultados da avaliación.
4. Propoñer o material didáctico en función do proxecto curricular.
5. Valorar e experimentar métodos e técnicas que permitan unha mellora cualitativa do ensino.
6. Elaborar materiais e tecnoloxía axeitada ás áreas e ciclos.
7. Propoñerlle á coordinadora do equipo de actividades complementarias e extraescolares o programa de actividades para o ciclo.

A primeira e segunda das funcións se desenvolveron de maneira conxunta por parte de todo o profesorado que reunido por niveles participou na

elaboración das programacións para os cursos 4º, 5º e 6º de Educación Infantil secuenciando os obxectivos, establecendo os contidos e distribuíndo o currículo por cursos e tamén por unidades didácticas. Dende a coordinación, ofreceuse ao profesorado información, recursos e apoio na elaboración deste traballo. Asemade, na reunión do mes de abril presentáronse diferentes formatos de programación coa idea de debater se deberíamos cambiar o actual modelo de programación. Despois do debate, decidiuse manter a actual estrutura da mesma xa que parece que esta da resposta a realidade do noso centro con aulas internivelares e dun mesmo nivel e permite a liberdade de cada titoría para organizar a actividade da forma que se considera máis axeitada á aula.

Con respecto ao proceso de avaliación recollido no punto 2, a coordinación de ciclo elaborou algúns documentos cos que presentar e definir os cambios e novidades que a nova orde de avaliación provocou neste curso. Asemade, comezouse a facer o seguimento das programacións na aplicación PROENS e continuaron as sesións de avaliación trimestral. As características destas sesións foron comunicadas ao profesorado na primeira das reunións do equipo de ciclo e en cada unha das presentacións dos horarios das sesións de avaliación.

Dunha forma resumida, estableceuse que:

- as sesións de avaliación se levarían a cabo o antepenúltimo e penúltimo martes de cada trimestre (sempre que fose posible);
- sería necesario realizar unha sesión de avaliación inicial;
- cada sesión tería unha duración de 20 minutos;
- as sesións de avaliación de cada aula debían estar presentes tódolos mestres/as que imparten docencia nese grupo ademais do orientador e que
- cada trimestre se elaboraría un informe de avaliación en XADE que se faría chegar ás familias de xeito telemático (Abalar Móbil) e por medio dun informe impreso que se acompañaría dos informes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no caso de que os houbera.

En relación cos puntos 4 e 6, os diferentes equipos de centro elaboraron materiais e recompilacións de recursos que se puxeron á disposición de todo o profesorado a través da páxina web do centro; propuxeron actividades a realizar nas diferentes aulas; elaboraron e recompilaron outros materiais para conmemorar festividadeas como o Nadal e días de especial interese para o alumnado como o día da muller, da infancia, do libro, entre os moitos que se recollen na orde na que se establecía o calendario escolar para este curso. Co propósito do desenvolver o apartado 5, a práctica totalidade do claustro tomou parte dun programa de formación permanente do profesorado. Esta actividade formativa estivo dirixida a coñecer mellor o equipamento multimedia co que contan as aulas para poder empregalo co alumnado e para o desenvolvemento das clases. Tamén, unha parte importante do profesorado participou dunha actividade formativa relacionada cos polos creativos que se crearán nos centros.

Por último, e en referencia á función número 7, dende a coordinación de ciclo propuxéronse actividades para o alumnado, para o profesorado e ao equipo de actividades complementarias e extraescolares.

Para o alumnado propúxose traer disfraces de medo para a conmemoración da festividade de Samaín, participar dunha carreira solidaria a favor da asociación "Uno entre cien mil", participar nunha recollida de alimentos de Nadal para compartir con persoas do noso concello ou no intercambio de postais cos usuarios e usuarias do centro de AFAGA en Salceda.


Para o profesorado propuxéronse actividades e achegáronse recursos para o comezo de curso (modelos de entrevistas iniciais, axuda para as reunións, etc.), se propuxo a participación en programas como o MUV, nos plans Proxecta (presentando as diferentes liñas do mesmo que podían adaptarse á temática anual) e se suxeriu a participación do noso centro nas convocatorias de premios de cinema escolar organizados polos concellos de Bueu e Ourense.

Para o equipo de actividades complementarias e extraescolares, revisáronse diferentes propostas que chegaron ao centro como visitas a museos e actividades á desenvolver nas aulas.

En liñas xerais, a valoración deste equipo de ciclo é positiva en canto ao desenvolvemento de propostas, participación e implicación. Con todo, cómpre seguir abordando unha serie de aspectos como: a mellora da organización do traballo realizado pola coordinación, tomar decisións en relación a cómo abordar as conmemoracións no centro, como favorecer a comunicación do equipo realizando máis reunións e colaborando dun xeito máis eficaz coas diferentes dinamizacións ou tomar parte dun maior número de actividades e programas que contribúan ao desenvolvemento dos obxectivos formulados no PDI.

## 7. MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega mantívose formado polos membros que se estableceron no claustro celebrado o día 1 de setembro:



- Cobas Pérez, Sheila;
- González Rodríguez, Sandra (coordinadora);
- López-Leitón Peinó, Alejandra.

Ao longo do curso 2023/24, o EDLG coordinou o seu traballo realizando diferentes reunións presenciais na sede do centro educativo. Deste xeito, mantivo unha comunicación constante para levar a cabo o acordado na programación e para colaborar coas propostas dos diversos equipos e dinamizacións que foron xurdindo durante o curso.

No referido á consecución dos obxectivos establecidos na programación podemos afirmar que, de forma xeral, foron todos acadados. En calquera caso, debemos seguir traballando e unindo esforzos para incrementar o uso da lingua galega no centro e entre os diferentes membros da comunidade educativa.

En relación ás actividades establecidas na programación, as propostas que achegamos gardaron relación coa temática da proposta de traballo anual que levamos a cabo no centro ao longo deste ano. Dita proposta versou sobre os debuxos animados e levou por nome “Aragontafilms”, nadaa partires da nova protagonista da nosa biblioteca, Ara – princesa de corazón (relacionada co noso PLAMBE). De xeito máis concreto:

Para conmemorar os días previos ao desfile de Entroido (do 5 ao 9 de febreiro), o EDLG elaboramos a proposta de disfraces e/ou complementos que a cativada levou durante esa semana. Dita proposta presentouse para toda a comunidade educativa a través do cartel: “os mandadiños do Entroido”, e que realizamos inspirándonos nos debuxos animados.

Para achegalos á figura de Rosalía de Castro (23 de febreiro), achegámoslle ao profesorado diversa información e actividades relacionadas coa poetisa galega para que, a súa escolla, as empregasen como recurso motivador e/ou xerador de propostas de aprendizaxe e as traballasen na aula co alumnado.

Así mesmo, aproveitando a proximidade das datas nas que se conmemoraba o "Día da Radio" e o "Día de Rosalía de Castro", tamén colaboramos co equipo de biblioteca e, especialmente, co equipo de radio. Para elo, elaboramos unha proposta de actividades na quedemos a coñecer o espazo da radio ao alumnado en primeira persoa e, ao mesmo tempo, tamén aproveitamos para traballar diversos textos de Rosalía co fin de que, na medida do posible, o propio alumnado puidese emitirlos pola nosa radio escolar: "Radio AraOnda".

No terceiro trimestre, para conmemorar a "Semana das Letras Galegas" (do 13 ao 17 de maio) e a autora homenaxeada, Luisa Villalta Gómez, facilitámoslles ao profesorado diversa información e actividades sobre a citada autora para que, segundo o seu interese, as traballasen na aula co alumnado. Así mesmo, e malia que non constaba na programación deste curso, achegámoslles unha proposta de xogos tradicionais galegos para facer cos nenos nas sesións de Educación Física ao longo desta semana e, finalmente elaboramos unha recompilación dos mesmos, publicando unha pequena mostra na nosa web.

Namentres, ao longo do curso, participamos e colaboramos cos diversos equipos e dinamizacións nas propostas que foron xurdindo (por ex. no Samaín, o Magosto...); levamos a cabo diversas e numerosas publicacións na web relativas a novidades, actividades culturais... variadas recompilacións e/ou vídeo-montaxes do que o profesorado nos achegaba respecto das nosas propostas...; e, entre outras cousas, colaboramos na elaboración da revista dixital anual "Badaladas: Aragontafilms".

Asemade, presentamos o proxecto de fomento do uso do galego de acordo ao establecido na Resolución do 28 de decembro de 2023.



Baseándonos nos aspectos expostos ata o momento, o EDLG concluímos esta memoria sinalando que a programación elaborada para este curso escolar se cumpriu na súa totalidade posto que levamos a cabo todas as actividades que propuxemos nela. Consideramos que actividades e propostas que lles achegamos tiveron unha boa aceptación por parte do profesorado, alumnado e familias, promovendo que os titores e titoras puidesen presentalas na aula como estimasen conveniente e con total liberdade, segundo as calidades e circunstancias do seu grupo-aula. Así e todo, para vindeiros cursos, cómpre continuar promovendo o emprego da lingua galega na vida de aula e en todos os contextos (entre o alumnado, o profesorado e as familias), co propósito de concienciar, apoiar e reforzar, entre todos, o emprego da lingua galega no centro e na comunidade educativa.-

## **8. MEMORIA DO EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Con esta memoria pretendemos facer una pequena valoración das actividades levadas a cabo durante o curso escolar 2023/2024 polo Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias do noso centro.

Este equipo estivo formado por Alicia Pereira Pereira e Sara Rodríguez da Silva, exercendo esta última o cargo de Coordinadora.

Para a realización de tódalas actividades, as familias foron informadas, ben por medios impresos ou a través da aplicación Abalar, de todos os aspectos dos que debían ter coñecemento: datas, horarios, autorizacións, recomendacións, planos das ubicacións de cada aula...

Algunhas das aulas realizaron actividades complementarias independentes, seguindo sempre os pasos indicados dende a dirección do centro ao inicio do curso escolar.

A continuación procédese a realizar unha breve descrición das actividades levadas a cabo.

### **1ºTRIMESTRE:**

#### **PROMOCIÓN JUDO**

- DATA: 14 Setembro 2023.
- LUGAR DE CELEBRACIÓN: ximnasio do CEP Altamira.
- GRUPOS QUE ASISTIRON: aulas de 5ºe 6 ºde Esfarrapada.
- DESCRICIÓN: O alumnado participou na promoción da actividade de Judo, levada a cabo por monitores especializados na materia.

#### **MAGOSTO**

- DATA: 14 Novembro 2023.
- LUGAR DE CELEBRACIÓN: sede do CRA.
- GRUPOS QUE ASISTIRON: todas as aulas do CRA.

### CONCERTO DIDÁCTICO

- DATA: 11 Decembro 2023.
- LUGAR DE CELEBRACIÓN: auditorio municipal Salceda de Caselas.
- GRUPOS QUE ASISTIRON: todas as aulas do CRA.
- DESCRICIÓN: en colaboración coa Escola de Música de Salceda de Caselas acompañando a Cris Collazo, desfrutamos dun concerto didáctico cuxo eixe principal xiraba en torno aos debuxos animados.

### 2º TRIMESTRE:

#### DESFILE DE ENTROIDO

- DATA: 16 Febreiro 2024.
- LUGAR DE CELEBRACIÓN: rúas de Salceda de Caselas.
- GRUPOS QUE ASISTIRON: todas as aulas do CRA.
- DESCRICIÓN: participación no desfile polas rúas do Concello de Salceda xunto co resto de centros educativos. A temática para a realización dos disfraces xirou en torno aos debuxos animados.

### 3º TRIMESTRE:

#### SAÍDA GRANXA ESCOLA CORAZÓN DE CARBALLO

- DATA: 11, 12 e 13 de Xuño 2024.
- LUGAR DE CELEBRACIÓN: Corazón de Carballo, Tomiño.
- GRUPOS QUE ASISTIRON: todas as aulas do CRA.
- TRANSPORTE: autobús.
- DESCRICIÓN: ao longo dos tres días, o alumnado das diferentes aulas do centro acudiron á granxa escola e participaron nos diversos talleres que nos tiñan preparados: bombas de sementes, animais da granxa, aves e horta.

#### FESTA FINAL DE CURSO

- DATA: 20 Xuño 2024.
- LUGAR DE CELEBRACIÓN: Sede do CRA
- GRUPOS QUE ASISTIRON: todas as aulas do CRA

- DESCRICIÓN: coa colaboración da empresa Clarexa, puxéronse en marcha diferentes actividades lúdicas (talleres, xogos, espuma, hinchables...) para festexar o final de curso.

#### VALORACIÓN:

A valoración xeral das actividades levadas a cabo por este equipo a longo do curso é moi positiva, xa que motivan especialmente ao alumnado e favorecen a convivencia entre as aulas.

Tentouse cumprir cos obxectivos de realizar unha saída por cada trimestre e de realizar actividades que estivesen especialmente relacionadas coa temática anual do centro: os debuxos animados.

Para propoñelas, tivéronse en conta as achegas realizadas por parte do profesorado, buscando sempre a colaboración con empresas ou entidades externas, especialmente da contorna máis próxima.

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

De cara ao vindeiro curso, sería interesante ter máis en conta as propostas que achega o resto do profesorado, así como introducir propostas feitas polas propias familias e polos nenos e nenas, considerando que teñen moito que aportar á vida do centro.

Tamén sería interesante levar a cabo pequenas convivencias entre aulas, cunha frecuencia trimestral ou incluso mensual, fomentando así que o alumnado se relacione non soamente cos compañeiros da súa aula nin da súa idade, senón con moitos outros que tamén forman parte do centro.

## **9. PLANO DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE**

### **No tocante ás relacións co Concello:**

As relacións co concello tratamos de que sexan o máis fluídas e coordinadas posible. Actualmente podemos destacar que o concello de Salceda colaborou na maior parte das melloras que se solicitaron para o centro. Sen embargo e pese a solicitalo dende hai varios cursos o centro non conta cun conxerxe a tempo completo. Tampouco se contpou este curso coa presenza dunha persoa para facer as tarefas limpeza e conserxería na sede, algo co que si contamos o curso pasado. Retomouse o reforzo de limpeza de media mañá que se viña realizando en curso anteriores ao COVID-19. Valoramos positivamente esta medida pero non por seguimos considerando que a figura do conserxe é moi necesaria na sede do CRA posto que xa son varios curso nos que os mestres/as estamos a asumir funcións que non nos corresponden e non quere iso decir que para o próximo curso se vaian a seguir asumindo.

### **No tocante ás relacións con centros culturais e comunidades de montes:**

Destacar que neste sentido as relacións sempre son positivas, xa que en calquera ocasión na que precisamos da colaboración destas asociacións ou das comunidades de montes, a resposta sempre é positiva.

### **No tocante ás relacións co centro de saúde:**

Este curso o centro non foi convocado para ningunha reunión específica con este servizo máis existe total disposición pola nosa parte para seguir mantendo unha coordinación fluída con estes servizos. Si que formamos parte, por medio da xefatura de orientación, dunha nova mesa de traballo para o benestar da poboación de Salceda de Caselas.

### **No tocante ás relacións coas familias:**

Unha das características do noso centro, é que intentamos sempre que sexa un centro de portas abertas á participación da comunidade educativa,

promovendo actividades onde as familias colaboren sendo partícipes de diferentes actividades e proxectos de aula. Este curso escolar foi posible retomar esta participación e a valoración da mesma é moi positiva pero consideramos que existe marxe de mellora neste campo.

Desde o centro tratamos de fomentar todas as canles de comunicación posible coas familias dos nenos/as, a través de diferentes notas informativas, así como a través dos anuncios nos taboleiros e tratando de ter o máis actualizada posible a páxina web do centro.

A través desta última, tratamos de chegar ás familias as diferentes actividades que se realizan dentro do centro, así como a todo tipo de información de tipo administrativo.

A páxina web así como a aula virtual cobraron unha especial relevancia como consecuencia da situación de alarma polo COVID-19 e tratamos de seguir fomentando o seu uso por parte de toda a comunidade educativa.

**Hai que destacar tamén a participación da ANPA As Landras** en diversas actividades que tiveron ao longo deste curso escolar e que se recollen nos anexos desta memoria.

Recordar que se retomaron as actividades extraescolares tal e como se establecera de proposta de mellora na memoria do anterior curso escolar. A súa distribución foi de luns a xoves e consideramos que tiveron unha boa aceptación nas familias.

## **10. MEMORIA DAS DIFERENTES ESPECIALIDADES E DINAMIZACIÓNS.**

### **ESPECIALIDADE MÚSICA**

A especialidade de Educación Musical desenvólvese en catorce aulas que están distribuídas do seguinte xeito: sete están na sede e as sete restantes nas parroquias de Picoña, Barreiro, Entenza, San Xurxo, Soutelo, Fontán e Budiño.

Nas aulas da sede o alumnado está distribuído por niveis (4º, 5º e 6º de Educación Infantil) mentres que nas aulas das parroquias as aulas son mixtas.

Os grupos son heteroxéneos, polo que os principios que orientan a práctica educativa son unha metodoloxía activa relacionada co clima de participación e integración do alumnado na aprendizaxe, así como a motivación e a atención á diversidade.

#### **GRAO DE CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS E CONTIDOS**

A área coa que se relaciona directamente a educación musical é a de comunicación e representación da realidade, e os obxectivos vinculados a esta área seguindo o Decreto 150/2022, de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia son:

OBX1. Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.

OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

Todos os obxectivos foron alcanzados tendo en conta que se plantexa a avaliación de forma continua. Os contidos establecidos na programación traballáronse a través da escoita, a interpretación musical e o movemento.

Así mesmo, a educación musical tamén colaborou na consecución dos obxectivos xerais de etapa: a (coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas), b (observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social), d (desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas), e (relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia), f (desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión), g (iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo), h (promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes), e i (coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas).

### **METODOLOXÍA**

A metodoloxía utilizada fundamentouse no xogo e na participación e actividade por parte do alumnado.

A temática do centro no curso 2023/2024 son os debuxos animados, a cal se traballou dende a área de educación musical. Os debuxos relacionados coa aula de música foron os Little Einsteins; cada vez que aprendían un contido novo aparecía unha nave como a dos Little Einsteins e cantábase a súa cantiga para poder realizar a misión musical.



A continuación, adxunto uns enlaces da páxina web do centro onde aparecen algunhas das actividades que se realizaron, e onde se traballou a música relacionándoas debuxos animados.

- Presentación dos debuxos animados da clase de música, xunto coa decoración de clase e a nave dos Little Einsteins coa que aprendíamos novos conceptos musicais:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4369>  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4559>
- Realización de musicogramas:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4406>
- Interpretamos cantigas de debuxos animados a través de ritmogramas onde aparecían as figuras musicais: negra, silencio de negra e corcheas.  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4584>
- Traballamos con contos:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4461>
- Fixemos percusión corporal para acompañar distintas cantigas de debuxos animados.  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4623>
- Coñeceron e escoitaron o clarinete:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4459>
- Tocamos con instrumentos musicais cantigas de debuxos animados:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/4658>

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NEAE**

Unha adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que, unicamente dese modo, se garante o desenvolvemento integral de todo o alumnado.

Dende a clase de educación musical adaptámonos aos distintos ritmos de aprendizaxe, así como ás peculiaridades de todo o alumnado, flexibilizando os espazos, tempos, contidos e metodoloxía.

Realizáronse actividades variadas, globalizadas, axustables, empregando a aprendizaxe cooperativa, cunha actitude aberta e positiva, tendo en conta a motivación e apoiándonos en materiais e recursos.

## **AVALIACIÓN**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado é continua e global tendo en conta o seu progreso. Realizamos as seguintes avaliacións:

Avaliación inicial: detectamos o punto de partida e as necesidades de adaptación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación continua e formativa: avaliamos o proceso de ensino-aprendizaxe a través da observación directa, recollendo os avances diarios do alumnado.

Avaliación final: comprobouse se se cumpriron os obxectivos fixados e realizouse unha recapitulación de todos os datos obtidos ao longo da avaliación continua.

Os instrumentos de avaliación utilizados foron a observación sistemática onde anoto aquelas cuestións que sexan relevantes para o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o diario de clase onde anoto os contidos e as actividades realizadas, así coma os logros e as dificultades.

## **DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTAS DE MELLORA**

Os nenos e nenas adaptáronse moi ben as dinámicas de grupo desenvoltas ao longo do curso 2023/2024 mostrando moita motivación e unha gran disposición por aprender, o que favoreceu a consecución dos obxectivos propostos.

Unha das propostas de mellora do curso 2022/2023 para este ano era realizar as modificacións de espazo e tempo oportunas dende principio de curso para

favorecer a adaptación do alumnado de novo ingreso á dinámica do centro. Este curso non houbo que realizar cambios significativos xa que o alumnado de 4º de Educación Infantil estivo distribuído en 3 clases cun máximo de 16 nenos/as, os cales se adaptaron moi ben a dinámica de aula dende principio de curso.

## ESPECIALIDADE EDUCACIÓN FÍSICA

No curso 2023/2024 no CRA Raíña Aragonta impartíuse a psicomotricidade cunha mestra especialista en Educación Física nas 14 unidades do 2º Ciclo de Educación Infantil, 7 de elas en distintas parroquias da localidade (O Barreiro, San Xurxo, A Picoña, Entenza, Fontán, Soutelo e Budiño), que corresponden coas aulas mixtas de 3,4 e 5 anos) e 7 na sede na Esfarrapada (tres grupos de 3 anos, dous grupos de 4 anos e dous grupos de 5 anos).

As sesións distribuíronse do seguinte xeito:

- Luns: 3 anos A e B e 4 anos B.
- Martes: aulas mixtas de O Barreiro, San Xurxo e A Picoña.
- Mércores: 5 anos B, 4 anos A e 3 anos C.
- Xoves: 5 anos A.
- Venres: aulas mixtas de Entenza, Fontán, Soutelo e Budiño.

Cada grupo clase recibiu unha sesión semanal de 60 minutos, o cal é totalmente insuficiente nunha etapa na que o movemento debe ser a base pola cal os nenos e nenas adquiran as súas aprendizaxes.

En canto ós espazos para impartir as clases, na sede empregouse un ximnasio, un patio cuberto e varios patios descubertos que rodean o centro.

No caso das aulas mixtas, impartíuse a psicomotricidade nas propias aulas ou nos patios de cada unha delas. Ademais, algunha delas como Soutelo, Fontán, Budiño e San Xurxo contan cun espazo propio para o desenvolvemento da materia. Destacar a cesión do Pavillón municipal de Entenza para o desenvolvemento da materia durante as sesións de Educación Física, feito

moi positivo, xa que a aula resulta moi pequena para alcanzar certos obxectivos propostos.

O material utilizado nas sesións foi variado e diverso, en función dos contidos a traballar e obxectivos a alcanzar.

Empregamos pequeno material (aros, ladrillos, cordas, picas, pelotas, zancos, conos...) e gran material (colchóns, bancos suecos, espaleiras, balóns xigantes, paracaídas...).

Destacar que non todas as escolas contan con material de Educación Física suficiente e é unha gran incomodidade ter que transportalo de unhas a outras. Ademais certo material (coma os módulos de goma espuma) é imposible levalos, limitando así certas experiencias e actividades ao noso alumnado das aulas mixtas. Con todo, este curso, dotouse ao centro de diversos módulos de espuma que forman parte do material do que se dispón no edificio de A Esfarrapada. Con todo, o ideal sería ir dotando, pouco a pouco, todas as aulas mixtas de maior cantidade de material e poder aumentar así, as experiencias motrices.

Coa programación pretendíase acadar unha serie de obxectivos, contidos a través duns métodos pedagóxicos para despois avalialos a través duns criterios de avaliación que axudan ao logro dese desenvolvemento integral e harmónico da persoa en diversos planos: mental, cognitivo, emocional, afectivo, físico e social, e a procura das aprendizaxes que fixeran posibles o desenvolvemento integral do alumnado.

A nivel xeral, tendo en conta ás diferenzas evolutivas segundo a idade e características persoais, ao longo de todo o curso estivemos a traballar aspectos como:

- Dende o punto de vista psicomotriz: esquema corporal, percepción espazo-temporal, coordinación dinámica xeral, equilibrio, ton postural, relaxación... A través de circuitos, momentos de calma...

- Dende o punto de vista das habilidades motrices: manipulacións, lanzamentos, recepcións, saltos, desprazamentos, xiros... A través de circuítos con salto de vallas, con pés xuntos e/ou alternos, trepas polas espaleiras, camiñar por encima de diferentes estruturas a diferentes alturas...
- Dende o punto de vista socio afectivo: autonomía, comunicación, socialización, creatividade, empatía, tolerancia, integración, expresión corporal, regras... A través de xogos que implican movemento e a relación entre os iguais.

A metodoloxía empregada foi activa e variada entre as que destacan o descubrimento guiado, a resolución de problemas e a libre exploración. O obxectivo era que os cativos e cativas fosen os protagonistas das súas propias aprendizaxes. O xogo foi o principal recurso empregado polo seu carácter lúdico e motivador.

Para avaliar empregáronse diferentes técnicas e instrumentos co fin de recoller a máxima información: diario da mestra, escalas de observación e vídeos.

## ESPECIALIDADE RELIXIÓN

A valoración do curso académico 23/24 na materia de relixión foi totalmente positiva xa que o alumnado mostrou en todo momento interese, motivación e participación nas tarefas e dinámicas realizadas.

Unha gran vantaxe foi contar cunha aula propia de relixión a cal ten numerosos recursos, entre eles unha pantalla táctil interactiva e tendo tamén a oportunidade de utilizar a biblioteca, a aula sensorial ...

Tamén me pareceu moi gratificante poder participar nas diferentes saídas, e actividades realizadas no colexio.

## ESPECIALIDADE LINGUA ESTRANXEIRA.

Durante o curso 2023-2024 o alumnado do CRA Raíña Aragonta, 192 alumnas/os, recibiu clases de Inglés distribuídos/as en sete aulas na sede e sete aulas en distintas parroquias.

As sesións de lingua estranxeira desenvolveronse nunha sesión semanal de 60 minutos de duración temporalizadas do seguinte xeito:

- Luns: aulas de Budiño, Soutelo, Entenza e Fontán
- Martes: 5º infantil A, 6 infantil A e 6º infantil B.
- Mércores: 5º infantil B e 4º infantil B.
- Xoves: aulas de San Xurxo, Barreiro e Picoña.
- Venres: 4º Infantil A e C.
- 

Este ano as sesións de lingua estranxeira levaronse a cabo nunha aula específica compartida con educación relixiosa. A aula dispón de recursos tecnolóxicos tales como pizarra interactiva, ordenador e panel dixital.

A zona de asamblea serviu para levar a cabo as rutinas (saúdo, tempo, día da semana, control de faltas de asistencia...) e o resto de espazos para levar a cabo xogos estáticos como bingos, dominos e diferentes actividades que favorecían a motricidade fina así como actividades de motricidade grosa baseadas no T.P.R., dramatizacións, integración das novas tecnoloxías a través do emprego de tablets e beebots, etc.

Dende outubro ata maio contamos cunha auxiliar de conversa de orixe estadounidense xa que o centro forma parte da rede de centros plurilingües de Galicia. Por cuestións organizativas e de recursos neste curso escolar a auxiliar asistiu simplemente as aulas da sede do CRA . A figura da auxiliar de conversa favoreceu a adquisición de competencias socioculturais ademais de

axudar notablemente a mellora da competencia lingüística nun ano no que o eixo conductor foron os debuxos animados.

### **GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E CONTIDOS IMPARTIDOS.**

Os obxectivos xerais da programación favoreceron o desenvolvemento das destrezas orais do alumnado (tendo en conta sempre a comprensión e o desenvolvemento intelectual, expresivo, psicomotor e social).

A meirande parte do alumnado acadou plenamente a comprensión oral na nova lingua, así como os obxectivos propostos na programación de principio de curso.

### **ACTIVIDADES LEVADAS A CABO**

- Halloween.
- Elaboración dun vídeo de presentación coa axuda da auxiliar e adaptación con pictos.
- Easter egg Hunt..
- Colaboración co equipo de biblioteca proporcionando suxestións lectoras.
- Elaboración dunha páxina na revista escolar.
- Colaboración coa aula de Entenza para levar a cabo unha representación do conto de Eric Carle "Today is Monday" e posterior elaboración dunha montaxe.

### **DIFICULTADES ATOPADAS**

- O uso dun código lingüístico diferente, especialmente caracterizado por posuír novos sons.
- O coñecemento de distintos aspectos socioculturais que non se corresponden coa realidade na que o alumnado se desenvolven diariamente.
- O desenvolvemento da capacidades e estratexias para a adquisición da lingua inglesa que requiriron entender e usar as habilidades verbais e non verbais.

- O período de silencio do alumnado.
- Dificultades de articulación do novo alumnado na L1 .
- A dificultade para centrar a atención e escoita activa por parte do alumnado.

## **CONCLUSIÓN**

A metodoloxía baseada no método do TPR, o uso de rutinas, a variedade de actividades, o apoio proporcionado pola auxiliar de conversa por tratarse dun centro plurinfantil e o uso dunha mascota como vínculo afectivo así como un elemento para crear unha necesidade de empregar a lingua estranxeira, integrou dun xeito homoxéneo a todo o alumnado, independentemente das súas características propias e favoreceu á atención á diversidade.

Houbo dificultades, en ocasións, para manter a atención do alumnado así como un período de silencio por parte do mesmo, en casos particulares, superior ao que evolutivamente correspondería, especialmente no alumnado de 4º Infantil, debido a que a temporalización das sesións (venres última sesión da mañá). Ademais, a duración das sesións supón un reto engadido.

Observáronse diversos problemas de articulación que inicialmente puideron pasar desapercibidos pero a axuda da auxiliar permitiu solventalos con maior facilidade.

De cara o vindeiro curso sería convinte seguir traballando en actividades que faciliten a escoita activa e a atención así como establecer unha maior comunicación coas titorias para poder levar a cabo un traballo conxunto que facilite o proceso ensino- aprendizaxe.

## **DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA**

A biblioteca escolar do CRA Raíña Aragonta é un lugar privilexiado que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e convivencia. Ademais reforza todos e cada un dos programas e proxectos do centro.



Dende o Equipo de Biblioteca tentamos integrar a biblioteca na práctica docente, transformándoa nun centro creativo de aprendizaxes, de carácter dinámico e en constante actualización, dotando ao profesorado e ao alumnado de múltiples recursos e ofrecendo actividades que fortalezan e desenvolvan as competencias e os hábitos lectores.

O Equipo de Dinamización de Biblioteca Escolar está formado por catorce docentes:

- Leirós Pereira, Iris (coordinadora do equipo)
- Alonso González, Elvira
- Álvarez Hijosa, Sheila
- Álvarez Lago, Helena
- Couñago Cao, Patricia
- Fernández González, Lorena
- Ferro Rodríguez, Laura
- Marcos Portela, Almudena
- Marino Gil, Teresa
- Pérez Martínez, Ana Belén
- Rodríguez López, María Luz
- Sanromán Lorenzo, Noelia
- Varela Sánchez, Damián
- Vieira Vicente, Judit (substituta Da Silva Diego, Ana Belén)

#### GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Dende a biblioteca deseñamos un plan adaptado ás características específicas do noso alumnado, encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura dende todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe.

A continuación mostramos os obxectivos que foron programados para este curso escolar e o grao de cumprimento de cada un deles.

- Proporcionar ao noso alumnado unha igualdade de oportunidades onde todos teñan acceso aos recursos e materiais da biblioteca escolar. SUPERADO
- Inculcar e fomentar nos nenos e nenas o hábito e o pracer pola lectura, a aprendizaxe e a utilización da biblioteca. SUPERADO
- Impulsar o emprego e bo uso da biblioteca así como de todos os seus recursos dispoñibles. SUPERADO
- Diseñar actividades de alfabetización mediática e informacional para a comunidade educativa. SUPERADO
- Diseñar actividades de formación para o profesorado e formación de usuarios. SUPERADO
- Crear novos espazos no centro para promover a lectura como fonte de valores e tamén de pracer e diversión, estimulando a súa curiosidade e creatividade. SUPERADO
- Fomentar a participación e implicar a comunidade educativa na vida da biblioteca escolar. SUPERADO
- Promover e fomentar os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fora do conxunto da comunidade escolar. SUPERADO
- Avanzar cara a unha biblioteca inclusiva que fomente a aceptación da diversidade. EN PROCESO
- Fomentar a lectura cos servizos de préstamo. SUPERADO
- Dinamizar a páxina web da biblioteca ofrecendo diferentes recursos, contidos e actividades a comunidade educativa. SUPERADO
- Coñecer o espazo da Radio escolar e familiarizarse cos materiais e elementos que a compoñen. SUPERADO

#### ORGANIZACIÓN E XESTIÓN TÉCNICA DA BIBLIOTECA

Ao longo deste curso escolar o Equipo de Biblioteca tivo reunións periódicas e mantivemos sempre unha comunicación constante a través de correo electrónico, o que nos permitiu coordinar, organizar e estruturar as tarefas.

Grazas a esa coordinación, dende o Equipo de Biblioteca realizamos diversas tarefas que describimos a continuación:

- Ao comezo do curso escolar reordenamos e catalogamos todos os fondos das aulas da sede, para que todos os recursos quedaran rexistrados na biblioteca central.
- Adquirimos novos fondos bibliográficos e catalogamos e etiquetamos os novos fondos no programa MEIGA.
- Reunímonos mensualmente para deseñar as actividades de fomenta da lectura e alfabetización informacional, para dinamizar o blog da biblioteca, coordinar as actividades e organizar préstamos, establecer o calendario de gardas, definir e organizar as normas da biblioteca, etc.
- Organizamos os horarios da biblioteca para a asistencia dos diferentes grupos e creamos os carnés para todo o alumnado do centro.
- Establecemos novas seccións no blog da biblioteca en colaboración co Equipo TIC.
- Continuamos cos préstamos de aula e co préstamos para as familias (libros, maletas creativas e viaxeiras, préstamos de adultos) os martes e xoves pola tarde.
- Creamos unha mochila viaxeira para cada aula, para que os alumnos e alumnas poidan gozar de momentos de lectura en familia.
- Seguimos realizando a "Hora de Ler" a través de carpetas semanais que percorreron cada aula.
- Seguimos colaborando e organizando actividades en común coa biblioteca do CEP Altamira e coa biblioteca pública do concello de Salceda. Neste curso coordinámonos por primeira vez coa biblioteca do IES Pedras Rubias. Mantivemos diversas reunións cos seus coordinadores para organizar as actividades.
- Reunímonos na Comisión de Biblioteca para establecer directrices a seguir ao longo do curso escolar.
- Cada mes realizáronse publicacións de recomendacións de lectura, segundo a temática ou conmemoración que se estaba a traballar. E no Nadal e no mes de xuño elaboráronse folletos para as familias con recomendacións de lectura e xogos educativos.

- Levamos a cabo un Proxecto de traballo sobre os debuxos animados chamado "Aragonta Films". Establecemos uns obxectivos a desenvolver ao longo do curso. Realizamos unha investigación sobre os debuxos creando unha maleta con diferentes técnicas empregadas, elaboramos personaxes e escenarios da Historia de Ara (que é a nova protagonista da biblioteca) para realizar, como produto final, unha curtametraxe feita polos nenos e nenas do CRA.

- Elaboramos e creamos libros da Historia de Ara, xunto cunha cantiga asociada.

- Impartimos unha formación de usuarios a todo o profesorado nunha sesión presencial na que se lle ensinaron as principais normas de organización e funcionamento da biblioteca e elaboramos un tríptico con diversa información.

- Realizamos unha formación de usuarios dirixida ao noso alumnado a través dun vídeo explicativo da nosa nova protagonista Ara.

- Elaboramos trípticos para os familias, para que coñezan a estruturación e as normas da biblioteca.

- A coordinadora da biblioteca elaborou dous manuais, un sobre o manexo do Programa MEIGA (préstamos, devolucións, busca de exemplares) e outro para facer publicacións no blog da biblioteca.

Ademais difundiu o programa de lectura dixital E-LBE.2 entre o profesorado e as familias do alumnado, creando un manual de uso.

- Creamos o logo e cartel da Radio Escolar "Radio Araonda", tamén creamos podcast e elaboramos un vídeo explicativo para o alumnado do funcionamento da radio e os elementos que a compoñen.

- Creamos novos puntos de exposición das novidades e a realización dos carteis.

## ACTIVIDADES ESPECÍFICAS REALIZADAS POLO EQUIPO DE BIBLIOTECA

Dende o Equipo de Biblioteca clasificamos as actividades en dous grupos: por unha banda están as actividades fixas que publicamos na web mensualmente

ou trimestralmente (catálogo virtual, videocontos, recuncho maker, recuncho de relaxación, familias lectoras...) e por outra banda están as actividades relacionadas coas conmemoracións ou con datas especiais

.

- ❖ 24 de outubro celebramos co noso alumnado o DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES. Ese día presentamos a nosa nova protagonista da biblioteca chamada ARA. Decoramos a nosa biblioteca para a ocasión e os cativos atopaban a porta da biblioteca pechada cun cadeado de 3 cifras. O alumnado tiña que realizar unha serie de retos para conseguir descifrar o número e poder coñecer a Ara.

- ❖ No 13 de febreiro celebramos o DÍA MUNDIAL DA RADIO, e tamén aproveitamos para traballar o Día de Rosalía de Castro, onde o alumnado tivo unha primeira toma de contacto coa Radio conmemorando á escritora.

- ❖ Para celebrar a SEMANA DO LIBRO dende a biblioteca realizouse un ROTEIRO LITERARIO coa colaboración da ANPA As Landras e o concello, co obxectivo de achegar ao noso alumnado ao mundo da lectura a través de diferentes experiencias.

- ❖ Ao longo deste curso escolar elaboramos tres videocontos para celebrar diferentes datas. Para conmemorar o DÍA DAS ESCRITORAS escollemos o conto "Cierra los ojos" da autora Victoria Pérez Escrive, para festexar o DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN eliximos o conto "O paraugas de cebra" do autor David Hernández Sevillano e para eloxiar o DÍA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL deseñamos o conto "Non é unha caixa" de Antoinette Portis.

- ❖ Na sección do Recuncho Maker elaboramos diferentes vídeos paratraballar o MES DA CIENCIA EN GALEGO (centrado na experimentación coas follas do outono), o DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA (propoñendo distintos retos) e o DÍA MUNDIAL DA SAÚDE (traballando o tema "A miña saúde o meu dereito").

- ❖ No apartado do Recuncho de Relaxación traballamos o DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR, o DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ e o DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, producindo imaxes, vídeos interactivos e propoñendo actividades.

## LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2024/25

A continuación redactamos as liñas prioritarias que establecemos dende o Equipo de Biblioteca para o vindeiro curso escolar.

- En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como "laboratorio creativo de aprendizaxes".

Antes de comezar a expoñer as liñas prioritarias do vindeiro curso cómpre explicar algunhas das características que ten o noso centro, que nos condicionan a non acadar moitos dos obxectivos que se propoñen dende PLAMBE.

Informar que o CRA Raíña Aragonta é un centro onde só se imparte o segundo ciclo de Educación Infantil (con alumnado matriculado entre os 3 e os 6 anos).

Ademais, somos un centro rural agrupado con 14 aulas, das que sete están no núcleo urbano (situadas no mesmo edificio que a biblioteca escolar) e outras seis aulas están situadas nas distintas parroquias do concello.

O noso obxectivo primordial é proporcionar ao noso alumnado a mesma igualdade de oportunidades e que todos teñan acceso aos recursos que ofrece a biblioteca escolar, polo que o Equipo de Biblioteca seguirá achegando os diferentes materiais, recursos e fondos bibliográficos ás aulas das parroquias a través de baús e caixas.

Este curso centralizamos todos os libros que habían nas aulas do edificio central, xa que o ano anterior centralizamos todos os fondos das aulas das parroquias. Polo tanto, todos os materiais bibliográficos están xestionados, catalogados e centralizados na biblioteca escolar. Para o vindeiro curso un dos obxectivos será elaborar unhas caixas con fondos bibliográficos para circular por tódalas aulas da sede (cambiando cada mes), do mesmo xeito que facemos con baús polas aulas de parroquias (con fondos bibliográficos, xogos e materiais sensoriais, mesa de luz...).

Outra das liñas que pretendemos acadar para o vindeiro curso será a posta en funcionamento da iniciativa "bookcrossing" (intercambio gratuito de

libros), xa que neste curso quixemos comezar coa proposta, aínda que non foi posible poñela en marcha. Para levalo a cabo colocaremos unha caixa coas normas e a explicación do seu funcionamento no patio cuberto do edificio central e nunha das parroquias do colexio. Se a iniciativa ten unha boa aceptación, para os próximos cursos, poderíamos amplialo a máis aulas.

Por outra banda, seguiremos coa adquisición de novos fondos e seguiremos catalogando todas estas novas coleccións no programa MEIGA e os materiais TIC na plataforma LIBIB.

Pretendemos seguir co método de exposición das novidades (se é posible amplialo ás aulas de parroquias) e publicacións das novas coleccións que se adquiren ou cheguen ao centro. Tamén pretendemos facer unha sección de préstamos de xogos para as familias. Tamén solicitaremos o programa Radio na Biblio, xa que consideramos que a radio é unha gran ferramenta pedagóxica e este ano xa puxemos en marcha o laboratorio de imaxe e son que creamos no centro. O noso obxectivo para o vindeiro curso é que os nenos e nenas continúen empregando este espazo e se familiaricen cos materiais que se atopan nel. Tentaremos que os nosos alumnos aprendan a manexar e utilizar a tecnoloxía e a linguaxe relacionada coa audición e a radio, para promover a alfabetización múltiple.

Crearemos unha maleta de investigación específica da temática a traballar neste curso para que o noso alumnado aprenda dun xeito significativo mediante a observación e a experimentación (este recurso irá rotando polas distintas aulas).

Por último, promoveremos a colaboración e a organización de actividades conxuntas coas bibliotecas do noso concello.

- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

A temática do noso proxecto de traballo para o vindeiro curso é a "ciencia" e traballaremos todo o centro en relación a temática escollida. Traballaremos

globalmente, intentando relacionar as actividades e conmemoracións co proxecto de centro. Finalmente, elaboraremos un produto final do noso traballo ao final do curso.

Dende o Equipo de Biblioteca fomentaremos o uso dos recursos maker que temos na biblioteca (set de croma, scornabots, tabletas...).

A web da biblioteca seguirá sendo un recurso imprescindible para achegar a biblioteca ás familias e ao resto da comunidade educativa, por iso seguiremos impulsando este recurso, que é a nosa principal canle de difusión e promoción.

E remataremos establecendo reunións mensuais co Equipo de Biblioteca para avaliar o progreso, reflexionar sobre o traballo realizado e tomar novas decisións. E ao mesmo tempo tamén teremos en conta as decisións adoptadas nas reunións trimestrais coa Comisión de Biblioteca.

· En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital).

No primeiro trimestre realizaranse diversas actividades de formación de usuarios. Comezaremos pola formación do profesorado, realizando unha formación presencial onde trataremos as normas de organización e funcionamento da biblioteca, a busca no catálogo da Meiga, a CDU, a distribución das seccións... e se elaborará un tríptico con esta información.

Tamén se elaborarán folletos para as familias con información relacionada coa organización, estrutura e recursos da biblioteca.

En canto á formación do noso alumnado (nenos e nenas de entre 3 e 6 anos) esta farase a través de xogos ou vídeos formativos.

Ademais da formación de usuarios no centro, seguiremos formándonos a través do PFPP e trataremos de participar nas Xornadas e nos Encontros do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia. O profesorado tamén recibirá formación sobre o manexo de material tecnolóxico e os recursos que se atopan no espazo maker, para levar a cabo esta actividade solicitaremos a axuda do Equipo de Dinamización das TIC.



- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información).

Seguiremos organizando a “Hora de Ler” a través das bolsas de lectura que viaxarán a cada aula con novos fondos, co obxectivo de fomentar o amor pola lectura entre o noso alumnado. Seguiremos organizando o itinerario lector, para que todo o noso alumnado poida acceder aos mesmos recursos e fondos.

Por outra parte, continuaremos coas mochilas viaxeiras, xa que neste curso tivemos unha para cada aula.

Continuaremos co préstamo semanal para familias (libros, maletas creativas, maletas viaxeiras e préstamos para adultos) os martes e xoves pola tarde.

Proseguiremos co deseño de actividades de animación á lectura, que se incluírán no blog da nosa biblioteca, a través das diferentes seccións.

Queremos seguir realizando roteiros literarios, xa que este curso tivo unha boa acollida polo alumnado. Por iso, o noso obxectivo é organizar un roteiro literario por curso académico e para iso solicitaremos a axuda das familias e da ANPA As Landras.

Por último, informar que dende a biblioteca se elaborarán guías de lectura e recomendacións lectoras, se publicarán as novidades e se realizarán exposicións temáticas que nos axudarán a dar a coñecer de xeito máis atractivo os fondos da nosa biblioteca. Ademais, unha vez ao trimestre, o alumnado de 6º de Educación Infantil elaborarán un vídeo con recomendacións lectoras.

- En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

Dende a biblioteca promoveremos a sensibilidade de avanzar cara unha biblioteca máis inclusiva, que responda ás necesidades de todo o alumnado do centro.

Seguiremos fomentando o uso da aula multisensorial, xa que potencia positivamente os sentidos sensoriais do alumnado, facilita a coordinación, favorece as relacións sociais e a integración entre o alumnado.

Ademais, continuaremos mercando fondos adaptados como libros de lingua de signos, libros con pictogramas, libros con criterios de lectura fácil, libros con imaxes...

Dende o equipo potenciaremos o uso das mesas de luz sensoriais, xa que axudan ao desenvolvemento das habilidades motrices, cognitivas e lingüísticas.

E seguiremos ofrecendo actividades significativas e adaptadas a todo o noso alumnado.

#### DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTA DE MELLORA

En canto ás dificultades atopadas, temos que informar que é complicado reunir a todos os membros do equipo, xa que temos uns horarios moi limitados para xuntarnos e no centro temos múltiples reunións, que nos impiden realizar estas asembleas e dedicarlle o tempo necesario para tomar acordos e propoñer ideas. Ademais, tódolos anos chegamos a conclusión da gran cantidade de actividades que se propoñen e que temos que reducilas para unha mellor calidade educativa.

E respecto das propostas de mellora, están todas redactadas no apartado das liñas prioritarias de actuación para o vindeiro curso escolar 2024/2025.

#### AVALIACIÓN

Neste curso partimos dunha avaliación inicial onde valoramos e analizamos os resultados obtidos. Seguimos as indicacións da Asesoría de Bibliotecas Escolares e realizamos unha enquisa ao profesorado para observar e detectar as necesidades e posibles camiños a seguir.

Realizamos unha avaliación continua onde valoramos os resultados obtidos na realización de cada unha das actividades. Isto foi posible grazas as reunións constantes e a coordinación co resto dos equipos. Levamos a cabo unha táboa de rexistro, especificando o obxectivo, o grao de consecución, a avaliación e os aspectos a mellorar. Esta valoración foi realista e concreta.

E para finalizar, realizamos unha avaliación final onde levamos a cabo unhas enquisas tanto ao alumnado, ao profesorado e tamén as familias para analizar os resultados obtidos e poder mellorar de cara os vindeiros cursos.

## DINAMIZACIÓN TICS.

A LOE/ LOMCE/LOMLOE establece entre as súas competencias básicas a **competencia dixital**, consistente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, transformándoa en coñecemento. Para acadar entre o alumnado esta competencia faise imprescindible a introdución das Tecnoloxías da Información e Comunicación no centro de ensino, facéndoo extensible ao resto da comunidade educativa, algo que dende o noso colexio se estivo levando a cabo ao longo deste curso escolar.

Ademais, a comunidade educativa fixo uso das diferentes ferramentas TIC que a Consellería de educación pon ao dispor dos centros (abalar móbil, aula virtual, páxina web, cisco webex e correo corporativo), que serviron para continuar coa actividade lectiva e favorecer a relación familia- escola.

Con respecto aos obxectivos propostos ao inicio do curso na nosa programación, pódese sinalar que se intentaron actualizar e restaurar, na medida do posible, os ordenadores cos que xa contabamos. Ademais, no primeiro trimestre, estívose desenvolvendo un rexistro sobre o estado de todos estes equipos para facilitar así a labor educativa.

Por outra banda e xa que o centro continúa dentro do PLAMBE, todo o material TIC de empréstito para que o profesorado utilice na súa docencia, segue centralizado na biblioteca. Tamén se seguiu catalogando o material TIC de nova incorporación a través da plataforma **LIBIB**, onde os mestres e mestras poden consultar os recursos tecnolóxicos dispoñibles, os que están en empréstito ou incluso proceder a facer unha reserva dalgún deles.

Por último, en canto ás actividades propostas dende este equipo para desenvolver ao longo do curso, sinalar que todas se puideron desenvolver sen dificultades significativas, contando coa colaboración e implicación de todo o profesorado e as familias. As que se levaron a cabo foron as seguintes:

- Nadal: elaboración dunha montaxe con stop motion na que a mascota

da biblioteca "Ara" retransmitía as badaladas xunto cos diferentes mascotas de cada aula.

- Entroido: montaxe do vídeo coa recompilación de fotos do entroido.
- Elaboración e maquetación da revista badaladas. En colaboración co equipo de normalización e os titores/as das diferentes aulas e especialistas.
- Formación de usuarios: ao inicio de curso levouse a cabo unha formación para explicar como publicar contido na páxina web do centro.

Ademais disto, todos os membros do equipo TIC estivemos á disposición tanto do profesorado como dos demais equipos e dinamizacións para asesoralos e axudalos nas cuestións relacionadas coas tecnoloxías, xa fosen actividades ou tarefas que implicasen o uso destas; programación e utilización de equipos, como a xestión de incidencias.

## ANEXOS 1:

### **MEMORIA PLURINFANTIL**

Debido a que o centro non conta cos RRHH necesarios para a impartición deste programa paralizouse durante o curso 23-24 a implementación do mesmo á espera de que a administración dote ao centro dos RRHH necesarios para a súa continuidade no curso 24-25.

## MEMORIA ANPA

MEMORIA 2023/2024

XUÑO:

Celébrase a última assemblea ordinaria do curso anterior, na que valoramos todás as actividades levadas a cabo durante ese período.

XUÑO E AGOSTO:

Publicouse o formulario para que todas as persoas con fillos e fillas matriculadas no CRA Raíña Aragonta, poidan facerse socias. Xunto a este, tamén fumos publicando os formularios para apuntarse ós diferentes servizos ofertados dende a ANPA: comedor, aula matinal, aula tardía e o servizo múdame.

Fixemos unha saída ás Illa Ons, grazas a unha subvención "En ruta coa depo".

SETEMBRO:

Levamos a cabo a primeira assemblea extraordinaria deste curso na que puidemos falar de todos os servizos de conciliación, como son o comedor, aula matinal, múdame, aula tardía e, tamén, as actividades extraescolares.

Queda definido o calendario das actividades extraescolares, que comezarán en outubro e terminarán o último día lectivo de maio, tras reunirmos coas dúas empresas que as levaron a cabo: Clarexa e Sport Kids; sempre consensuado coa dirección do centro. Para informar ás familias mantivemos unha reunión onde puidemos resolver todas as dúbidas. O calendario quedou da seguinte maneira:

- ☒ Luns: multideporte.
- ☒ Martes: danza urbana.
- ☒ Mércores: Baile moderno e Fun Kids English.
- ☒ Xoves: Ciencias divertidas.
- ☒ Venres: peque chef.

En xuño, poderase realizar un pequeno festival cos monitores e monitoras das actividades extraescolares.

OUTUBRO:

Realízase na Devesa, xunto coa ANPA Altamira e coa colaboración do Concello, un taller de cabazas de Samaín, onde os nenos e nenas puideron decorar a súa cabaza cos materiais aportados polas ANPAs, fixeron diferentes actividades relacionadas co Samaín e pintacaras.

NOVEMBRO:

Realizamos o magosto na sede do CRA para todo o alumnado, preparando e aportando dende a ANPA os materiais necesarios.

DECEMBRO:



Coma todos os anos, o alumnado do CRA prepara adornos con materiais de refugallo para decorar a árbore de Nadal que o Concello nos presta durante estas datas. Permanece exposto no propio Concello ata despois de reis. Poucos días antes das vacacións de Nadal, os Elfos visitan o CRA Raíña Aragonta, na sede e nas parroquias.

Preparamos camisetas estampadas con "SOS pediatría Salceda", pensando en que os corredores e corredoras da San Silvestre a levasen posta durante a carreira.

#### XANEIRO:

Dende "SOS pediatría Salceda", convocamos unha concentración na plaza do Concello, para seguir reivindicando a necesidade urxente de cubrir a plaza de pediatría na nosa vila.

#### MARZO:

Preparamos a "Festa de Pascua" coma o curso anterior, con búsqueda de ovos, pintacaras, talleres, globoflexia e xogos populares.

#### ABRIL:

Con motivo do día do Libro, repetimos a actividade do roteiro literario. Xunto con varias voluntarias, decidimos que no percorrido os alumnos e alumnas fosen atopándose coas persoaxes de diferentes debuxos animados e realizar en cada parada unha pequena proba, para rematar cun gran baile todos xuntos.

#### XUÑO:

A ANPA As Landras aportou 5€ á excursión de fin de curso para cada neno e nea socia.

Última assemblea ordinaria do curso, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
- Estado de contas.
- Actividades realizadas durante o curso.
- Temperaturas.
- Páxina Web.
- Orientación dos servizos do curso 23/24.
- Pediatría
- Rogos e preguntas.

Nestes meses estivemos moi pendentes das decisións da Xunta con respecto ás altas temperaturas da sede, xa que consideramos que as medicións feitas por esta non mostran a realidade. Durante todo o ano, a directiva da ANPA reuniuse en múltiples ocasións coa dirección do centro e co Concello para poder levar a cabo todas estas acción e actividades.

Para a organización de cada unha delas, tamén celebramos diversas xuntanzas entre nós. E sempre intentamos resolver as dúbidas de todas as

familias do CRA Raíña Arangonta, inclusive aquelas persoas que non son socias.

## **MEMORIA CONCELLO:**

MEMORIA FINAL DE COLABORACIÓN DO CONCELLO CO CRA

CURSO 23-24

Actividades culturais:

- Elfos en cada unha das unitarias.
- Visita á biblioteca municipal con contacontos.

Subvención nominativa:1000 €

Obras de mantemento e mellora:

Sede:

- Limpeza dos caleiros do edificio da sede.
- Cementación debaixo das escaleiras de emerxencia.
- Pintado en corbranco das aulas: 3, 6, 5, 2 e dependencias de secretaría.
- Arranxo de humidades do aseo dos Mestres no teito, planta baixa.
- Tapado de buracos de terra.
- Masa nas escaleiras para o Altamira.
- Colocación de pedra caída nos areeiros.Limpeza e nova area para os areeiros.
- Limpeza da canleto do muro de carga.
- Illamento acústico da zona do servidor e posterior pintado da aula
- Colocación de casiñas dos libros
- Colocación de cartelería de radio polas unitarias e de bo uso das pantallas.

Budiño:

- Colocación de vinilos nos cristais para reducir a intensidade do sol.
- Copias das chaves do pavillón.
- Cambio de barras de luz por focos para mellorar a iluminación.

Picoña:

Renovación completa da cuberta no verán 2023: 30.000 €

Canalóns: 1.706,1 €

Cambio da instalación eléctrica na parte superior do edificio e bloqueo da instalación na parte antiga da escola: 1.500 €

San Xurxo:

Remodelación da aula anexa. Renovación dun baño e creación doutro novo.

SERVIZOS INDIRECTOS:

Derivacións ao servizo de logopedia municipal.

Derivación ao campamento urbano municipal.

Derivación ao Servizo de Atención Temperá.

## ANEXOS 2:

**INFORME**

**MEMORIA**

**FINAL**



## Informe de memoria final

### Departamento didáctico

Ciclo/Departamento
Segundo ciclo de infantil

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	2023/2024

### Materias, etapas, cursos e grupos

Etapa	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Inf.	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	A, B, C, E, F, G, L, P, S, V
Inf.	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	A, B, E, F, G, L, P, V
Inf.	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	A, B, E, F, G, L, P, S, V
Inf.	Crecedemento en harmonía	4º Inf.	A, B, C, E, F, G, L, P, S, V
Inf.	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	A, B, E, F, G, L, P, V
Inf.	Crecedemento en harmonía	6º Inf.	A, B, E, F, G, L, P, S, V
Inf.	Descubrimento e exploración da contorna	4º Inf.	A, B, C, E, F, G, L, P, S, V
Inf.	Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	A, B, E, F, G, L, P, V
Inf.	Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	A, B, E, F, G, L, P, S, V
Inf.	Relixión Católica	4º Inf.	A, B, C, E, F, G, L, S, V
Inf.	Relixión Católica	5º Inf.	A, B, E, F, G, L, P, V
Inf.	Relixión Católica	6º Inf.	A, B, E, G, S, V

## Memoria final do ciclo/departamento

### Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

Principais aportacións das aulas da SEDE:

3 ANOS:

En termos xerais o desempeño do alumnado foi bo é un bo grupo-aula. Considérase que a programación, en xeral, foi axustándose as necesidades, intereses e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, polo tanto, foi axeitada para o grupo do que son titora. De cara ao vindeiro curso escolar penso que os ítems de avaliación deberían ser revisados. Foron moitas as familias que me comunicaron a dificultade que lles supuxo interpretar toda a información reflectida nos informes de avaliación trimestral.

4 ANOS:

O desempeño curricular do alumnado foi en gran medida moi bo, incluso excepcional. Habendo tamen casos con moitas e moi variadas dificultades na adquisición de conceptos e no seguimento da clase. En canto ao seguimento de rutinas, á vida en sociedade e cumprimento de normas; excepto ese pequeno grupo que nomeei con anterioridade, a aula é un absoluto caos e non atopamos a maneira de encauzala xa que non contamos co apoio e as bases que deberían vir da casa. Os seus resultados sitúanse na normalidade, atopando algunhas desviacións respecto ao agardado para cada grupo de idade.

5 ANOS:

As programacións didácticas leváronse a cabo segundo o previsto ao longo do curso. Nalgunha das mesmas foi preciso realizar algunha modificación. Especialmente na unidade didáctica 1, que ao non poder realizar a visita ao Pazo de Pegullal, empregouse internet e outros espazos para achegar estes contidos ao alumnado. Tamén na unidade didáctica 8, tras manter conversas coa mestra especialista de audición e linguaxe e observar as dificultades que presentaban algúns alumnos nas súas tarefas, considerei necesario seguir reforzando eses aspectos nas sesións realizadas na aula. Con estas tarefas, non se axudou soamente a este alumnado, senón que eran beneficiosas para toda a aula. Todas as unidades didácticas resultaron motivadoras para o alumnado e estaban adaptadas ás súas necesidades, idades e intereses, polo que sempre se amosaron participativos e ilusionados. Aínda que era un grupo moi heteroxéneo, pódese dicir que a maioría do alumnado acadou os obxectivos establecidos. Un dos obxectivos que máis custou traballar ao longo do curso foi a interiorización de hábitos de escoita, sendo acadado ao final do curso.

Todas as unidades didácticas resultaron motivadoras para o alumnado e estaban adaptadas ás súas necesidades, idades e intereses, polo que sempre se amosaron participativos e ilusionados. Aínda que foron grupos moi heteroxéneos, pódese dicir que a maioría do alumnado acadou os obxectivos establecidos. Un dos obxectivos que máis custou traballar ao longo do curso foi a interiorización de hábitos de escoita, sendo acadado ao final do curso.

Principais aportacións das aulas de Parroquias:

Ao longo do curso escolar, as unidades didácticas recollidas na programación foron desenvolvéndose ao longo de cada xornada lectiva, nos diferentes momentos da mesma. De forma, xeral pódese salientar que o desempeño do alumnado foi bo. Os seus resultados sitúanse na normalidade, atopando poucas desviacións respecto ao agardado para cada grupo de idade.

A evolución conseguida polo alumnado de Budiño neste curso foi, en xeral, bastante boa. A pesares de ser un grupo de idades mixtas moi infantil (demasiado bebé) e de que lles custaba bastante centrarse nas súas tarefas, o seu desenvolvemento estivo dentro da normalidade e foi, polo xeral, bastante axeitado en calquera das súas respectivas idades.



De forma, xeral pódese salientar que o desempeño do alumnado durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe foi bo, mostrando un gran interese por aprender e ampliar os seus coñecementos. Os resultados, en xeral, sitúanse por riba do esperado, salvo nos aspectos traballados na unidade 9, onde aquí os resultados non son todo o que cabería esperar, polo que cara o vindeiro curso escolar, debemos facer máis fincapé nestes aspectos.

Os distintos centros de interese programados nas 10 Unidades Didácticas leváronse a cabo dunha maneira globalizada, traballándoos directa ou indirectamente a través das tarefas realizadas en cada xornada. A nivel xeral, o desenvolvemento do alumnado foi satisfactorio e acorde aos obxectivos establecidos para cada un dos tres cursos que integran a aula.

A nivel xeral o alumnado traballou e implicouse no desenvolvemento do programado de xeito axeitado, tendo en conta as diferenzas en relación a cada grupo de idade.

Ao longo do curso escolar 2023/2024, as unidades didácticas recollidas na programación foron desenvolvéndose ao longo de cada xornada lectiva, nos diferentes momentos da mesma. De forma xeral, as unidades didácticas foron desempeñadas tal e como estaban previstas. Os seus resultados sitúanse na normalidade, atopando poucas desviacións respecto ao agardado para cada grupo de idade.

### **Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento/equipo ciclo**

Principais aportacións das aulas da SEDE:

#### **3 ANOS:**

As propostas desenvolvidas polos diferentes equipos que conforman o equipo de ciclo foron axeitadas, permitiron a liberdade para programar tendo en conta as características reais do meu alumnado da aula, centrando a atención nas actividades realizadas conxuntamente. Cómpre sinalar que foron axeitadas e suficientes non provocando unha carga excesiva sumada á actividade de aula. Estas estiveron ben planificadas e organizadas e permitiron ao alumnado disfrutar das mesmas.

#### **4 ANOS:**

As propostas desenvolvidas polos diferentes equipos que conforman o equipo de ciclo foron axeitadas, permitiron á liberdade para programar tendo en conta as características reais do alumnado da aula e, centrando a atención nas actividades realizadas conxuntamente, cómpre sinalar que foron axeitadas e suficientes non provocando unha carga excesiva sumada a actividade de aula. Estas estiveron ben planificadas e organizadas case na súa totalidade e permitiron ao alumnado disfrutar das mesmas. Saliento neste caso particular a actividade de gravación da peli de Ara que concentrou moito traballo en poucos días debido a casuística do noso centro, o cal si foi un trastorno real para o normal desenvolvemento da miña aula. As propostas realizadas polos diferentes equipos que forman parte do equipo de ciclo, foron adecuadas e adaptadas aos tempos e necesidades do alumnado de Educación Infantil. Quizais algunhas propostas dende o equipo de Biblioteca se poderían recortar ou ben que estas sexan máis significativas para o alumnado.

#### **5 ANOS:**

Cabe destacar a boa organización entre os diferentes equipos, posto que para realizar algunha tarefa colaboraban entre eles, o que non implicaba un exceso de traballo para todo o profesorado. A secuenciación das mesmas tamén estivo ben programada, posto que en ningunha ocasión se solapaba unha tarefa con outra e isto permitía integrar ditas propostas nas unidades didácticas desenvolvidas na aula. As actividades desenvolvidas ao longo do curso polo equipo de ciclo estiveron ben planificadas e organizadas sen embargo, dende o punto de vista da titora, considerase que sería mellor a diminución do número de actividades a levar a cabo a nivel aula e se ampliásemos a nivel grupal, permitindo o achegamento do alumnado entre si.

Principais aportacións das aulas de Parroquias:

As propostas desenvolvidas polos diferentes equipos que conforman o equipo de ciclo foron axeitadas,

permitiron á liberdade desta titora para programar tendo en conta as características reais do alumnado da aula e, centrando a atención nas actividades realizadas conxuntamente, cómpre sinalar que foron axeitadas e suficientes non provocando unha carga excesiva sumada a actividade de aula. Estas estiveron ben planificadas e organizadas e permitiron ao alumnado desfrutar das mesmas.

As propostas desenvolvidas polos diferentes equipos (de biblioteca; dinamización lingüística galega; TIC; actividades complementarias; etc.) que constitúen o equipo de ciclo foron axeitadas. Ao longo do curso, as actividades e/ou actuacións que nos propuxeron permitiron que, como titora, puidese levalas a cabo de forma flexible co alumnado, xunto coa programación de aula. A diferenza doutros anos, tamén foron suficientes, evitando que supuxesen unha carga excesiva sumada á actividade de aula. Así mesmo, estiveron ben organizadas e planificadas, permitindo ao alumnado e ao profesorado desfrutar deste tipo de propostas realizadas de forma conxunta.

As propostas desenvolvidas polos diferentes equipos que confoman o equipo de ciclo foron axeitadas, permitindo liberdade para traballar co noso grupo- clase, como consideramos, e adaptándose as características do mesmo. As actividades estiveron ben planificadas e organizadas e permitiron ao alumnado desfrutar das mesmas, ao ter tempo suficiente para anticiparllas na aula, o que favoreceu o seu disfrute e comprensión por parte do alumnado.

As actividades e actuacións que se propuxeron a nivel de centro desenvolvéronse de xeito satisfactorio, adecuándose ao momento psicoevolutivo no que se atopa o alumnado. Non ocuparon un tempo excesivo de planificación e realización, aspecto que favoreceu a sistematicidade das actuacións previstas na programación e impediron unha sobrecarga de traballo tanto para os alumnos/as como para o equipo docente. Foron propostas motivadoras para os nenos/as e adecuadas aos seus intereses

As actividades propostas polos diferentes equipos foron moi apropiadas e como o enfoque era adaptable ás diferentes situacións e casuísticas das aulas, favoreceu a súa práctica e realización. Aínda que nalgún momento concreto solapábanse coas que xurdían na aula e dificultaba a vivenciación axeitada de ambas actividades. Deste xeito puidéronse levar a cabo as actividades propostas polos diferentes equipos conxuntamente, introducindoas na programación de aula. Houbo propostas que motivaban ó alumnado a traballar conxuntamente e colaborativamente, conseguindo moita implicación pola súa parte, intentando mellorar e conseguir resultados óptimos.

Nas sesións periódicas de ciclo desenvolvéronse propostas axeitadas ao proxecto elexido para este curso e outras medidas organizativas respecto a diferentes actividades que permitiron ao alumnado desfrutar das mesmas. As decisións e medidas adoptadas estiveron ben planificadas e foron aplicadas con éxito ao meu grupo específico de alumno/as.

As actividades levadas a cabo dende os diferentes equipos que conforman o equipo de ciclo foron axeitadas. As propostas foron axeitadas para os grupos de idade, tendo en conta as características individuais de cada alumno, sendo ben planificadas e organizadas.

### **Propostas de mellora para o seguinte curso**

Principais aportacións das aulas da SEDE:

#### **3 ANOS**

Se ben a temática anual foi moi motivadora para o alumnado ( os debuxos animados) dende a titoría non resultou sinxelo empregala máis aló como elemento de λatracción- a nosa elección de BLEYλ foi moi acertada. Foi valorada por parte das familias `por transmitir valores moi actuais na sociedade como o respecto pola diversidadeλinseminación, adopción. As dificultades que máis se atoparon na elección deste proxecto foi a creación de pequenos aparellos creados para coñecer os principios da animación.

#### **4 ANOS**

A temática deste curso foi moi motivadora para o alumnado, axudando a introducir os diversos conceptos a traballar e a coñecer moitos outros. Como proposta de mellora, seguir a traballar unha temática xeral pero no vernos obrigados a presentar tarefas a tempo, moitas veces metidas con calzador. Debemos deixar que a

aula, que o alumnado nos leve a aqueles aspectos da temática sobre os que queiran incidir e explotar así todo o seu potencial. Paréceme importante adaptar o noso traballo aos novos recursos tecnolóxicos que se nos ofrecen, sen embargo en moitas ocasión estes non están dirixidos a Educación Infantil e a dar resposta as necesidades e intereses do noso alumnado. Ao mesmo tempo a formación e información que recibimos por parte da Consellería, non é suficiente o cal inflúe directamente no desenvolvemento das aprendizaxes infantís. Gustaríame reflexar o trastorno que supón para o profesorado a cada vez maior carga de burocracia e papeleo innecesario e que en ocasións repercute significativamente nas actividades e propostas que se poden realizar co alumnado.

## 5 ANOS

Aínda que considero que o traballo realizado durante este curso resultou satisfactorio para todos, poderíase valorar no vindeiro curso que o produto final do proxecto de centro fora máis sinxelo, tendo en conta as idades do alumnado. Durante este curso o alumnado participou moito na súa elaboración e amosouse motivado, pero as características das súas idades, dificulta que sexan os que elaboren este produto na súa totalidade. Pensando no alumnado e na diversidade que nos atopamos dentro das aulas, establecería unha temática anual a traballar pero sen establecer unhas propostas en concreto. Desta maneira considero que cada aula poderíase adaptar moito máis as características individuais do alumnado sen verse na obriga de ter que cumprir cunha serie de aspectos. Así mesmo, destacar que, aínda que a temática nun primeiro momento lles motivou moito, chegou un momento no que xa non lles interesaba, sendo principalmente o problema que, dende a titoría, non se atopaban máis aspectos motivadores en base a temática escollida.

## Principais aportacións das aulas de Parroquias:

Se ben a temática anual foi moi motivadora para o alumnado, dende a titoría non resultou sinxelo empregala máis aló de como elemento de -atracción- da atención para ser motor real de aprendizaxes relacionados coa mesma xa que aspectos como os inicios da animación ou a realización de pequenos proxectos de creación resultou bastante complexo. Con todo, esas dificultades non se poden atribuír exclusivamente á temática senón, máis ben, ás características do grupo.

Analizando o conseguido grazas ás diferentes unidades que conforman a programación didáctica, un dos aspectos que deberíamos mellorar para o próximo curso garda relación coa temática anual de centro e a idade a quen vai dirixida. Aínda que o tema dos debuxos animados foi moi próximo e motivador para o alumnado, como titora teño que dicir que á hora de organizar o traballo de aula atopeime con certas dificultades que non foi sinxelo solucionar respecto a, entre outros aspectos: os primeiros pasos da animación, os seus precursores, as técnicas, a realización do proxecto de creación e, especialmente, a adaptarme ás características do meu alumnado (a pesar de ter diferentes idades, conformaron un grupo demasiado ¿infantil?). Así mesmo, independentemente da temática e do que pretendamos acadar, haberá que priorizar as particularidades e circunstancias de cada grupo para ofrecerlles unha resposta máis real e axustada. Non obstante tamén é certo que nas datas nas que temos que facer a programación para o curso, nin podemos coñecer... nin podemos adiantar... como vai ser o noso alumnado nin as necesidades e/ou prioridades ás que imos ter que dar unha resposta de calidade.

Se ben a temática anual foi moi motivadora para o alumnado, fíxose excesivamente curta en canto ao contido en sí, para poder abarcar todo o curso, facendo que nalgunhas ocasións o alumnado tendese a aburrir o tema. O que fixo que o alumnado voltase reconectar coa temática, foi ao enlázalos cos debuxos doutras épocas, o que volveu a espertar o seu interese e motivación.

O centro de interese escollido para a programación atraeu moito o interese do alumnado nun principio, aínda que foi moi complicado manter o fío temático como instrumento para traballar os contidos curriculares. Aspectos como o inicio dos debuxos animados ou a súa historia foron elementos demasiado complexos para o alumnado da aula, sobre todo para os nenos/as de 3 - 4 anos.

Aínda que se acollían ben as distintas propostas, é certo que nalgún momento solapábanse as propostas que xurdían a nivel de centro coas que xurdían na aula en concreto. O ritmo das actividades da aula

condiciona moito con respecto a outras aulas. Hai que partir de que se xuntan moitas características diferenciadas entre o alumnado, e as condicións de ter grupos mixtos, fronte a grupos non mixtos.

Neste aspecto procuraríase ter unha mellor planificación e secuenciación tanto dos contidos, tempos e actividades que ocupan a temática anual do curso.

O proxecto de traballo *¿AragontaFilms¿* tivo boa acollida entre o alumnado, pero gustaríame destacar a necesidade de programar actividades onde o alumnado sexa o realmente protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Nesta ocasión, algunhas actividades, precisaban dunha parte de axuda por parte do profesorado que impedía a súa aprendizaxe directa. A pesar disto, a valoración é positiva.

### Outras observacións

Principais aportacións das aulas da SEDE:

3 ANOS:

Considérase que a programación axustouse ás necesidades, intereses e ritmos e polo tanto foi axeitada ao grupo do que son titora 4º de EI. Aparte destacamos a colaboración en todo momento das familias na aula.

4 ANOS:

A: A través das distintas unidades didácticas tratouse de dar resposta ás diferentes necesidades, aos diferentes intereses e tamén ritmos dun grupo moi heteroxéneo e numeroso. A programación é adecuada en canto ao establecido para a súa idade e foi moi gratificante ver como en gran medida o alumnado acadou e superou con creces os obxectivos curriculares. Sen embargo, como xa indiquei, a nivel emocional e de convivencia é imposible levar a cabo unha clase con normalidade. Foi un curso moi duro, o numeroso do grupo leva dous cursos escolares sendo un gran problema e agora añadimos a falta de colaboración e canto a normas e límites desde a casa. Por desgracia o devenir nos feitos semella que o curso que ven será aínda peor. O grupo aula está moi unido e implicado e quizáis un aspecto a ter en conta é o control das conversacións e da calma dentro da aula, xa que a tendencia é a de falar moi alto e practicamente berrando.

5 ANOS:

A pesar das grandes diferenzas que había no grupo, non resultou difícil poder adaptar todas as aprendizaxes ás necesidades que houbo ou ían xurdindo. Destacarei tamén a implicación das familias na maioría dos casos, que colaboraban no día a día da aula ou reforzaban aspectos necesarios na súa labor como pais/nais. A programación de 6º de Educación Infantil adaptouse aos intereses e necesidades do alumnado. Tendo en conta en todo momento as diferenzas existentes dentro da aula, e buscando manter a súa motivación, leváronse a cabo pequenos proxectos que incluían os aspectos marcados en cada unha das unidades didácticas.

Principais aportacións das aulas de Parroquias:

Se ben a temática anual foi moi motivadora para o alumnado, dende a titoría non resultou sinxelo empregala máis aló de como elemento de -atracción- da atención para ser motor real de aprendizaxes relacionados coa mesma xa que aspectos como os inicios da animación ou a realización de pequenos proxectos de creación resultou bastante complexo. Con todo, esas dificultades non se poden atribuír exclusivamente á temática senón, máis ben, ás características do grupo.

Tendo en conta a miña titoría, o alumnado da aula mixta de Budiño, desenvolvín de forma conxunta a programación dos niveis 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. Mediante as distintas unidades didácticas tratei de dar resposta ás diferentes necesidades, aos diferentes intereses e tamén aos ritmos dun grupo moi heteroxéneo e, especialmente, *¿infantil¿*. Xa para concluír, considero que a programación se axustou ás necesidades, intereses e ritmos do meu alumnado e, polo tanto, foi axeitada para o grupo do que son titora.

A programación dos niveis 4º, 5º e 6º de Educación Infantil desenvólvese de forma conxunta para o alumnado deste aula mixta. A través das distintas unidades didácticas tratouse de dar resposta ás

diferentes necesidades, aos diferentes intereses e aos diferentes ritmos de aprendizaxe destas idades. Considérase que a programación axustouse as súas necesidades, intereses, motivacións e ritmos de ensino-aprendizaxe e, polo tanto, foi axeitada para un aula mixta, a pesares das particularidades que presenta un aula que aúna diferentes idades.

A programación dos niveis 4º, 5º e 6º de Educación Infantil desenvólvese de forma conxunta para o alumnado deste aula mixta. A través das distintas unidades didácticas tratouse de dar resposta ás diferentes necesidades, aos diferentes intereses e tamén ritmos dun grupo moi heteroxéneo. Considérase que a programación axustouse a esas necesidades, intereses e ritmos e, polo tanto, foi axeitada para o grupo do que son titor.

A aula de Picoña partindo das características propias do alumnado, foi desenvolvendo un proxecto de grupo de boa convivencia e facilitando a participación de todos e todas nas decisións e nas actividades. Foi un punto clave a implicación dos nenos e nenas nos coidados do propio centro: nas instalacións e materiais, na zona externa, e sobre todo na horta.

Xa neste último trimestre foi esencial e moi positiva a implicación das familias participando en diferentes obradoiros, moi prácticos, lúdicos e con actividades moi da vida diaria que con moita ilusión acolleron as nenas e nenos.

Para rematar dicir que existiu unha boa conexión entre a miña función como titora, o meu alumnado e as familias. Logramos a cohesión de grupo a pesar de traballar con 3 niveis diferentes pero sempre tendo en conta as características diferenciales de cada un deles.

A programación dos niveis de 4º e 6º de Educación Infantil desenvólvese de forma conxunta para o alumnado desta aula mixta. A través das distintas unidades didácticas tratouse de dar resposta as diferentes características e necesidades de cada alumno/a, aos distintos intereses e os diferentes ritmos de aprendizaxe. Considérase que a programación foi axeitada para o grupo da que son titora.

## **Seguimento final das programacións didácticas**

### **Informe do seguimento da programación didáctica**

Ano académico: 2023/2024

Tipo: Programación Didáctica LOMLOE (Modelo 10-may-2022 8:20:39)

Centro: CRA Raíña Aragonta

Materia: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna - 5º Educación infantil

Réxime: Réxime xeral-ordinario

## Seguimento unidades didácticas

### UD1: Aragonta Films

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O alumnado estivo motivado sempre ante a temática escollida. Como posible mellora paréceme unha boa opción contar con material para facer escenario e personaxes do conto de Ara en versión teatrillo ou marionetas para vivenciar a historia, diálogos, etc na aula.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Integrar os paneis dixitais no día a día da aula.

**Observacións:** Contemplan o tempo transcorrido nas vacacións como hándicap para desenvolver os contidos educativos.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Fomentar máis a colaboración familia-escola, para que se impliquen na aula dos seus fillos mostrándolles os debuxos animados da súa época.

**Observacións:** O alumnado acadou satisfactoriamente os obxectivos recollidos para esta unidade, os cales fomentaron a conexión interxeneracional dos mesmos cas súas familias, ao coñecer os debuxos animados visionados polos seus proxenitores, avós...

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Débense programar tarefas que permitan que o alumnado interveña no 100% do proceso e o produto final, independentemente de que o profesorado preste axuda e supervisión.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** A proposta resultou de interese do alumnado por ser unha temática moi próxima aos seus gustos pero dende o punto de vista do traballo de aula non foi sinxelo abordar outras cuestións relativas á mesma (planificación do traballo creativo, desenvolvemento de personaxes, etc.).

**Observacións:** As sesións destinadas a esta unidade didáctica desenvolvéronse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica resultou de moito interese para o alumnado do 5º nivel xa que a temática dos debuxos animados, ademais de ser moi próxima a eles, resultoulles moi motivante e enriquecedora. Non obstante, á hora de organizar o traballo de aula atopámonos con certas dificultades que foron xurdindo e que tratamos de solucionar da mellor maneira posible, entre elas por exemplo: a elaboración e o desenvolvemento dos personaxes, a planificación do traballo creativo.

**Observacións:** Malia o citado anteriormente, esta unidade foilles moi motivadora e desenvolveuse segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica levouse a cabo contando coa proximidade da temática para as nenas e nenos, dándolle un enfoque máis amplo a coñecer aspectos máis técnicos e iniciándose no coñecemento de elementos esenciais sobre os inicios da animación. O alumnado mostrouse moi interesado e motivado ante as diferentes propostas desta unidade.

**Observacións:** Respectando a diversidade do alumnado tanto tendo en conta as idades como os ritmos de aprendizaxe foise axustando e adaptando axeitadamente.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A unidade didáctica Aragonta films resultou un proxecto de traballo inicial moi interesante como introdución ao novo curso e toma de contacto posto que neste nivel abordar cuestións relativas aos debuxos animados permitiu recabar información respecto a tódalas áreas destacando a autonomía á hora de traballar.

**Observacións:** As sesións destinadas a esta unidade didáctica desenvóléronse conforme ao programado con antelación.

**UD2: Rutinas de aula**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Baixo

**Propostas xerais de mellora:** As rutinas do día a día están establecidas de maneira que o alumnado gañe en autonomía e saiba desenvolverse na escola. Ofrecen variedade de tempos e actividades ao longo do día para que os nenos e nenas vivencien as aprendizaxes e as fagan significativas.  
Paréceme que son as adecuadas.

**Observacións:** Tendo en conta o numeroso do meu grupo aula é practicamente imposible seguir cas rutinas do día a día sen que estas se vexan interrompidas por diversos problemas.  
A miúdo as sesións se teñen que parar para tratar de controlar ao grupo impedindo así o desenvolvemento normal da aula.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Acadar unha maior autonomía durante a realización das rutinas

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Seguir traballando as rutinas da aula como xeito de organizar unha xornada de traballo, e de formento da estruturación espazo-temporal a nivel cognitivo e visual do noso alumnado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Conseguir unha mellor integración das rutinas diarias habituais nas tarefas ou actividades realizadas fóra da propia aula/escola

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** As rutinas de aula foron o motor do noso traballo diario, a forma de abordar a organización do tempo e de xestión dos espazos e materiais. A adquisición da secuencia de actividades diarias foi lenta, supuxo un traballo complexo e requeriú de pasos atrás para afianzar o traballado.  
Dende esta unidade didáctica abordamos a sucesión de actividades que se realizan ao longo da xornada, a xestión das súas pertenzas (roupa, merenda, etc.), o aseo e hixiene, no coidado dos materiais e dos espazos da escola, a convivencia na aula, etc.

**Observacións:** Tendo en conta os resultados da avaliación continúa, foi preciso secuenciar algunhas das rutinas para ir adquirindo pequenas secuencias das mesmas ante as dificultades para reter os diferentes pasos. Con todo, o traballo previsto respecto desta unidade está conseguido para o grupo.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto



**Propostas xerais de mellora:** Nestas idades especialmente, esta unidade constitúese como o eixe fundamental do noso quefacer diario. Todo o demais xira ao redor dos aspectos que aquí traballamos: a organización do tempo (calendario, tempo atmosférico, asistencia/ausencias, normas, merenda, recantos, etc.); a organización espacial; a autonomía; os hábitos saudables; o aseo; as interaccións; etc. Para elo, día a día e de xeito progresivo, fomos levando a cabo determinadas actividades de xeito pautado e secuenciado que, co tempo, axudaron a que o alumnado do 5º nivel fose adquirindo as rutinas básicas da aula.

**Observacións:** A pesares de que supuxo un traballo moi amplo, moi complexo e moi constante, e de que houbo momentos nos que xurdiron imprevistos e/ou certas dificultades que tivemos que tratar, esta unidade resultou moi enriquecedora e desenvolveuse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Aspectos tan básicos nesta etapa como son as rutinas non poden deixar de traballarse. Partindo da titorización entre iguais, moi importante neste tipo de aulas mixtas, e ir avanzando en alcanzar novos retos e maior autonomía por parte do alumnado respectando as características individuais de cada nena ou neno.

**Observacións:** En cada un dos trimestres traballouse de maneira diferente sobre todo no momento da asemblea aportando novos elementos ou estruturas máis participativas que motivasen ao alumnado na súa atención e participación.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** As rutinas diarias, adquisición de hábitos saudables, e pautas de relación social, aseo...que implica esta segunda unidade estaban perfectamente afianzadas e foron cumpridas con éxito en xeral.

**Observacións:** Un alumno non acadou tódolos obxectivos propostos nesta segunda unidade pero o seu progreso foi evidente ao longo do curso dadas as súas características persoais.

**UD3: O corpo**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Estando ao tanto dos beneficios que ofrecen as Tic poderíanse utilizar nas aulas apps como Body Planet con realidade aumentada, de forma que o corpo do alumnado non soamente sexa o seu medio para a aprendizaxe, se non que tamén aprendan cousa sobre o mesmo dunha maneira diferente, motivadora e significativa

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Acadar un maior control dos elementos mais profundos do corpo como os sentidos e os sentimentos.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** É preciso seguir afondando no propio esquema corporal e na súa representación, como para base para tomar conciencia das súas posibilidades e limitacións.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Lograr unha maior globalización dos contidos da unidade nas distintas tarefas realizadas..

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica resultou de gran interese para o alumnado. Con todo, establecer unha programación rixida da mesma non resulta operativo xa que os pequenos proxectos que aparecen con motivo de situacións cotiás (enfermidades, feridas, habilidades, etc.) movilizan a súa atención e permiten a adquisición de aprendizaxes dunha forma máis eficaz.

**Observacións:** A programación desta unidade foi desenvolvida por completo e, como era esperable, desenvolvéronse pequenos proxectos relacionados coa mesma que xurdiron dos intereses e preocupacións do alumnado. Así abordamos cuestións como o proceso da dixestión, como é o noso esqueleto, cómo e por qué caen os dentes, entre outras.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade despertou gran interese para o alumnado do 5º nivel posto que, comezando co descubrimento do seu propio corpo (e o que implica: atributos, necesidades, cuidados, riscos...), o control sobre o mesmo e o seu aproveitamento como recurso (xerounos novos aprendizaxes, novas habilidades, diferentes emocións... empregámolo como medio de todo tipo de comunicacións/linguaxes...) foron capaces de conseguir un desenvolvemento axustado a súa idade.

**Observacións:** Esta unidade, por tanto, foi de gran aproveitamento para a cativada e levouse a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Partindo de que as aprendizaxes nestas idades sempre son a partir do seu propio corpo esta unidade didáctica é moi importante e polo tanto moi implicada en toda as actividades propostas nos diferentes momentos significativos da xornada escolar. O coñecemento do seu propio corpo, elementos externos e internos, as súas posibilidades de acción e ademais avanzar na autonomía e realización das diferentes accións diarias, son aspectos moi importantes e traballados con éxito na aula.

**Observacións:** A medida que ía avanzando o curso as nenas e nenos foron mostrándose moito máis seguros no coñecemento e nas posibilidades de acción.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Nesta unidade didáctica observamos que os nen@s posúen un bo coñecemento das diferentes partes do seu corpo. A representación gráfica do seu esquema corporal xa non resulta unha tarefa tan sinxela para eles . As súas habilidades motrices fixeron que cada vez foran máis conscientes das súas capacidades e limitacións.

**Observacións:** A programación desta unidade permitiu desenvolver aspectos como o nacemento dun novo irmán/á ( non ten pelo nin dentes, como vai crescendo... e os cambios que se van producindo no noso corpo ao longo do tempo) polo tanto permitiu dar resposta a moitas inxerencias e preocupacións dos máis pequeno/as.

**UD4: Actividades TIC/STEM**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Poderíase e débese na miña opinión buscar formas de utilizar de maneira significativa na aula elementos tic cos que contamos na biblioteca do centro: scornabot, placa makey makey... Preciso que necesitamos mais formación para poder levalo a cabo.  
Considero de todas formas que os nosos obxectivos se acadan de maneira satisfactoria pois a temática do curso implica o uso das tic e en todas as aulas se levaron a cabo as actividades establecidas.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Aproveitar ao máximo as posibilidades didácticas que ofrecen os paneis dixitais que temos a disposición na aula

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Deberíase estipular un horario fixo no horario do alumnado para traballar as actividades TIC e STEM, para así aumentar a súa competencia académico-dixital.

**Observacións:** O alumnado mostra un gran avance no dominio das actividades TIC e STEM, as cales ademais de formalos dixitalmente, promoven a interiorización dos contidos do currículo.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Atopar máis recursos TIC e STEM adaptados á etapa de EI.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Algunhas das actividades programadas para esta unidade didáctica non son fácilmente xestionables co grupo ao completo xa que, os tempos de espera e a "atracción" que xeran os materiais empregados provocan un ambiente de desconcentración que non favorece as mesmas. Considero que, para o vindeiro curso, sería recomendable organizar as mesmas no horario no que contamos na aula coa mestra de apoio.

**Observacións:** As actividades específicas realizáronse segundo o previsto e o desenvolvemento das outras unidades didácticas tamén motivou o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación ou o achegamento ao mundo científico e da robótica.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica foi de especial interese e disfrute de todo o alumnado. Nalgúns casos, resultoulles "alucinante" (nenos que nunca tiveron a posibilidade de usar estes recursos, xa fose porque as familias non dispuñan deles ou ben porque non son partidarios do uso destes medios cos seus

fillos). En calquera caso, o que fixemos foi achegalos progresivamente ao coñecemento e ao uso tanto das TIC como ao mundo científico e da robótica, levando a cabo diferentes experiencias de xeito máis específico para que se fosen familiarizando cos aspectos e/ou recursos deste ámbito.

**Observacións:** Esta unidade resultoulles especialmente motivadora e desenvolveuse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** AS TICs sempre son un elemento moi motivador nestas idades, pero a introdución na aula dun xeito axeitado foi o que condicionou a práctica educativa. Durante unha media sesión á semana facíanse xogos no encerado dixital en gran grupo para aprender uns dos outros con diferentes dificultades. No terceiro trimestre introduciuse a asemblea dixital, que combinamos coa normal e que tivo moita aceptación no alumnado.

**Observacións:** Aproveitouse a formación do profesorado para introducir novos xogos elaborados polos propios mestres e que tiñan unha implicación directa co que se quería traballar e polo tanto moi axustado aos obxectivos propostos.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica resultou dun gran atractivo para os alumn@s ademais do importante que supón a competencia dixital na sociedade actual. Foi a falta de paciencia e persistencia para respectar as quendas cando se traballaba en gran grupo, quizais, unha das maiores dificultades atopadas.

**Observacións:** A metodoloxía STEAM favoreceu a aprendizaxe de contidos básicos das diferentes áreas incluíndo a temática sobre os debuxos animados que foi o proxecto elixido para este curso. A valoración é positiva ao respecto.

**UD5: Desenvolvemento das habilidades comunicativas**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Poderíase crear un banco de recursos de vocabulario sobre o eixo central do curso: os debuxos animados e os elementos traballados. Deste modo poderíamos traballar diferentes conceptos de forma mais profunda e pausada e non tratar certos temas apurados polo tempo.

**Observacións:** Nunha aula tan numerosa hai moitos nenos e nenas con problemas de comunicación: pronunciación, linguaxe pobre ou incomprendible, alumnado que apenas fala... sendo un centro con tanto alumnado e tantas e tan diversas necesidades unha soa AL non é suficiente para dar solución á problemática.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Continuar incidindo na importancia de manifestar os seus sentimentos, estados de ánimo ou problemas que poidan xurdir.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Debemos continuar a traballar a oralidade na aula, a través das diferentes praxias e xogos verbais, que promovan a activación e maduración do aparello bucofonador na súa totalidade, algo fundamental no desenvolvemento da lectoescritura e na interacción social.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Xeneralización das habilidades comunicativas en ámbitos non familiares.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O traballo realizado dende esta unidade considérase axeitado. Os tempos, o tipo de actividades realizadas, ... estiveron ben programados e, por iso, considero que non cómpre realizar demasiadas modificacións á mesma salvo adaptala aos intereses do alumnado para conseguir así a súa atención.

**Observacións:** O desenvolvemento desta unidade didáctica foi moi positivo apreciándose a mellora nas habilidades de comunicación no grupo. Así realizáronse actividades nas que se empregaron as diferentes linguaxes (plástica, visual, ...) así como a aproximación á lectura e á escritura na que a estratexia da hora de ler que se desenvolve a nivel de centro ten un valor moi importante.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta a problemática que tivemos presente na aula no ámbito de desenvolvemento a nivel comunicativo, especialmente na expresión oral, esta unidade resultounos

especialmente necesaria para facilitar que o alumnado do 5º nivel empregase todo tipo de formas de comunicación para chegar a entenderse cos mestres e cos demais compañeiros. Así mesmo, tamén tivemos presente os diferentes aspectos que, con tales habilidades, gardan estreita relación (introdución á lecto-escritura, grafo, literatura infantil, linguas inglesa-castelán-galega, etc.)

**Observacións:** Tendo en conta as melloras conseguidas polo alumnado nas habilidades comunicativas e nos aspectos que estas implican, o desenvolvemento desta unidade foi bastante positivo. Ademais disto, engadir que se levou a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** A comunicación é esencial nestas idades xa que axudan á súa socialización cos seus iguais e cos adultos. Tendo en conta que calquera momento na aula é motivo de comunicación, destácase na asemblea o momento de falar, establecendo momentos de fala, de escoita, interese polo contado, e facilitar a participación de todas e todos. No terceiro trimestre intentouse tamén introducir a comunicación a partir dos debuxos, moi positiva e motivadora.

**Observacións:** Tendo en conta as distintas características do alumnado e concretamente cunha alumna que entrou emitindo palabras soltas e que non contestaba ás preguntas, resaltar o positivo que foi que agora mesmo participa contando cousas, responde e con sentido ao que se lle pregunta, e busca comunicarse cos compañeiros/as e coas mestras.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** O rincón da asemblea foi o noso espazo da aula que serviu de escoita, conversa e outros intercambios lingüísticos que deron resposta a moitas preguntas e puntos de vista sobre diferentes temáticas. A planificación dos tempos e actividades específicas acerca das habilidades comunicativas dos alumn@s foi moi axeitada.

**Observacións:** A evolución dun ACNEAE na área de comunicación e representación da realidade e concretamente nesta unidade foi moi positiva.

**UD6: Proxectos relacionados co coñecemento da contorna próxima**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Baixo

**Propostas xerais de mellora:** Poderíase levar a cabo algún taller na semana do entroido na que as familias se acercasen ao centro a falarnos da tradición tan grande que hai en Salceda: desfiles, competicións, etc.

**Observacións:** Se ben traballamos diversas temáticas que aompañan por exemplo: ao paso do tempo e os cambios na natureza, experimentos, saídas á contorna próxima; o comportamento inadecuado de case a totalidade do grupo, as conductas disruptivas... dificultan e fan case imposible vivenciar estas aprendizaxes e en moitas ocasións redúcese a traballo de mesa.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Realizar mais actividades en colaboración cos servizos da contorna, aproveitando as posibilidades educativas que este ofrecen.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** É importante seguir traballando a sensibilidade e a concenciación da contorna natural, pois o seu deterioro tamén conleva graves consecuencias para os seres humanos. Ademais, debemos afondar no coñecemento da nosa contorna, e dos servizos que nos ofrecen, como xeito de promoción da nosa autonomía e cremento persoal, así coma o xeito de satisfacer as nosas necesidades

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Ampliar a exploración de outras contornas máis afastadas que poderían ser interesantes para o proceso de Ensino - Aprendizaxe.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta o bo resultado da programación desta unidade didáctica non se establecen propostas de mellora aínda que si pode valorarse a posibilidade de centrar o interese do alumnado en proxectos de máis peso. Con todo, as pequenas investigacións que realizamos a partir das situacións do cotiá resultan moi motivadoras.

**Observacións:** Esta unidade didáctica sempre resulta de gran interese para o alumnado xa que atopan na contorna a motivación para descubrir e aprender. Conforme o esperado abordáronse pequenos proxectos de investigación de animais (bichos do patio), participamos en tradicións da nosa vila, etc.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica foi de especial interese para o alumnado dado que, ademais de resultarlles próxima, deu resposta a moitas curiosidades que xurdiron durante o curso (animais, plantas, fenómenos atmosféricos, lugares, festas); achegounos a coñecer e participar activamente das



celebracións, conmemoración e tradicións da nosa contorna próxima (o Samaín, o Magosto, o Nadal, o Entroido, as Letras Galegas, etc.); etc. Así pois, dado o bo resultado da programación desta unidade, nesta ocasión, non engadirei ningunha proposta de mellora.

**Observacións:** Esta unidade, por tanto, foi de gran aproveitamento para a cativada e levouse a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O propio entorno do centro é unha extensión da aula e como tal a vivenciamos ó longo do curso. Formando parte moi importante a horta e todo aquilo que ocorre no plantío e no entorno nas distintas estacións. A aula é algo máis que o espazo interior da escola, xa que o entorno de aprendizaxe amplíase á horta, ó patio, a todas as zonas exteriores. E o xeito de aprender vai moi vinculado a manipular e experimentar de xeito directo, directamente na natureza alcanzando así as aprendizaxes significativas.

**Observacións:** A participación e motivación ante as diferentes propostas foi excelente e potenciadora de novas aprendizaxes, máis alá do que inicialmente se pensaba.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade foi moi motivante para os alumn@s pola curiosidade que despertaron os "bichiños" e as "plantas" atopados no entorno natural que rodea a escola unitaria. Como proposta de mellora probablemente nos centramos demasiado no ámbito natural polo interese que suscitaba nos nen@s en detrimento do ámbito social.

**Observacións:** Realizouse un pequeno proxecto sobre os cogumelos que culminou coa visita á unitaria dun pai aficionado á micoloxía e que trouxo á aula diferentes variedades que resultaron do máximo interese.

**UD7: Proxectos do ámbito lóxico-matemático**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Pódese crear no patio unha zona de xogo con materiais non estruturados. Pese a que é un momento de xogo libre, pode haber un cartel informativo ou unhas indicacións para aproveitar de maneira educativa eses materiais cos que contamos.

**Observacións:** En certos momentos ou certos traballos é preciso facer modificacións xa que non todo o alumnado leva o mesmo ritmo e algúns/algunhas presentan dificultades.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Intentar realizar unha aprendizaxe mais práctica e experimental desta área do currículo de Infantil.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Os contidos lóxico-matemáticos forman parte do noso día a día, e por iso débense traballar a través de diferentes materiais e metodoloxías, o que favorece a súa interiorización.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Acadar unha maior globalidade en cando ás especialidades (ed. física, música, lingua estranxeira).

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** As actividades programadas foron de interese para o alumnado e o xeito de presentación das mesmas tamén. Moitos dos conceptos que se recollen nesta unidade didáctica son parte de outras e podería cuestionar se cómpre un traballo específico dos mesmos. Con todo, considero que si é oportuno realizar este traballo concreto como forma de darlle valor ao poñelo en relación cos números á hora de facer o calendario, de ordenarnos para facer unha fila, etc.

**Observacións:** A unidade didáctica programada desenvolveuse conforme ao plan establecido. Realizáronse talleres e traballo de mesa co propósito de abordar as cuestións relativas a formas, cantidades, números, ... dunha forma vivida e dunha forma máis abstracta.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A presentación desta unidade naceu co fin de achegalos ao desenvolvemento das capacidades lóxico-matemáticas e todo o que este complexo ámbito implica (conceptos, atributos, conteo, clasificación, comparación, seriación...; cores, números, formas, espazos, tempos; etc.). Para elo, axudámonos de provocar situacións e/ou momentos nos que puidesen descubrir e experimentar (en primeira persoa, nos demais, nos obxectos...) as diferentes capacidades que comprende este ámbito de desenvolvemento, de xeito

que as entendesen como aspectos funcionais para o día a día e en calquera tipo de contexto. Por tanto, malia a complexidade dos mesmos, e dado que lles resultaron moi interesantes e á vez motivadores, cómpre aproveitar o tratamento destas capacidades en todos aqueles "momentos" que se consideren máis oportunos, independentemente de que se propoña en actividades de tipo máis específico.

**Observacións:** Esta unidade resultoulles especialmente motivadora e desenvolveuse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas	Sesións realizadas	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta a variedade do alumnado hai que presentar os materiais e actividades a levar a cabo atendendo as necesidades de cada un e facilitando o éxito no seu traballo. Foi moi importante facilitar actividades tendo en conta as características e con diferente grado de complicación intentando manter o interese por conseguir mellorar e ir avanzando pouco a pouco na adquisición dos conceptos básicos no ámbito lóxico-matemático.

**Observacións:** O desenvolvemento dos aspectos lóxico-matemáticos foi positivo respectando as diferentes casuísticas e as características das nenas e nenos. Empezando por aspectos moi básicos para ir avanzando paulatinamente en aspectos máis complexos, traballando moito a atención sostida e a observación.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas	Sesións realizadas	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** As actividades programadas para desenvolver os contidos do ámbito lóxico-matemático traballáronse tanto nas rutinas diarias como pasar lista, calendario, orde na fila... dun xeito gráfico, manipulativo (clasificación e seriación baseándose en atributos e cualidades dos obxectos... conteo, asociación cantidade/número...) e tamén interactivamente. O resultado da programación foi bo neste sentido.

**Observacións:** Considero que os conceptos lóxico-matemáticos son contidos que se traballan dun xeito global e interrelacionadamente ao longo das distintas unidades posto que as formas, as cantidades, números... forman parte da súa realidade máis inmediata.

**UD8: Actividades de estimulación da linguaxe oral**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Habería que mellorar a relación e colaboración coas familias para que houbera unha continuidade da estimulación da linguaxe no ámbito familiar

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** A linguaxe oral promove a interacción social, e como seres sociais debemos traballar a oralidade e estimular o seu correcto desenvolvemento, así como a correcta pronunciación dos fonemas, aspecto fundamental para poder máis tarde desenvolver a correcta asociación fonema- grafema. Polo que, a linguaxe oral debe formar parte do horario do alumnado traballándoo diariamente, a través de diferentes xogos de estimulación lingüística, axudando deste xeito a corrixir as dislalias evolutivas que presenta o alumnado destas idades.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Acadar unha maior xeneralización das aprendizaxes .

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade é moi necesaria na programación anual xa que existen moitas dificultades na expresión oral. Considero que, aínda que moitos dos seus contidos se abordan en outras unidades, podería ser de interese dotar a esta unidade dun maior peso e, polo tanto, dun maior número de sesións.

**Observacións:** Unha parte desta unidade didáctica é desenvolvida por parte da mestra de apoio que realizou un traballo excelente co alumnado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta a problemática que tivemos presente na aula na expresión oral (a metade dos nenos presentaban graves dificultades nos diferentes ámbitos lingüísticos, resultou moi difícil comprender o que dicían, xurdían episodios de frustración pola incompreensión, etc.) e que, a pesar de solicitar apoio de AL para os mesmos, non puideron ser atendidos por falta de personal... esta unidade resultounos especialmente necesaria para facilitar que o alumnado do 5º nivel poidese acadar un nivel máis apropiado no desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas. Así mesmo, tamén tivemos presente os diferentes aspectos que, con tales habilidades, gardan estreita relación (estimulación axeitada e funcional, intereses, maduración, ...).

**Observacións:** Tendo en conta as melloras conseguidas polo alumnado respecto da linguaxe oral e nos aspectos relativos a mesma, o desenvolvemento desta unidade foi bastante positivo. Ademais disto, engadir que se levou a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previstas.	Sesi3ns realizadas.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A estimulaci3n da linguaxe oral 3 esencial nesta sociedade na que non hai tempo para pararse a escoitar ou mesmo a falar. Polo que propo3er actividades para mellorar o noso medio para comunicarnos oralmente 3 esencial. Facilitar 3s nenas e nenos momentos de mellorar a articulaci3n, a emisi3n e sobre todo a concienciaci3n da lingua oral.

**Observaci3ns:** Partindo de que t3dalas actividades nesta etapa son potenciadoras do uso da linguaxe oral, facilit3ronse propostas l3dicas, participativas e sobre todo atractivas para mellorar o uso da linguaxe como medio de comunicaci3n e expresi3n.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previstas.	Sesi3ns realizadas.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Nas asambleas grupais expresaron oralmente as s3as experiencias e emoci3ns, a escoita de contos e reproduci3n de canci3ns vencelladas a diferentes tem3ticas foron recursos que facilitaron moito as s3as necesidades expresivas. Foi unha unidade moi necesaria e con resultados moi positivos.

**Observaci3ns:** O programa PELO foi desenvolvido pola mestra de apoio que realizou un traballo excelente.

**UD9: Educación emocional**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Baixo

**Propostas xerais de mellora:** Debería adicarse algunha sesión de maneira directa ao traballo sobre as emocións, recoñecemento das mesmas, resolución de conflitos, etc

**Observacións:** O meu grupo caracterízase pola falta de empatía, desobediencia, incumplimento de normas, descoñecemento do que está ben e o que está mal, non teñen límites establecidos, gústalles a violencia... Pese a traballar semanalmente de maneira específica estes problemas relacionados con sentimentos, de parar as clases incontables veces ao día para frenar ataques de ira, pelexas, etc. temos comprobado que non está a servir de nada.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Continuar traballando as emocións para que poidan identificalas e relacionalas cos seus propios sentimentos e estados de ánimo.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** O alumnado debe ser capaz de familiarizarse coas súas emocións e aprender a xestionalas, así como a dar ou buscar resposta ás mesmas, ben acudindo aos iguais, adultos, ou a un espazo da calma. Polo cal, coma docentes debemos seguir traballando en proporcionarlle ao noso alumnado máis estratexias e ferramentas, para que sexan que de afrontar e dar resposta de xeito autónomo as súas emocións.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Acadar unha maior colaboración familia - escola no tratamento das emocións e a interiorización de valores.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade ten unha enorme importancia e debe seguir abordándose incluso dedicando un maior tempo á mesma xa que, no desenvolvemento da actividade de aula, a xestión emocional ten resultado máis complexa que a adquisición doutros contidos.

**Observacións:** Esta unidade didáctica recolle os aspectos relacionados coa comprensión, identificación e xestión emocional no alumnado dende múltiples perspectivas e actividades. Durante este curso, realizáronse máis sesións das esperadas xa que nos atopamos cunha serie de dificultades na xestión da frustración ou na xestión de emocións como a tristeza que requiriron dedicar máis tempo á mesma.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Dadas as particularidades e, especialmente, a fragilidade da cativada coa que traballamos, cómpre prestar moitísima atención ao tratamento da súa educación emocional e aos complexos aspectos que se ven implicados na mesma: sentimentos propios e alleos, autoimaxe positiva e axustada, pensamento crítico, resolución de conflitos, control da frustración, relaxación, atención, escoita activa, participación, creación dun ambiente axeitado para o aprendizaxe, etc. Por estas razóns de enorme importancia e as consecuencias das mesmas no proceso educativo, esta unidade constitúese de especial interese. Así pois, nas diferentes sesións dedicamos e aproveitamos moitos momentos nos que facer diversas actividades e experiencias que lles axudasen a identificar, comprender, xestionar... as súas emocións e as dos demais. Non obstante, dada a complexidade destes aspectos, nalgúns casos, custoulles bastante comprendelo.

**Observacións:** Malia os aspectos descritos, a proposta desenvolveuse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** O traballo das emocións é moi complexo, indo máis aló do coñecemento teórico das mesmas. Concretamente en 3 anos traballouse un pouco da identificación e a expresión e xa en 4 e 5 un pouco en como actuar ante elas. Recoñecemento das emocións nos demais, posibilidade de intervir para axudar a solventar certas situacións/emocións en momentos concretos, e o emprego da linguaxe e a comunicación entre nós para solucionar problemas, foron os puntos máis importantes do traballo desta unidade.

**Observacións:** Aprender a xestionar as nosas emocións é moi importante para o futuro dos nenos e nenas nunha sociedade moi cambiante e moi individualista. Convivir en sociedade é ter que respectar, empatizar e axudar ós demais. Como parte dos valores esenciais está a educación emocional que posibilitará un axeitado control destes aspectos e potenciará a formación de futuros adultos íntegros e equilibrados emocionalmente.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** O egocentrismo propio destas idades, a incapacidade para ter puntos de vista diferentes ao seu fai que esta unidade adquira especial relevancia. Traballamos o recoñecementos dos sentimentos e as emocións dos demais, a baixa tolerancia á frustración e que mantiveran unhas boas relacións interpersoais. Foi unha tarefa complexa nun principio pero que se logrou ir mellorando nas diferentes sesións.

**Observacións:** A resolución de conflitos de forma positiva dentro da aula requeriu poñer en práctica un programa de modificación de conduta que deu os seus froitos.

**UD10: O xogo e o seu aproveitamento didáctico**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A gran maioría das propostas de traballo nacen dos xogos, de esa primeira experimentación que acerca ao alumnado aos coñecementos de forma lúdica.

Como posible proposta: nas adquisicións de biblioteca de xogos, ter en conta a posibilidade de que cada hora de ler leve un xogo para que así roten polas aulas e se fomente o xogo reglado en equipo.

**Observacións:** Os xogos con normas son moi difíciles de seguir na miña aula xa que o seu comportamento imposibilita casi sempre seguiilos. Tampouco damos abasto para poder poñernos a xogar con eles e elas, xa que o resto do grupo tamén necesita supervisión continua.

Na miña aula a tónica xeral é que un xogo novo (puzzle, xogo, libro, boneca) dure intacto un ou dous días, despois nesas pelexas, desobediencias, etc... rompen con todo.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Mellorar o respecto das normas dos xogos así como tamén a competitividade e a frustración ante as derrotas.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O xogo é a base de todas as aprendizaxes, polo tanto debemos ensinar ao alumnado a xogar e a aprender xogando, á vez que a desfrutar do xogo e das aprendizaxes que delas se desprenden.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Lograr unha maior autonomía e autoxestión nos momentos de xogo dirixido.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O número de sesións, a programación desta unidade considérase axeitada. O xogo foi motor de aprendizaxes relativos as restantes unidades didácticas, de autoconhecimento e de achegamento ao medio e aos demais. É por iso que non se recollen propostas de modificación nin de mellora.

**Observacións:** Esta unidade desenvolveuse segundo o esperado, non se produciron cambios salientables na mesma que deban de ser recollidos.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Atendendo a idade do alumnado escolarizado no 5º nivel, o xogo constitúe o motor da súa aprendizaxe e, polo tanto, tratei de aproveitalo ao máximo para que o proceso didáctico lles resultase máis motivador e significativo. Mediante o mesmo, foron descubrindo e coñecendo moitas



aprendizaxes que lle axudarán a progresar en tódolos ámbitos do seu desenvolvemento. Ao respecto, considero axeitado o número de sesións e a programación da mesma.

**Observacións:** Esta unidade desenvolveuse segundo o esperado. Non se fixeron cambios na mesma que deban ser recollidos.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O xogo é a actividade por excelencia nesta etapa educativa. A partir do xogo conseguimos alcanzar aprendizaxes moi complexas cunha motivación e interese potencial. Esta unidade didáctica levouse a cabo en case todo momento, propoñendo retos diarios de aprendizaxe lúdico no que o alumnado gozou mentres adquiría coñecementos esenciais e básicos.

**Observacións:** Tanto o xogo dirixido como o libre aporta aspectos importantes no desenvolvemento íntegro dos nenos e nenas. A idoneidade do patio da aula favoreceu a posibilidade da aparición de todo tipo de xogos: simbólico, manipulativo, socializante, psicomotor, de investigación, xogos orais (con cancións inventadas polos nenos e nenas)...

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A participación nos momentos de xogo foi moi activa tanto no patio como nos recunchos da aula (cocinita, construción, plástica...). Os xogos de construción funcionaron moi ben e neste grupo resultaron moi atractivos. Melloraría a forma de rotar nos diferentes recunchos e o tempo de permanencia en cada un deles.

**Observacións:** O xogo facilitou sobre todo a socialización e a creatividade e contribuiu á aceptación e respecto polas normas.

## Seguimento da programación

**Análise xeral de resultados:** En xeral, todo o alumnado acadou os obxectivos propostos para este nivel.

Indicadores de logro	Grao de cumprimento
<b>Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico</b>	
A actividade propósta foi axeitada ao alumnado.	Medio
Os instrumentos de avaliación foron eficaces.	Medio
<b>Metodoloxía empregada</b>	
As actividades deseñadas foron motivadoras.	Alto
A organización dos tempos foi a correcta.	Alto
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>	
Os materiais empregados foron suficientes, motivadores, etc.	Alto
<b>Medidas de atención á diversidade</b>	
Todas as necesidades do alumnado foron contempladas no deseño das actividades.	Alto
<b>Clima de traballo na aula</b>	
A actividade diaria se desenvolve nun ambiente agradable.	Alto
As interaccións entre alumnas e alumnos son positivas.	Alto
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>	
A coordinación entre mestras e mestres foi axeitada.	Medio
Promóvese a participación das familias.	Medio



### Resultados da avaliación final

Grupo	Total	Aprobadas/os	Suspensas/os
A	23	23	0
A	23	23	0
A	23	23	0
B	21	21	0
B	21	21	0
B	21	21	0
E	3	3	0
E	3	3	0
E	3	3	0
F	2	2	0
F	2	2	0
F	2	2	0
G	4	4	0
G	4	4	0
G	4	4	0
L	1	1	0
L	1	1	0
L	1	1	0
P	9	9	0
P	9	9	0
P	9	9	0
V	5	5	0
V	5	5	0
V	5	5	0
Todos	68	68	0
Todos	68	68	0
Todos	68	68	0

## Informe do seguimento da programación didáctica

Ano académico: 2023/2024

Tipo: Programación Didáctica LOMLOE (Modelo 10-may-2022 8:20:39)

Centro: CRA Raíña Aragonta

Materia: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna - 4º Educación infantil

Réxime: Réxime xeral-ordinario

### Seguimento unidades didácticas

#### UD1: Proposta de traballo: Aragonta films

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A proposta resultou de interese do alumnado por ser unha temática moi próxima os seus intereses e a elección de Bluey foi moi acertada o seus gustos pero dende o punto do traballo de aula non foi sinxelo de abordar tendo en conta que era o primeiro curso de escolarización do noso alumnado.

**Observacións:** A sesións destinadas a esta unidade didáctica desenvolveronse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Con esta Unidade Didáctica, adicada ao Proxecto de Traballo de Centro, o noso alumnado puido descubrir diferentes debuxos animados e, a través deles, achegarse a outras realidades.

Tamén se pretendía que os cativos e cativas descubrisen o proceso de creación dos debuxos animados, aos precursores dos mesmos, coñecendo algunhas das técnicas empregadas, ata chegar á elaboración dunha obra audiovisual na que participase todo o alumnado e o profesorado do Centro.

Non foi doado captar e manter o interese duns cativos e cativas de tan corta idade e sen experiencia previa nun Proxecto destas características, con todo, o filme creado resultou do seu agrado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta proposta aínda que resultou de interese e motivante xa que a temática era próxima ao alumnado non foi así dende o inicio, xa que se atopaban nun período de adaptación. Por tal motivo buscouse unha personaxe afín a súa idade, para poder así achegar máis axeitadamente o mundo da animación aos nenos e nenas. Pero non foi tan sinxelo de abordar cuestións ou conceptos máis científicos como dar a coñecer técnicas de animación, a planificación do traballo creativo ou entre outros mostrar e crear elementos ou xoguetes ópticos como o traumatropo por ser o alumnado de tres anos.

**Observacións:** As sesións destinadas a esta unidade didáctica desenvolvéronse conforme o previsto pero houbo que adaptalas paulatinamente tendo en conta non só o período de adaptación, senón tamén aspectos como as diferenzas individuais e ritmos madurativos e de desenvolvemento do alumnado desta idade.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Fomentar máis a colaboración familia-escola, para que se impliquen na aula dos seus fillos mostrándolles os debuxos animados da súa época.

**Observacións:** O alumnado acadou satisfactoriamente os obxectivos recollidos para esta unidade, os cales fomentaron a conexión interxeneracional dos mesmos cas súas familias, ao coñecer os debuxos animados visionados polos seus proxenitores, avós...

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Débense programar tarefas que permitan que o alumnado interveña no 100% do proceso e o produto final, independentemente de que o profesorado preste axuda e supervisión.

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** A proposta resultou de interese do alumnado por ser unha temática moi próxima aos seus gustos pero dende o punto de vista do traballo de aula non foi sinxelo abordar outras cuestións relativas á mesma (planificación do traballo creativo, desenvolvemento de personaxes, etc.).

**Observacións:** As sesións destinadas a esta unidade didáctica desenvolvéronse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica resultou de moito interese para o alumnado do 4º nivel xa que a temática dos debuxos animados, ademais de ser moi próxima a eles, resultoulles moi motivante e enriquecedora. Non obstante, á hora de organizar o traballo de aula atopámonos con certas dificultades que foron xurdindo e que tratamos de solucionar da mellor maneira posible, entre elas por exemplo: a elaboración e o desenvolvemento dos personaxes, a planificación do traballo creativo.

**Observacións:** Malia o citado anteriormente, esta unidade foilles moi motivadora e desenvolveuse segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica levouse a cabo contando coa proximidade da temática para as nenas e nenos, dándolle un enfoque máis amplo a coñecer aspectos máis técnicos e iniciándose no coñecemento de elementos esenciais sobre os inicios da animación. O alumnado mostrouse moi interesado e motivado ante as diferentes propostas desta unidade.

**Observacións:** Respectando a diversidade do alumnado tanto tendo en conta as idades como os ritmos de aprendizaxe foise axustando e adaptando axeitadamente.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
S	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Como proposta de mellora destacar a importancia de programar actividades onde o alumnado sexa capaz de elaborar e sentirse o protagonista, xa que nesta UD para algunhas propostas precisaron axuda do profesorado.

**Observacións:** Non hai observacións a destacar.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** O proxecto plantexado para esta unidade didáctica resultou de interese para o alumnado por ser unha temática moi cercana aos seus intereses. A elección da "patrulla canina" foi moi acertada aínda que dende o punto de vista de traballo de aula non foi sinxelo levalo a cabo tendo en conta que era o período de adaptación do noso alumnado aos novos espazos, rutinas e compañeiro/as de aula.

**Observacións:** As sesións destinadas a esta unidade didáctica desenvolvéronse conforme ao previsto.

**UD2: As rutinas de aula**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Medio
<p><b>Propostas xerais de mellora:</b> As rutinas da aula foron o principio pedagoxico no que baseamos o noso traballo na aula, a forma de abordar os tempos, espazos e materiais a utilizar.o longo da xornada escolar .A adquisición de estas rutinas foi un traballo lento e complexo especialmente na xestión da súas pertencencias e no coidado dos materiais e dos espazos da escola . etc.</p> <p><b>Observacións:</b> Tendo en conta os resultados da avaliación continuada , os resultados acadados foron conseguidos por o grupo-aula.</p>					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<p><b>Propostas xerais de mellora:</b> Ao longo de todo o curso, fomos traballando unhas rutinas básicas. A repetición diaria destas secuencias de actividades, axudou ao noso alumnado a sentir seguridade, ao tempo que, lles permitían acadar unha maior autonomía e unha mellor organización do traballo de aula.</p> <p>As rutinas foron afianzándose, día a día, e os obxectivos acadáronse, polo que, podó dicir que a Unidade desenvolveuse con éxito.</p>					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<p><b>Propostas xerais de mellora:</b> Nesta etapa educativa o traballo diario de aula estivo delimitado por unha serie de hábitos e rutinas cotidianas que foron tomadas como punto de referencia á hora de planificar a acción educativa. A adquisición das rutinas foi lenta tendo en conta o nivel madurativo do alumnado, pero avanzou en positivo e permitíulles fixar secuencias e modos de facer, que lles otorgaron seguridade e confianza neles mesmos e a percibir pautas de estruturación temporal. Destacar que sería importante que estas rutinas fosen levadas a cabo tamén na casa, polo que unha actuación conxunta, planificada e organizada entre familia e escola promoverían unha maior autonomía, sensación de control sobre a súa contorna e axudaría no desenvolvemento de habilidades de autorregulación emocional.</p> <p><b>Observacións:</b> Tendo en conta o período de adaptación do alumnado desta idade foise secuenciando algunha rutina en particular como foi a rutina de asemblea ou tempo de encontro grupal en donde tiña cabida o saúdo, experiencias, aportacións individuais , propostas de actividades, narrar contos.... Así tívose presente que a duración e contidos da mesma variara e foise aportando novos elementos e materiais visuais que motivaron e centralizaron mais a participación do alumnado de cara a outras aprendizaxes, xa que nun primeiro momento se centrou mais en xogos de coñecemento, en estimulación da linguaxe oral a través de diferentes cancións.... é dicir, en intentar establecer relacións afectivas e sociais satisfactorias nese novo entorno para eles.</p>					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<p><b>Propostas xerais de mellora:</b> Seguir traballando as rutinas da aula como xeito de organizar unha xornada de traballo, e de formento da estruturación espazo-temporal a nivel cognitivo e visual do noso alumnado.</p>					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
-------	-------------	----------	------------------	-----------------	-------------

F	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<b>Propostas xerais de mellora:</b> Conseguir unha mellor integración das rutinas diarias habituais nas tarefas ou actividades realizadas fóra da propia aula/escola.					
<b>Observacións:</b> Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<b>Propostas xerais de mellora:</b> As rutinas de aula foron o motor do noso traballo diario, a forma de abordar a organización do tempo e de xestión dos espazos e materiais. A adquisición da secuencia de actividades diarias foi lenta, supuxo un traballo complexo e requeriú de pasos atrás para afianzar o traballado. Dende esta unidade didáctica abordamos a sucesión de actividades que se realizan ao longo da xornada, a xestión das súas pertenzas (roupa, merenda, etc.), o aseo e hixiene, no coidado dos materiais e dos espazos da escola, a convivencia na aula, etc.					
<b>Observacións:</b> Tendo en conta os resultados da avaliación continúa, foi preciso secuenciar algunhas das rutinas para ir adquirindo pequenas secuencias das mesmas ante as dificultades para reter os diferentes pasos. Con todo, o traballo previsto respecto desta unidade está conseguido para o grupo.					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<b>Propostas xerais de mellora:</b> Nestas idades especialmente, esta unidade constitúese como o eixe fundamental do noso quefacer diario. Todo o demais xira ao redor dos aspectos que aquí traballamos: a organización do tempo (calendario, tempo atmosférico, asistencia/ausencias, normas, merenda, recantos, etc.); a organización espacial; a autonomía; os hábitos saudables; o aseo; as interaccións; etc. Para elo, día a día e de xeito progresivo, fomos levando a cabo determinadas actividades de xeito pautado e secuenciado que, co tempo, axudaron a que o alumnado do 4º nivel fose adquirindo as rutinas básicas da aula.					
<b>Observacións:</b> A pesares de que supuxo un traballo moi amplo, moi complexo e moi constante, e de que houbo momentos nos que xurdiron imprevistos e/ou certas dificultades que tivemos que tratar, esta unidade resultou moi enriquecedora e desenvolveuse conforme o previsto.					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<b>Propostas xerais de mellora:</b> Aspectos tan básicos nesta etapa como son as rutinas non poden deixar de traballarse. Patindo da titorización entre iguais, moi importante neste tipo de aulas mixtas, e ir avanzando en alcanzar novos retos e maior autonomía por parte do alumnado respectando as características individuais de cada nena ou neno.					
<b>Observacións:</b> En cada un dos trimestres traballouse de maneira diferente sobre todo no momento da asemblea aportando novos elementos ou estruturas máis participativas que motivasen ao alumnado na súa atención e participación.					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
S	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Alto
<b>Propostas xerais de mellora:</b> Non se considera necesario realizar ningunha modificación ou proposta de mellora xa que levouse a cabo con éxito entre o alumnado.					
<b>Observacións:</b> Non hai observacións a destacar.					





Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	140	100	Medio
<b>Propostas xerais de mellora:</b> As rutinas da aula foron o principio pedagóxico no que baseamos o noso traballo na aula, a forma de abordar os tempos, espazos e materiais a utilizar ao longo da xornada escolar. A adquisición destas rutinas foi un traballo lento sen embargo aspectos básicos de aseo e control de esfínteres resultou unha tarefa sinxela dado o seu alto nivel de autonomía posto que a maioría xa estiveran previamente escolarizados.					
<b>Observacións:</b> Tendo en conta o anterior os resultados foron moi satisfactorios.					

**UD3: O propio corpo**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	34	34	

**Propostas xerais de mellora:** ( Esta unidade didáctica sempre resulta moi interesante para os alumnos , programamola para realizar o longo do curso, tendo en conta aquelas situacións que surxen a veces no día a día, ( como enfermidades, hospitalizacións, fcerse maiore..etc.

**Observacións:** Esta unidade foi satisfactoria e gratificante pois contou coa colaboración de diferentes familias que aportaron a súas experiencias profesionales.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	34		Alto

**Propostas xerais de mellora:** O Corpo estivo moi presente nas nosas propostas didácticas e isto permitiulles aos pequenos e pequenas progresar no seu coñecemento.

De forma gradual, foise desenvolvendo a súa percepción sensorial e a coordinación no movemento, foise interiorizando o esquema corporal e construíndo unha imaxe positiva propia.

Os cativos e as cativas foron aceptando a súa identidade e foron manifestando unha maior confianza nas súas posibilidades.

Esta Unidade, centrada no coñecemento do Corpo, tivo un correcto desenvolvemento.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O corpo é a conexión que temos co que nos rodea, polo que a relación que se leva a cabo entre o corpo e o ambiente permitirá que o alumnado adquira experiencias, aprenda a mostrar as súas emocións así como a expresarse e comunicarse. Polo que espertar no alumnado a curiosidade polas características internas e externas do propio corpo, observando as semellanzas e diferenzas entre os compañeiros/as da aula ao mesmo tempo que se traballaron os contidos relacionados cos coidados que o corpo necesita, axudólles a sentar as bases para a adquisición de hábitos e actitudes saudables axeitadas Así de xeito gradual foron interiorizando o seu esquema corporal, as súas posibilidades perceptivas e de acción, expresión e movemento, así como as súas limitacións. Paulatinamente foron avanzando na súa autonomía e na construción da súa propia identidade logrando unha autoimaxe axustada e positiva.

**Observacións:** Tendo en conta a idade do alumnado de 4º de ed. Infantil, e aínda que aprender sobre as partes do corpo é un exercicio de autocoñecemento e autonomía persoal interesante, na aula centrámonos sobre todo na concienciación e representación sobre a propia cara, tronco e extremidades e así traballar de maneira globalizada diferentes contidos, ademáis da identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.

O alumnado foi quen de ir progresando a medida que avanzaba o curso escolar.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** É preciso seguir afondando no propio esquema corporal e na súa representación, como para base para tomar conciencia das súas posibilidades e limitacións.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Lograr unha maior globalización dos contidos da unidade nas distintas tarefas realizadas.

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica resultou de gran interese para o alumnado. Con todo, establecer unha programación rixida da mesma non resulta operativo xa que os pequenos proxectos que aparecen con motivo de situacións cotiás (enfermidades, feridas, habilidades, etc.) movilizan a súa atención e permiten a adquisición de aprendizaxes dunha forma máis eficaz.

**Observacións:** A programación desta unidade foi desenvolvida por completo e, como era esperable, desenvolvéronse pequenos proxectos relacionados coa mesma que xurdiron dos intereses e preocupacións do alumnado. Así abordamos cuestións como o proceso da dixestión, como é o noso esqueleto, cómo e por qué caen os dentes, entre outras.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade despertou gran interese para o alumnado do 4º nivel posto que, comezando co descubrimento do seu propio corpo (e o que implica: atributos, necesidades, cuidados, riscos...), o control sobre o mesmo e o seu aproveitamento como recurso (xerounos novos aprendizaxes, novas habilidades, diferentes emocións... empregámolo como medio de todo tipo de comunicacións/linguaxes...) foron capaces de conseguir un desenvolvemento axustado a súa idade.

**Observacións:** Esta unidade, por tanto, foi de gran aproveitamento para a cativada e levouse a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Partindo de que as aprendizaxes nestas idades sempre son a partir do seu propio corpo esta unidade didáctica é moi importante e polo tanto moi implicada en tódalas actividades propostas nos diferentes momentos significativos da xornada escolar. O coñecemento do seu propio corpo, elementos externos e internos, as súas posibilidades de acción e ademais avanzar na autonomía e realización das diferentes accións diarias, son aspectos moi importantes e traballados con éxito na aula.

**Observacións:** A medida que ía avanzando o curso as nenas e nenos foron mostrándose moito máis seguros no coñecemento e nas posibilidades de acción.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
S	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto



**Propostas xerais de mellora:** É necesario seguir traballando no coñecemento do seu propio corpo e na súa representación para así tomar conciencia das súas posibilidades e limitacións.

**Observacións:** Non hai observacións a destacar.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade sempre resulta moi interesante para os alumno/as,, realmente se leva a cabo ao longo de todo o curso dun xeito transversal tendo en conta aquelas situacións que surxen ás veces no día a día, ( enfermidades, nacemento dun novo membro na familia, crecemento, coidado corporal , alimentación sá...)

**Observacións:** Foi unha unidade moi gratificante e satisfactoria desde os diferentes aspectos tanto psicomotriz como aceptación das súas propias capacidades e limitacións.

**UD4: Actividades T.I.C. e S.T.E.M**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Est3 unidade didactica e as s3as actividades programadas non foron facilmente realizables en grupo-aula, xa que os tempos de espera eran motivo de desconcentraci3n, o que supu3a que as sesi3n se alargasen. Para cursos vindeiros seria recomendable realizalas en pequenos grupos.

**Observaci3ns:** As activades levaronse acabo segundo o previsto, facendo uso da tecnoloxia en todas as unidades didacticas e transmitindo o alumnado de estas idades no uso responsable das novas tecnoloxias non abusando do tempo de emprego.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	34		Alto

**Propostas xerais de mellora:** Coa UD4 promoveuse o achegamento 3 metodolox3a STEAM e 3s TIC.

Foron diversos os xogos que lles ofrecemos aos pequenos e pequenas para interactuar de maneira virtual, familiariz3ndose as3 co uso de diferentes ferramentas dixitais.

Ademais, iniciamos ao noso alumnado en actividades relacionadas coa metodolox3a STEAM como modelo de aprendizaxe activo.

As sesi3ns previstas desenvolv3ronse conforme ao programado e, co devir do curso, novas actividades formaron parte desta Unidade Did3ctica.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** As actividades relacionadas con esta unidade did3ctica tiveron moi boa aceptaci3n no grupo aula. Empregamos ferramentas tecnol3xicas como a pizarra dixital, tablet 33 para traballar e interiorizar contidos a trav3s de xogos diversos, iniciando as3 un proceso de alfabetizaci3n dixital e que se centrase en que o alumnado comprendese o papel creativo e comunicativo desas ferramentas, m3is al3 do uso do lecer pasivo e do consumo de contidos. As sesi3ns previstas realiz3ronse seg3n o programado, pero atopar m3is recursos Tic e S.T.E.M e unha mellor implementaci3n na aula ser3an puntos a ter en conta en canto a hora de xestionar as diferentes actividades.

**Observaci3ns:** O uso dalgunhas ferramentas TIC e S.T.E.M favoreceu o desenvolvemento de diferentes unidades did3cticas e a iniciaci3n do alumnado no pensamento l3xico-matem3tico e outras aprendizaxes, adem3is de servir de nexo na tem3tica do proxecto 3debuxos animados3. As3 no 33 trimestre introduci3ronse xogos elaborados polos propios docentes e que ti3an unha implicaci3n m3is directa no propio proxecto. Cabe dicir, que hai que contar sempre na consecuci3n dos obxectivos da unidade a idade do alumnado e o per3odo de adaptaci3n, sobre todo no primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Deber3ase estipular un horario fixo no horario do alumnado para traballar as actividades TIC e STEM, para as3 aumentar a s3a competencia acad3mico-dixital.

**Observaci3ns:** O alumnado mostra un gran avance no dominio das actividades TIC e STEM, as cales ademais de formalos dixitalmente, promoven a interiorizaci3n dos contidos do curr3culo.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Atopar máis recursos TIC e STEM adaptados á etapa de EI.

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Algunhas das actividades programadas para esta unidade didáctica non son facilmente xestionables co grupo ao completo xa que, os tempos de espera e a "atracción" que xeran os materiais empregados provocan un ambiente de desconcentración que non favorece as mesmas. Considero que, para o vindeiro curso, sería recomendable organizar as mesmas no horario no que contamos na aula coa mestra de apoio.

**Observacións:** As actividades específicas realizáronse segundo o previsto e o desenvolvemento das outras unidades didácticas tamén motivou o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación ou o achegamento ao mundo científico e da robótica.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica foi de especial interese e disfrute de todo o alumnado. Nalgúns casos, resultoulles "alucinante" (nenos que nunca tiveron a posibilidade de usar estes recursos, xa fose porque as familias non dispuñan deles ou ben porque non son partidarios do uso destes medios cos seus fillos). En calquera caso, o que fixemos foi achegalos progresivamente ao coñecemento e ao uso tanto das TIC como ao mundo científico e da robótica, levando a cabo diferentes experiencias de xeito máis específico para que se fosen familiarizando cos aspectos e/ou recursos deste ámbito.

**Observacións:** Esta unidade resultoulles especialmente motivadora e desenvolveuse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Alto

**Propostas xerais de mellora:** AS Tics sempre son un elemento moi motivador nestas idades, pero a introducción na aula dun xeito axeitado foi o que condicionou a práctica educativa. Durante unha media sesión á semana facíanse xogos no encerado dixital en gran grupo para aprender uns dos outros con diferentes dificultades. No terceiro trimestre introduciuse a asemblea dixital, que combinamos coa normal e que tivo moita aceptación no alumnado.

**Observacións:** Aproveitouse a formación do profesorado para introducir novos xogos elaborados polos propios mestres e que tiñan unha implicación directa co que se quería traballar e polo tanto moi axustado aos obxectivos propostos.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
S	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio

**Propostas xerais de mellora:** É preciso destacar a importancia de aumentar as actividades relacionadas coas TIC dentro da aula e dedicarlle un pouco máis de tempo, para así mellorar a súa competencia dixital.

**Observacións:** Non hai observacións a destacar.



Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	34	34	Medio
<b>Propostas xerais de mellora:</b> Esta unidade didáctica resultou dun gran atractivo para os alumn@s ademais do importante que supón a competencia dixital na sociedade actual. Foi a falta de paciencia e persistencia para respectar as quendas cando se traballaba en gran grupo , quizais, unha das maiores dificultades para levala a cabo.					
<b>Observacións:</b> A metodoloxía STEAM favoreceu a iniciación dos nen@s no pensamento lóxico-matemático e outras aprendizaxes básicas incluíndo a temática sobre os debuxos animados que foi o proxecto elixido para este curso. A valoración é positiva ao respecto.					

**UD5: Desenvolvemento de habilidades comunicativas.**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O traballo realizado dende esta unidade didáctica considérase que estivo axeitado, contando coa salvedade dunha alumna que se escolarizou sin ningun linguaxe comunicativo nas linguas oficiais de Galicia. Este motivo fixo que todo o alumnado tomase conciencia da importancia da linguaxe oral como instrumento de comunicaci3n.

**Observaci3ns:** O desenvolvemento desta unidade didáctica foi moi positivo e gratificante, tendo en conta o anteriormente suliiado, xa que a mellora das habilidades de comunicaci3n no grupo e no caso concreto foron espectaculares. Facendo fincaxe na necesidade de contar co apoio de m3is profesorado cando est3 matriculado alumnado que presenta esta caracterista, foi moi estresante principalmente no primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Os cativos e cativas do noso grupo relacion3nse con normalidade a trav3s da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, á vez que participaban en situaci3ns de uso das diferentes linguas.

Tam3n foron descubriendo e interpretando mensaxes noutras linguas: musical, oral, plástica, corporal, ¿ E indagando nas súas posibilidades expresivas.

Esta Unidade desenvolveuse dacordo ao programado dando a posibilidade ao alumnado de expresarse e comunicarse por medio de diferentes linguaxes e empregando distintas técnicas.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O traballo desta unidade considerou bastante axeitado. Tratouse de que o alumnado desenvolverá destrezas comunicativas e que evolucionara desde as primeiras interacci3ns ligadas m3is básicamente á satisfacci3n das súas necesidades primarias ata a adquisici3n de c3digos en diferentes linguas e linguaxes que lle permitiron producir mensaxes m3is complexos. Debido sobre todo a casos concretos, prestouse atenci3n especial ao desenvolvemento de actitudes positivas e de respecto tanto ao repertorio lingüístico persoal como ao das demais persoas sobre todo dentro do grupo aula. A valoraci3n neste caso foi positiva.

**Observaci3ns:** Esta unidade desenvolveuse positivamente xa que se apreciou unha mellora das habilidades de comunicaci3n non só a nivel grupal, sen3n que tam3n a nivel m3is individual en alumnado que presentaba dificultades salientables, polo que a incentivaci3n e a motivaci3n estiveron sempre presentes de cara a conseguir unha participaci3n activa do alumnado. Foron quen de descubrir e interpretar mensaxes noutras linguaxes e formas de expresi3n (artística, musical, corporal, plástica¿) que tiveron cabida nas actividades da aula dunha maneira global e integrada.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesi3ns previst.	Sesi3ns realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto



**Propostas xerais de mellora:** Debemos continuar a traballar a oralidade na aula, a través das diferentes praxias e xogos verbais, que promovan a activación e maduración do aparello bucofonador na súa totalidade, algo fundamental no desenvolvemento da lectoescritura e na interacción social.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Xeneralización das habilidades comunicativas en ámbitos non familiares.

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O traballo realizado dende esta unidade considérase axeitado. Os tempos, o tipo de actividades realizadas, ... estiveron ben programados e, por iso, considero que non cómpre realizar demasiadas modificacións á mesma salvo adaptala aos intereses do alumnado para conseguir así a súa atención.

**Observacións:** O desenvolvemento desta unidade didáctica foi moi positivo apreciándose a mellora nas habilidades de comunicación no grupo. Así realizáronse actividades nas que se empregaron as diferentes linguaxes (plástica, visual, ...) así como a aproximación á lectura e á escritura na que a estratexia da hora de ler que se desenvolve a nivel de centro ten un valor moi importante.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta a problemática que tivemos presente na aula no ámbito de desenvolvemento a nivel comunicativo, especialmente na expresión oral, esta unidade resultounos especialmente necesaria para facilitar que o alumnado do 4º nivel empregase todo tipo de formas de comunicación para chegar a entenderse cos mestres e cos demais compañeiros. Así mesmo, tamén tivemos presente os diferentes aspectos que, con tales habilidades, gardan estreita relación (introdución á lectoescritura, grafo, literatura infantil, linguas inglesa-castelán-galega, etc.)

**Observacións:** Tendo en conta as melloras conseguidas polo alumnado nas habilidades comunicativas e nos aspectos que estas implican, o desenvolvemento desta unidade foi bastante positivo. Ademais disto, engadir que se levou a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** A comunicación é esencial nestas idades xa que axudan á súa socialización cos seus iguais e cos adultos. Tendo en conta que calquera momento na aula é motivo de comunicación, destácase na asemblea o momento de falar, establecendo momentos de fala, de escoita, interese polo contado, e facilitar a participación de todas e todos. No terceiro trimestre intentouse tamén introducir a comunicación a partir dos debuxos, moi positiva e motivadora.

**Observacións:** Tendo en conta as distintas características do alumnado e concretamente cunha alumna que entrou emitindo palabras soltas e que non contestaba ás preguntas, resaltar o positivo que foi que agora mesmo participa contando cousas, responde e con sentido ao que se lle pregunta, e busca comunicarse cos compañeiros/as e coas mestras.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
-------	-------------	----------	------------------	-----------------	-------------



S	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto
<b>Propostas xerais de mellora:</b> Destacar a importancia de realizar máis actividades relacionadas coas habilidades comunicativas, traballando máis xogos verbais para unha maior estimulación do alumnado.					
<b>Observacións:</b> Non hai observacións a destacar.					

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto
<b>Propostas xerais de mellora:</b> O rincón da assemblea foi o noso espazo da aula que serviu de escoita, conversa e outros intercambios lingüísticos que deron resposta a moitas preguntas e puntos de vista sobre diferentes temas. A planificación dos tempos e actividades específicas acerca das habilidades comunicativas dos alumn@s foi moi axeitada.					
<b>Observacións:</b> A evolución nas habilidades comunicativas nos nen@s foi un dos aspectos máis salientables do curso pois foron moitos os recursos que se empregaron para favorecer á aproximación á lectoescritura como a "mochila viaxeira", a "hora de ler", o préstamo de libros da biblioteca de aula					

**UD6: Proxectos relacionados co coñecemento da contorna próxima.**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade tivo un bo resultado dentro da programación para o alumnado xa que a contorna máis próxima súpon unha motivación para explorar e aprender, as saídas para coñecer os espazos cercanos tanto da natureza, (o río, o bosque..) como urbanas, supón unha aprendizaxe máis significativa.

**Observacións:** Suliñamos como unha acción a mellorar, poder contar con máis medios, humanos e de tempo para que o alumnado poda saír máis veces a explorar na natureza dende esa liña de aprendizaxe significativa.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	70		Alto

**Propostas xerais de mellora:** Os Proxectos de Traballo relacionados co coñecemento da contorna gozaron de interese e obtivéronse os resultados agardados.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** A contorna configura a realidade dos nenos e nenas, potenciar a curiosidade infantil cara á contorna, así como estimular unha disposición cara ao seu coñecemento, desenvolvendo destrezas, fomentando actitudes de respecto para que sexan conscientes do seu uso sustentable, coidado e conservación é algo que debemos sempre afondar e que tivemos moi presente nas diferentes propostas enfocadas a este tema. A propia contorna que rodea o centro foi coma unha extensión a aula que favoreceu a autonomía e ademais empregouse diferentes elementos físicos e naturais da contorna que nos axudaron no proceso de ensinanza-aprendizaxe e resultaron significativos para o alumnado. Inclusive plantamos o noso mini horto.

Sería de interese promover máis a exploración de contornas diversas.

**Observacións:** As actividades relacionadas co coñecemento da contorna resultaron de interese e motivantes xa que houbo implicación tamén dende as familias e a AMPA en actividades relacionadas coas tradicións da nosa vila, como foi o propio entroido ou no roteiro literario que promoveron e levaron a cabo na contorna que rodea o centro.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** É importante seguir traballando a sensibilidade e a concienciación da contorna natural, pois o seu deterioro tamén conleva graves consecuencias para os seres humanos. Ademais, debemos afondar no coñecemento da nosa contorna, e dos servizos que nos ofrecen, como xeito de promoción da nosa autonomía e crecemento persoal, así coma o xeito de satisfacer as nosas necesidades.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Ampliar a exploración de outras contornas máis afastadas que poderían ser interesantes para o proceso de Ensino - Aprendizaxe.

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta o bo resultado da programación desta unidade didáctica non se establecen propostas de mellora aínda que si pode valorarse a posibilidade de centrar o interese do alumnado en proxectos de máis peso. Con todo, as pequenas investigacións que realizamos a partir das situacións do cotiá resultan moi motivadoras.

**Observacións:** Esta unidade didáctica sempre resulta de gran interese para o alumnado xa que atopan na contorna a motivación para descubrir e aprender. Conforme o esperado abordáronse pequenos proxectos de investigación de animais (bichos do patio), participamos en tradicións da nosa vila, etc.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica foi de especial interese para o alumnado dado que, ademais de resultarlles próxima, deu resposta a moitas curiosidades que xurdiron durante o curso (animais, plantas, fenómenos atmosféricos, lugares, festas); achegounos a coñecer e participar activamente das celebracións, conmemoración e tradicións da nosa contorna próxima (o Samaín, o Magosto, o Nadal, o Entroido, as Letras Galegas, etc.); etc. Así pois, dado o bo resultado da programación desta unidade, nesta ocasión, non engadirei ningunha proposta de mellora.

**Observacións:** Esta unidade, por tanto, foi de gran aproveitamento para a cativada e levouse a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** O propio entorno do centro é unha extensión da aula e como tal a vivenciamos ó longo do curso. Formando parte moi importante a horta e todo aquilo que ocorre no plantío e no entorno nas distintas estacións. A aula é algo máis que o espazo interior da escola, xa que o entorno de aprendizaxe amplíase á horta, ó patio, a todas as zonas exteriores. E o xeito de aprender vai moi vinculado a manipular e experimentar de xeito directo, directamente na natureza alcanzando así as aprendizaxes significativas.

**Observacións:** A participación e motivación ante as diferentes propostas foi excelente e potenciadora de novas aprendizaxes, máis alá do que inicialmente se pensaba.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
S	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Destacar a importancia de seguir traballando o coñecemento da contorna próxima para concienciar sobre o seu coidado, polo que se poderían programar máis saídas a nosa contorna.

**Observacións:** Non hai observacións a destacar.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade foi moi motivante para os alumn@s pola curiosidade que espertaron os bichos e plantas atopados no entorno natural que rodea a escola unitaria. Como proposta de mellora, quizais, centrámonos demasiado no ámbito natural polo interese que suscitaba nos nen@s en



detrimento do ámbito social.

**Observacións:** Realizouse un pequeno proxecto sobre os cogumelos que culminou coa visita á unitaria dun pai aficionado á micoloxía e que trouxo á aula diferentes variedades que foron o deleite dos máis pequen@s.

**UD7: Proxectos do ámbito lóxico- matemático.**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/05/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** As actividades programadas foron de de interese para o alumnado e o xeito de presentación das mesmas tamen . A maioría dos conceptos que recolle esta unidade forman parte dentro de outras unidades, momentos de aprendizaxe ( rutinas, horas, calendario, ....

**Observacións:** A unidade didáctica programada desenvólvese según a programación , seguindo distintos agrupamentos do alumnado e en distintos talleres, relacionados con as diferentes linguaxes plásticas.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Durante este curso escolar, os nenos e nenas do grupo clase empregaron os cuantificadores básicos máis significativos dentro dun contexto de xogo para, pouco a pouco, pasar a identificar e asociar cantidades.

Os resultados acadados son satisfactorios.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** As actividades do ámbito lóxico-matemáticas tiveron en conta as diferenzas do alumnado atopadas na aula, procurando ser motivadoras e sinxelas e tendo en conta a súa idade, ademais que responderán a súa diversidade e lles facilitaran e incitaran a exploración de obxectos, materiais e espazos a partir da propia contorna e na propia aula nun contexto de xogo.

Os diferentes momentos da xornada escolar serviron tamén para a adquisición das destrezas lóxico matemáticas, como por exemplo nas rutinas diarias como pasar lista, sinalar no calendario o día. Traballouse tanto de maneira global como específica no día a día e a unidade didáctica desenvólvese según o plan establecido sendo os resultados acadados bastante satisfactorios.

**Observacións:** O aprendizaxe das matemática e o desenvolvemento lóxico-matemático son quen de estar presentes dende un primeiro momento e o alumnado aprenderá a través da experimentación e a manipulación sensorial, polo que traballar de maneira global e interrelacionada ao longo das diferentes unidades didácticas estas aprendizaxes axudarán ao alumnado a integrarse na vida social e na cultura da súa comunidade permitindo un desenvolvemento pleno.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Os contidos lóxico-matemáticos forman parte do noso día a día, e por iso débense traballar a través de diferentes materiais e metodoloxías, o que favorece a súa interiorización.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previstas.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Acadar unha maior globalidade en cando ás especialidades (ed. física, música, lingua estranxeira).

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** As actividades programadas foron de interese para o alumnado e o xeito de presentación das mesmas tamén. Moitos dos conceptos que se recollen nesta unidade didáctica son parte de outras e podería cuestionar se cómpre un traballo específico dos mesmos. Con todo, considero que si é oportuno realizar este traballo concreto como forma de darlle valor ao poñelo en relación cos números á hora de facer o calendario, de ordenarnos para facer unha fila, etc.

**Observacións:** A unidade didáctica programada desenvólveuse conforme ao plan establecido. Realizáronse talleres e traballo de mesa co propósito de abordar as cuestións relativas a formas, cantidades, números, ... dunha forma vivida e dunha forma máis abstracta.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A presentación desta unidade naceu co fin de achegalos ao desenvolvemento das capacidades lóxico-matemáticas e todo o que este complexo ámbito implica (conceptos, atributos, conteo, clasificación, comparación, seriación...; cores, números, formas, espazos, tempos; etc.). Para elo, axudámonos de provocar situacións e/ou momentos nos que puidesen descubrir e experimentar (en primeira persoa, nos demais, nos obxectos...) as diferentes capacidades que comprende este ámbito de desenvolvemento, de xeito que as entendesen como aspectos funcionais para o día a día e en calquera tipo de contexto. Por tanto, malia a complexidade dos mesmos, e dado que lles resultaron moi interesantes e á vez motivadores, cómpre aproveitar o tratamento destas capacidades en todos aqueles "momentos" que se consideren máis oportunos, independentemente de que se propoña en actividades de tipo máis específico.

**Observacións:** Esta unidade resultoulles especialmente motivadora e desenvólveuse conforme o previsto.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta a variedade do alumnado hay que presentar os materiais e actividades a levar a cabo atendendo as necesidades de cada un e facilitando o éxito no seu traballo. Foi moi importante facilitar actividades tendo en conta as características e con diferente grado de complicación intentando manter o interese por conseguir mellorar e ir avanzando pouco a pouco na adquisición dos conceptos básicos no ámbito lóxico-matemático.

**Observacións:** O desenvolvemento dos aspectos lóxico-matemáticos foi positivo respectando as diferentes casuísticas e as características das nenas e nenos. Empezando por aspectos moi básicos para ir avanzando paulatinamente en aspectos máis complexos, traballando moito a atención sostida e a observación.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
S	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Seguir traballando os contidos lóxico-matemáticos diariamente e introducir diversas metodoloxías, xa que é un ámbito que forma parte do noso día a día.

**Observacións:** Non hai observacións a destacar.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
-------	-------------	----------	------------------	-----------------	-------------



V	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio
<b>Propostas xerais de mellora:</b> As actividades programadas para desenvolver os contidos do ámbito lóxico-matemático traballáronse tanto nas rutinas diarias como pasar lista, calendario, orde na fila...dun xeito gráfico, manipulativo (clasificación e seriación baseándose en atributos e cualidades de obxectos...., conteo, asociación cantidade/número ...) e tamén interactivamente. O resultado da programación foi bo neste sentido.					
<b>Observacións:</b> Considero que os conceptos lóxico-matemáticos son contidos que se traballan dun xeito global e interrelacionadamente ao longo das distintas unidades posto que as formas , as cantidades, números...forma parte da súa realidade máis inmediata.					



**UD8: Actividades de estimulación da linguaxe oral.**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade ten un peso específico na programación anual, xa que o alumnado desta idade ten xeralmente moitas dificultades a nivel oral e considero que moi importante consolidar un bo dominio da linguaxe comunicativa oral.

**Observacións:** Dada a importancia desta unidade, considero que o mellor teríanse que articular un maior a porte de medios tanto humanos como materiais para unha realización máis positiva.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Foron diversas as actividades propostas para estimular aos nosos alumnos e alumnas: lectura de contos, representacións de sinxelas obras de teatro, xogos de estimulación da lingua oral, Bits de intelixencia, Sendo o obxectivo principal destas propostas aumentar o seu repertorio comunicativo.

Moitas destas actividades desenvolvéronse nun taller levado a cabo en colaboración con Laura, a mestra de apoio.

Pouco a pouco, e facendo unha graduación da dificultade das diferentes propostas, os pequenos e pequenas foron avanzando na adquisición de habilidades comunicativas, nas diferentes linguaxes e formas de expresión.

Foron moitos os progresos acadados polo que os obxectivos pódense considerar conseguidos.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica ten enorme relevancia na programación anual, xa que o alumnado desta idade presentaba moitas dificultades a nivel oral e expresivo, sobre todo un alumno en concreto. As actividades de cara a estimulación da linguaxe oral foron diversas durante a xornada escolar. Contouse coa axuda da mestra de apoio a nivel aula e a mestra especialista en A.L. para prestar axuda a un alumno de maneira máis individualizada.

O alumnado foi quen de avanzar na adquisición das habilidades comunicativas empregando diferentes linguaxes e formas de expresión. Pero cada neno e nena dentro das súas posibilidades e limitacións propias da idade e outras máis específicas.

**Observacións:** O desenvolvemento da U.D. considérase positivo xa que houbo melloría paulatina polo alumnado con respecto a linguaxe oral, a pesar das diferenzas existentes e o caso do alumno en particular. As horas de asemblea ou conto foron momentos da xornada de gran aproveitamento e que derón pé para traballar a adquisición de destrezas comunicativas.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** A linguaxe oral promove a interacción social, e como seres sociais debemos traballar a oralidade e estimular o seu correcto desenvolvemento, así como a correcta pronunciación dos fonemas, aspecto fundamental para poder máis tarde desenvolver a correcta asociación fonema- grafema. Polo

que, a linguaxe oral debe formar parte do horario do alumnado traballándoo diariamente, a través de diferentes xogos de estimulación lingüística, axudando deste xeito a corrixir as dislalias evolutivas que presenta o alumnado destas idades.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Acadar unha maior xeneralización das aprendizaxes .

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade é moi necesaria na programación anual xa que existen moitas dificultades na expresión oral. Considero que, aínda que moitos dos seus contidos se abordan en outras unidades, podería ser de interese dotar a esta unidade dun maior peso e, polo tanto, dun maior número de sesións.

**Observacións:** Unha parte desta unidade didáctica é desenvolvida por parte da mestra de apoio que realizou un traballo excelente co alumnado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Tendo en conta a problemática que tivemos presente na aula na expresión oral (a metade dos nenos presentaban graves dificultades nos diferentes ámbitos lingüísticos, resultou moi difícil comprender o que dicían, xurdían episodios de frustración pola incompreensión, etc.) e que, a pesar de solicitar apoio de AL para os mesmos, non puideron ser atendidos por falta de personal... esta unidade resultounos especialmente necesaria para facilitar que o alumnado do 4º nivel poidese acadar un nivel máis apropiado no desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas. Así mesmo, tamén tivemos presente os diferentes aspectos que, con tales habilidades, gardan estreita relación (estimulación axeitada e funcional, intereses, maduración, ...)

**Observacións:** Tendo en conta as melloras conseguidas polo alumnado respecto da linguaxe oral e nos aspectos relativos a mesma, o desenvolvemento desta unidade foi bastante positivo. Ademais disto, engadir que se levou a cabo segundo o esperado.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
P	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** A estimulación da linguaxe oral é esencial nesta sociedade na que non hai tempo para pararse a escoitar ou mesmo a falar. Polo que propoñer actividades para mellorar o noso medio para comunicarnos oralmente é esencial. Facilitar ás nenas e nenos momentos de mellorar a articulación, a emisión e sobre todo a concienciación da lingua oral.

**Observacións:** Partindo de que tódalas actividades nesta etapa son potenciadoras do uso da linguaxe oral, facilitáronse propostas lúdicas, participativas e sobre todo atractivas para mellorar o uso da linguaxe como medio de comunicación e expresión.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
S	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Destacar a importancia de realizar máis actividades que favorezan a estimulación da linguaxe do alumnado, a través de diferentes xogos e tarefas que sexan de interese para eles. É preciso dedicarlle un tempo determinado á semana para favorecer todos estes aspectos.

**Observacións:** Non hai observacións a destacar.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
V	11/09/2023	21/06/2024	106	100	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Nesta unidades os nen@s de 3 anos participaron activamente nas asembleas grupais para expresar oralmente as súas experiencias e emocións, a escoita de contos e reprodución de cancións vencelladas a diferentes temáticas foron recursos que facilitaron moito as súas necesidades expresivas. Foi unha unidade moi necesaria e con resultados moi positivos.

**Observacións:** O programa PELO foi desenvolvido pola mestra de apoio que realizou un traballo excelente.

**UD9: Educación emocional.**

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
A	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade didáctica ten unha enorme importancia dentro do currículo de E. I. e debese seguir abordándose, incluso con unha maior dedicación en tempo. A xestión emocional( os medos, a ira, tamen a alegría, como a tristeza....) ten unha gran relevancia na práctica diaria da aula.

**Observacións:** O longo do curso realizáronse moitas máis sesións das programadas e contamos tamen coa colaboración das familias para traballar aspectos como o medo a separación (morte).

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
B	11/09/2023	21/06/2024	70		Alto

**Propostas xerais de mellora:** Dende o inicio de Curso, tivemos presente a afectividade como dimensión esencial da personalidade infantil e estivemos potenciando o recoñecemento, a expresión e o control progresivo de emocións e sentimentos.

Aprendemos a saber expresar ideas e sentimentos, a ser quen de situarnos no lugar dos outros, de escoitar e ter en conta desexos, necesidades e intereses diferentes dos propios.

Ademais, os pequenos e pequenas adquiriron un nivel mínimo de tolerancia á frustración, adaptando o seu comportamento as distintas situacións, polo que podemos concluir que a evolución foi satisfactoria.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
C	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** Esta U.D.sobre a educación emocional ten unha enorme relevancia no currículo e na propia aula, xa que se requeriu de diversas estratexias que canalizasen e xestionasen as súas emocións dunha maneira positiva para o logro dunha boa autoestima.

Así tratouse de identificar estas emocións, de expresalas e de intentar resolvelas a partir non só do diálogo e comunicación, senón tamén da afectividade como fio condutor, xa que é a base das aprendizaxes e da aceptación dos demais e dos seus sentimentos. Intentamos escoitarnos e expresar o noso desexo, interés, necesidade ou malestar para entre todos se fose posible darlle unha saída.

A frustración tamén estivo patente pero intentóuse que coas diferentes actuacións estas foran mínimas no tempo.

Os resultados foron bastante satisfactorios pero é un tema de gran complexidade posto que inflúe na conformación da personalidade.

**Observacións:** Na aula atopamos unha serie de dificultades asociadas a xestión emocional e o egocentrismo propio desta idade. Así a frustración, a tristeza ou a resolución pacífica de conflitos foron emocións máis patentes e as que se lles houbo que dedicar máis tempo. Traballouse empregando diferentes técnicas como a da "tortuga" ou ioga infantil entre outras, para darlle solución e aprender a resolver a emoción positivamente, xa que estamos inmersos nunha sociedade na que a educación emocional é un valor esencial.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesiões previst.	Sesiões realiz.	Grao cumpr.
E	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

**Propostas xerais de mellora:** O alumnado debe ser capaz de familiarizarse coas súas emocións e aprender a xestionalas, así como a dar ou buscar resposta ás mesmas, ben acudindo aos iguais, adultos, ou a un espazo da calma. Polo cal, coma docentes debemos seguir traballando en proporcionarlle ao noso alumnado máis estratexias e ferramentas, para que sexan que de afrontar e dar resposta de xeito autónomo as súas emocións.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
F	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Acadar unha maior colaboración familia - escola no tratamento das emocións e a interiorización de valores.

**Observacións:** Débese ter en conta o período de adaptación do alumnado de 4º en canto á consecución dos obxectivos da unidade, especialmente ao longo do primeiro trimestre.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
G	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Alto

**Propostas xerais de mellora:** Esta unidade ten unha enorme importancia e debe seguir abordándose incluso dedicando un maior tempo á mesma xa que, no desenvolvemento da actividade de aula, a xestión emocional ten resultado máis complexa que a adquisición doutros contidos.

**Observacións:** Esta unidade didáctica recolle os aspectos relacionados coa comprensión, identificación e xestión emocional no alumnado dende múltiples perspectivas e actividades. Durante este curso, realizáronse máis sesións das esperadas xa que nos atopamos cunha serie de dificultades na xestión da frustración ou na xestión de emocións como a tristeza que requiriron dedicar máis tempo á mesma.

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
L	11/09/2023	21/06/2024	70	70	Medio

